

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 36

Sesión plenaria
12 de maio de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.4 13980 (11/PNP-001373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

4.5 14584 (11/PNP-001433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

4.6 14661 (11/PNP-001445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 130, do 28.04.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 5204 (11/INT-000354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

5.2 14298 (11/INT-000823)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

5.3 14498 (11/INT-000840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 15674 (11/POPX-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o plan da Xunta de Galicia para reactivar a economía xerando emprego despois dos datos da Enquisa de poboación activa do primeiro trimestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

6.2 15675 (11/POPX-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar ante a crise industrial e a perda de emprego que vive Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 13814 (11/POP-001876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre o nivel de eficacia que está a ter a aplicación dos códigos QR para detectar novos grupos de covid-19 e para controlar a capacidade dos locais de hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

7.2 14576 (11/POP-001973)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura do correspondente expediente para incluír no BIC Torres de Meirás todos os bens mobles que, pola súa vinculación co sitio histórico, deben formar unha unidade e non poden ser desprazados sen autorización.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 130, do 28.04.2021

7.3 15641 (11/PUP-000175)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e sete deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da presenza do galego no mundo dixital

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.4 15665 (11/PUP-000177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a retirada dos bens mobles do Pazo de Meirás pola familia Franco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021



7.5 13740 (11/POP-001865)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre o investimento que vai realizar a Xunta de Galicia no ano 2021 en axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

7.6 15673 (11/PUP-000178)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.7 14290 (11/POP-001936)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre as intencións do Goberno galego de dotar o Hospital da Mariña, en Burela, dunha consulta de cirurxía vascular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

7.8 14591 (11/POP-001977)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as razóns para non chamar a vacinar as persoas aseguradas mediante mutuas privadas na orde e momento que lles corresponde en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

7.9 14562 (11/POP-001971)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Consellería do Medio Rural da implicación do sector primario na convocatoria de Manifestación de interese de proxectos autonómicos promovidos por pequenas e medianas empresas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o plan da Xunta de Galicia para reactivar a economía xerando emprego despois dos datos da Enquisa de poboación activa do primeiro trimestre. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a crise industrial e a perda de emprego que vive Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 29.)

O señor Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 33.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Francisco Rivera (S).* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 40.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Vázquez Domínguez (P). (Páx. 43.)

O señor Francisco Rivera (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 46.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 47.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr Tellado Filgueira (P). (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 55.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 58.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición de lei dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a asunción polo Goberno galego da xestión pública directa das residencias de maiores que se van construír nas sete principais cidades de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes: *rexeitada por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia: *rexeitada por 13 votos a favor, 42 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 63.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e trece deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública: *aprobada por 42 votos a favor, 13 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 64.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a situación do pobo palestino, que é aprobada por asentimento. (Páx. 64.)

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 65.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 68.)

Réplica da autora: Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 73.)

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Ríos Santomé (BNG). (Páx. 75.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 78.)

Réplica do autor: Sr. Ríos Santomé (BNG). (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 83.)

Interpelación de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 88.)

Réplica da autora: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 93.)

Suspéndese a sesión ás tres menos cuarto e retómase ás catro e media da tarde.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nivel de eficacia que está a ter a aplicación dos códigos QR para detectar novos gromos de Covid-19 e para controlar a capacidade dos locais de hostalaría. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Gallego Sanromán (S). (Páx. 95.)



Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 96.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 98.)

Acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as preguntas de don Xosé Luis Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e de don Pablo Arangüena, do Grupo Parlamentario Socialista. (Páx. 99.)

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura do correspondente expediente para incluír no BIC Torres de Meirás todos os bens mobles que, pola súa vinculación co sitio histórico, deben formar unha unidade e non poden ser desprazados sen autorización. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a retirada dos bens mobles do pazo de Meirás pola familia Franco.(Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 100.) e *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 102.)

Réplica dos autores: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 104.) e *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 105.)

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da presenza do galego no mundo dixital. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Domínguez (P).* (Páx. 107.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 108.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Domínguez (P).* (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o investimento que vai realizar a Xunta de Galicia no ano 2021 en axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. (Punto sétimo da orde do día.)



Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 111.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 113.)

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonso e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 114.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 116)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 118.)

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións do Goberno galego de dotar o Hospital da Mariña, en Burela, dunha consulta de cirurxía vascular. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 119.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 120.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleira de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D. Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns para non chamar a vacinar as persoas aseguradas mediante mutuas privadas na orde e momento que lles corresponde en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 124.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D^a María Elena Candia López e 6 deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Consellería do Medio Rural da implicación do sector primario na convocatoria de Manifestación de interese de proxectos autonómicos promovidos por pequenas e medianas empresas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 128.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 130.)

Réplica da autora: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 132.)

Remata a sesión ás seis e vinte da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co turno de preguntas para resposta do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o plan da Xunta de Galicia para reactivar a economía xerando emprego despois dos datos da Enquisa de poboación activa do primeiro trimestre

Ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Os galegos e galegas están vivindo nunha situación de crise de enorme complexidade e non podemos poñer unha venda para evitar recoñecer o mal que o están pasando tantas familias no noso país. Catro titulares destes días poden resultar moi elocuentes. «La tercera ola de Covid barre 21.000 empregos en Galicia y eleva la tasa de paro juvenil al 37 %. La gallega es la comunidad que registró mayor incremento de desempleo en el primer trimestre, un 11 % más. Galicia encabeza la subida del paro en el primer trimestre. Más de 12.000 negocios gallegos han cerrado o despedido a toda su plantilla durante la pandemia. La pandemia se ha llevado por delante más de 2.200 negocios de autónomos en Galicia, una media de 25 cierres al día».

E, polo tanto, temos que recoñecer as dificultades nas que está a economía galega, porque a estratexia de «Salvar o Nadal» errou, levou a unha terceira onda do virus con moita gravidade que tivo os seus efectos económicos. E é certo que, a medida que superamos esa terceira onda no mes de abril e agora no mes de maio, estamos remontando o peor escenario, pero temos que tomar as medidas necesarias, non podemos estar cos brazos caídos ante a maior crise.

A vacina é a principal medida tamén para a reactivación económica, e, cando avanzamos cara a un 70 % dos galegos e galegas vacinados neste verán, estamos tamén establecendo as bases para esa reactivación económica. Pero, ademais das vacinas, é necesario tomar medidas económicas, ter un plan de medidas para reactivar a economía do noso país, que está vivindo unha crise económica moi gorda, unha crise no sector servizos, especialmente na hostalaría, no turismo; unha crise no mundo do rural; unha crise industrial, con problemas en Alcoa, co futuro de Ence, con Alu Ibérica, co sector naval, con Barreras ou Vulcano esperando que vostede vaia, señor Feijóo, con problemas en toda Ferrolterra, onde plantexan un pacto de Estado que non se concreta e que aínda é unha carta aos Reis Magos.

Problemas de emprego en tantos sectores, na banca, en H&M, en Adolfo Domínguez, ERTE en Repsol... Problemas tamén na negociación colectiva coas traballadoras da limpeza buscando unha solución e un convenio digno para as súas condicións de vida na provincia da Coruña.

E polo tanto hai que tomar medidas. Señor Feijóo, vostede está fóra de xogo, está *out* na política económica e necesitamos que tomen medidas para respaldar unha economía que o pasa moi



mal. E non rían na bancada do Partido Popular, teñan a empatía cos desempregados, coas mulleres que saen rezagadas, coa xente moza e tomen medidas. É a hora de usar os fondos que están á disposición, máis de 1.200 millóns nos orzamentos da Xunta de forma extraordinaria, 200 millóns en axudas directas que van repartir dende o Goberno de España. Se non saben que facer cos cartos, póñanos nas mans dos cidadáns, dos concellos, dos máis afectados e fagan política económica. E eu quérolle dicir, señor Feijóo, que é a hora de tomar medidas, é a hora de optar por un plan de reapertura dos negocios que pecharon durante a pandemia, é a hora de adoptar un plan de respaldo ás mulleres para que non saian rezagadas desta crise e un plan de apoio ao emprego para a mocidade galega, que segue tentando vivir neste país.

E é por iso que hai que traballar, que ten a man tendida tamén para perfilar as prioridades para os fondos Next Generation, despois de que pasasen de 7 a 104, a 354 proxectos, proxectos que necesitan ter un consenso, un equilibrio e unha prioridade, e que teñen que contar coas mulleres.

E eu quérolle preguntar, señor Feijóo, a que está vostede esperando para incorporar mulleres no consello de administración da sociedade público-privada que vai xestionar ou orientar os Next Generation. (*Aplausos.*) ¿Non hai en Galicia 9 mulleres, como hai 9 homes, para que estean sentadas nese consello de administración? Cando os fondos de Next Generation loitan pola igualdade real entre homes e mulleres, por que o presidente da Xunta e o Goberno de Galicia despreza as mulleres e non conta con elas para incorporalas nun consello de administración, en pé de igualdade, para dar paridade, para dar igualdade? Conte coas mulleres tamén para orientar a reactivación económica,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e póñanse a traballar. Non podemos perder unha oportunidade histórica e a Xunta de Galicia segue cos brazos caídos sen orientación. Ou nos poñemos todos a isto, ou a caída vai ser máis fonda, máis profunda, e a reactivación, insuficiente con tantas familias que non chegan a fin de mes.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, non creo que esta pregunta e a súa formulación e desenvolvemento sexan un exemplo de orientación. Non sei exactamente o que se pregunta, vou intentar trasladarlle en función do que vostede formalmente pregunta.

Mire, señoría, xa sei que vostede non acepta consellos, pero quen lle propuxo formular esta pregunta debería vostede coidarse desa proposta.



Señor Caballero, de momento é vostede o máximo responsable do Partido Socialista Obreiro Español en Galicia; efectivamente, é o máximo responsable dese partido que pecha As Pontes, que pecha Meirama e que pecha Gamesa. É o máximo responsable dese partido que non cumpre nin sequera coas empresas de titularidade estatal como Navantia, e non hai carga de traballo. É o máximo responsable de buscar problemas e non resolver ningún. É o máximo responsable de que 5.000 persoas estean neste momento con bastantes dificultades para saber se manteñen o seu emprego, refírome ás electrointensivas e, dunha forma nomeada, a Alcoa.

É o máximo responsable de clausurar Ence, e vén aquí a dicir que hai problemas en Ence e en Navantia e en Alcoa. É vostede simplemente un político dunha xeración que aínda non se coñece, que é a xeración da ciencia-ficción. Vostede pertence a un partido que crea problemas e despois bótalles os problemas aos demais. Bueno, é moi sorprendente.

Vén vostede preocupado pola EPA do primeiro trimestre do ano 2021, pero non fala para nada da EPA do pasado ano, nin da EPA do cuarto trimestre do 2020. Vén vostede preocupado pola EPA do primeiro trimestre, pero sen embargo descoñece que durante os últimos 12 meses Galicia é a comunidade autónoma onde máis baixou o paro. É algo moi sorprendente. Veñen falar vostedes dunha enquisa dun trimestre, pero para nada fala de que nos últimos 12 meses Galicia baixou o paro en máis de 20.000 persoas e creou máis de 27.000 afiliados, e é a comunidade autónoma con maior baixada de paro de España no último ano, e vén vostede aquí a falar da EPA dun trimestre. Pois siga vostede falando dos trimestres.

Mire, señoría, a economía en Galicia, ata a pandemia, é unha economía que funcionaba e que funcionaba dunha forma bastante intensa. Levabamos cinco anos crescendo nas exportacións, levabamos cinco anos crescendo no produto interior bruto, levabamos cinco anos baixando o paro e incrementando as afiliacións á Seguridade Social. Pero, se quere vostede coller o ano da pandemia, volvemos outra vez a acreditar que Galicia é unha das comunidades autónomas que mellor resiste a pandemia.

O PIB caeu 2 puntos menos que na media de España, o índice de produción industrial subiu 2,3 puntos máis que a media de España, as vendas do comercio retalista subiron máis que na media de España. Creceu o número de empresas exportadoras, volvíamos a ser unha das poucas comunidades autónomas cunha balanza comercial positiva, entre importacións e exportacións.

Lideramos a caída do paro do último ano. Señoría, volvemos a crear emprego, e resulta que agora temos unha serie de problemas na economía que vostede parece descoñecer, que nin sequera vive nun país chamado España, gobernado polo Partido Socialista Obreiro Español. Somos a terceira comunidade con menor débeda de PIB de toda España, somos a comunidade que máis inviste con cargo aos seus presupostos e somos a comunidade que mellor pagou durante todo o ano 2020 durante a pandemia na metade do tempo que, por exemplo, a Administración xeral do Estado.

Por tanto, señor Caballero, debería ser vostede un pouco máis prudente e debería ser un pouco máis consecuente. Vén aquí a propoñer non sei cantas cousas, pero vostede cando go-



berna no Goberno central, vostede o único obxectivo é crear unha crise industrial en Galicia de 16.000 postos de traballo.

Por iso, señor Caballero, pídlle que sexa un pouco prudente, un pouco consecuente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e sobre todo un pouco realista. Non veña a facer política-ficción e a pensar que o problema de Galicia é que goberna o que os galegos quixeron que goberne. Non, señoría. Temos mellores datos económicos, mellores datos de emprego, mellores datos de crecemento, mellores datos de exportación, mellores datos de balanza comercial, mellores datos de produción industrial. Temos unha economía que está resistindo mellor a crise que na media de España, e sobre políticas económicas, políticas tributarias, políticas fiscais e políticas laborais, por favor, un membro do Partido Socialista Obreiro Español non pode dar ningunha clase no Parlamento de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente, vostede di que os datos do primeiro trimestre da EPA deste ano non son representativos de toda a tendencia. Os primeiros datos deste ano son devastadores para a economía galega en termos de emprego, os peores de calquera outra comunidade. Unha terceira onda que afectou con moita gravidade, pero, se quere ver a tendencia, no ano 2009 a poboación ocupada na EPA en Galicia, 1.156.000 persoas. Antes da pandemia, antes de que chegara a pandemia, 1.096.000. Ese é o seu balance antes da pandemia, e agora evidentemente a poboación ocupada caeu con esta crise que estamos vivindo.

Se vostede quere seguir vivindo nos mundos de Yupi, se vostede quere seguir recreándose nesa ficción na que di que Galicia está nunha situación óptima, se vostede quere olvidarse dos mozos e mozas que non saben facer da súa vida; se vostede quere olvidarse das mulleres que saen rezagadas desta crise; se vostede quere olvidarse dos sectores afectados pola pandemia, ¡alá vostede e a súa responsabilidade, señor Feijóo! Dígalles vostede aos galegos e ás galegas que a situación de Galicia é idílica, que estamos moito mellor que ningunha comunidade (*Aplausos.*) Non llo cre ninguén, o rodillo do Partido Popular non pode estar subido nun pedestal, ten que tocar o país, a terra, ten que estar a pé do país en Galicia para saber de tantas dificultades.

A min gustaríame, señor Feijóo, ser o máximo responsable do que está ocorrendo na economía galega, pero o máximo responsable é vostede, porque ten a lexitimidade e a maioría para gobernar, e alí onde hai unha crise industrial en Galicia, a responsabilidade é do presidente dos galegos e das galegas; alí onde hai máis desemprego a responsabilidade é do presidente dos galegos e das galegas; alí onde hai problemas no sector servizos, a respon-



sabilidade é súa. Non faga un xogo de inverter os papeis, porque os papeis lle corresponden a vostede e a responsabilidade de gobernar é tamén a súa. *(Aplausos.)*

Vostede, señor Feijóo, en materia de política económica, non ten ningunha credibilidade. Vostede non ten credibilidade porque o que está dicindo é diagnosticar unha realidade ficticia, unha realidade na que pode vivir o PP, pero non na que viven os galegos e as galegas. E a día de hoxe vostede ten que tomar decisións. A súa credibilidade, señor Feijóo, cando fala da economía de Galicia é a mesma que ten cando vostede fala do estado de alarma, que ía ser demoledor, que durante estes seis meses ía ser o peor, e que agora vostede intenta plantexalo como unha solución ao país. Non ten credibilidade, señor Feijóo, cando fala do estado de alarma, cando fala de economía ou cando ten onte ao seu conselleiro de Sanidade recriminando o triunfalismo do Goberno de España, á vez que vostede empeza a falar de que imos estar no verán sen mascarillas. *(Aplausos.)* Póñanse de acordo no Partido Popular, pero resolvan os problemas dos galegos e das galegas.

Hai medidas para tomar, hai fondos para gobernar, hai forma de reactivar a economía, e cando eu vexo os proxectos europeos que vostedes levaron ao Consello da Xunta vexo que non hai rumbo. Vostedes aprobaron 354 proxectos nun Consello da Xunta que non ten validez, que ten a mesma forza que se o aproba unha comunidade de veciños...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...en calquera comunidade de propietarios de Galicia, porque non teñen esa disposición, pero sobre todo porque lles falta orientación. Porque incorporan proxectos por exemplo por 700 millóns de euros para facer hospitais públicos que xa tiñan que estar feitos e que hai que facer, e que contará coa responsabilidade do PSdeG para que se constrúan. Pero vostedes o que están dicindo é: non sabemos que facer cos fondos europeos en Galicia, non sabemos como reactivar a economía, non sabemos como utilizar os fondos para impulsar o emprego, e preferímoslos adicar a proxectos que xa estaban en marcha e comprometidos para intentar facer caixa e non resolver os problemas dos galegos e das galegas, señor Feijóo *(Aplausos.)*

É hora de poñerse a traballar. Ten a man tendida do PSdeG, pero hai que activar a economía e baixarse do mundo ficticio para falar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Terminou o seu tempo. Señor Caballero, terminou o seu tempo, moitas grazas. Terminou o seu tempo.

Grazas, señor Caballero. *(Aplausos.)*

Peché desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, presidente.

Comprendo que a vostede lle gustaría ser o máximo responsable da política en Galicia, comprendoo perfectamente, pero de momento é vostede a forza minoritaria de Galicia. Por iso,



señoría, cando vostede insiste e persiste en manipular a realidade, en falar dun trimestre da EPA, en descoñecer todo o que vai de ano no paro rexistrado, ou na EPA, ou nas afiliacións á Seguridade Social, ou na produción industrial, ou nas exportacións, vostede simplemente vén aquí, como é natural, a ver se consegue que alguén, manipulando determinadas cuestións, poida chegar a algunha conclusión sorprendente.

Mire, señoría, quere falar da EPA, falemos da EPA. De acordo coa EPA, o paro en España é do 16 %; en Galicia, do 13 %. Se falamos de paro rexistrado, en España nos últimos 12 meses o paro rexistrado subiu un 2 %, en Galicia baixou un 10,9 %, é a comunidade autónoma con maior baixada de paro de España. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como vostede tiña plantexada a pregunta antes de coñecer os datos de paro, resulta que vostede nin sequer é capaz de reorientar a pregunta para non facer o ridículo espantoso como acaba de facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dígollo dende a máxima cordialidade, ás veces pasa; pero ao que non pode vir aquí é a dicir que Galicia é a peor comunidade autónoma cando Galicia ten os mellores datos de paro de toda España. *(Aplausos.)* Iso non ten ningún sentido, señoría. *(Aplausos.)* Os ocupados a xornada completa, os asalariados indefinidos e os fogares con todos os membros activos e ocupados, Galicia ten mellores datos que o resto de España; fogares activos ocupados 100 %, en España o 77 % e en Galicia o 80,8 %. Colla vostede o que lle pete, colla o indicador que considere oportuno.

Mire, señoría, falar dos fondos Next Generation que isto é unha comunidade de veciños, pero ¿de verdade que vostede está falando en serio? ¿Está falando en serio de que o traballo do comité de expertos, o traballo das principais empresas galegas, o traballo durante un ano da sociedade civil galega é unha comunidade de veciños? Mire, señoría, un pouco de respecto polo traballo dos demais e un pouco de humildade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pola falta de concreción dos seus traballos.

(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señor Arangüena, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Preocúpanlle a vostede as familias e as persoas que non conseguen chegar a fin de mes. ¿E a proposta cal é? ¿Subir o imposto ao diésel, subir o imposto de matriculación? ¿Deixar sen efecto as diminucións na renda ás persoas que contribúen de forma conxunta? ¿A proposta é subir o IVE reducido? ¿A proposta é, señorías, subir todos os impostos co maior hachazo fiscal para dicir que lle preocupan a vostede as clases medias e as clases baixas? ¿Realmente pode facerse máis cinismo que o que vostede vén plantexar aquí? ¿Realmente vostede pode plantexar unha política económica que no que consiste neste momento de maior paro, de maior crise, é o maior incremento de impostos? ¡E ademais negalo! Dobre irresponsabilidade, señoría. A Europa dille que lle van subir os impostos e aquí que son erratas. Señor Caballero, un pouco de respecto pola verdade e un pouco de respecto polos cidadáns.



Mire, moitísimos responsables do Partido Socialista están preocupados polos empregos. A min dáme a ocasión que están preocupados polos seus empregos. Defenda os empregos de Galicia, con independencia de que teña que enfrontarse ao seu partido. Defenda unha proposta do pacto de Estado en Ferrolterra, unha proposta concreta e explícita. Defenda, señora, que non se suban os impostos ás clases medias e ás clases baixas. Defenda que non se poñan peaxes por todas as partes. Defenda Galicia, señor Caballero.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Nunca vai conseguir representar maioritariamente os galegos con este tipo de plantexamentos absolutamente contraditorios entre si, que é capaz de dicir unha cousa ao principio, no medio estar falando do contrario e chegar ao final sen saber do que falaba nin ao principio nin no medio. Pero, señor Caballero, realmente, ¿en que consistía a pregunta? A pregunta que vostede me plantexa é ¿como vai a actividade laboral en Galicia?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Podo dicirlllo, mire, a actividade laboral de Galicia nunha profunda crise económica vai mellor que na media do conxunto de España. E a partir de aí poderíamos seguir discutindo sobre outras cousas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O Partido Socialista tende a man ¿a quen, señor Caballero?

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Levamos varias semanas, meses...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...na Comisión de reactivación...,

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non foron capaces de presentar unha soa proposta.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Estamos esperando...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...queremos aprobar na Comisión de reactivación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...con vostedes ou sen vostedes.

O señor PRESIDENTE: Señor presidente, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a crise industrial e a perda de emprego que vive Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Bo día, señorías.

Sen industria non hai futuro, é unha verdade incontestable que proclaman miles de traballadores e traballadoras nas rúas en defensa dun sector industrial que se desangra. Endesa, Meirama, Siemens Gamesa, Poligal, Isobat, Maderas Iglesias, Vulcano, Barreras, Navantia, Alcoa, Alu Ibérica, Seal, Tennessee, R, Lonia Textil, Adolfo Domínguez, Cándido Hermida, Gabadi... son algunhas das industrias que pecharon ou que teñen dificultades. Unha desertización industrial que é anterior á pandemia, e basta con facer un balance da última década para ter unha radiografía obxectiva.

Señor Feijóo, o seu legado industrial é dramático, deixa un sector na UCI, miles de postos de empregos perdidos e miles de empresas destruídas. Desde que se senta na Xunta, Galiza perdeu 27.200 empregos no sector e pechou 2.947 industrias, jé dramático! *(Aplausos.)* 2.947 industrias pechadas e 27.200 empregos perdidos, esa é a folla de servizos co sector industrial deste país. ¿Como non imos ter logo a xente nova emigrando ante a falta de oportunidades que deixa o seu Goberno? Un desastre sen paliativos que está arruinando comarcas enteiras e que ten dúas causas principais, a súa falta de política industrial e a súa incapacidade para defender os intereses de Galiza, antes e agora.

Leva doce anos no cargo e o máis destacado do seu currículo en materia de industria é o fiasco de Pemex, ¡menudo crack, señor Feijóo! Non foi capaz de impulsar ningún proxecto de alcance, nin foi capaz de salvar ningunha industria. Un bo gobernante ten capacidade para anticiparse aos problemas e busca solucións, pero vostede non é un bo gobernante, só é un bo propagandista.



Miles de empregos en risco ou perdidos en Endesa, en Meirama, Siemens Gamesa, Vulcano, Barreras, Navantia, Seal, Alu Ibérica, Alcoa... e mentres o presidente da Xunta cruzado de mans e facendo o que é a súa especialidade, porque cando hai un problema vostede non busca unha solución, só busca a quen botarlle a culpa. *(Aplausos.)* E non podemos seguir así; urxe, señor Feijóo, un cambio de rumbo para que Galiza gañe pulso industrial. A pandemia recordounos que un país sen industria é un país máis vulnerable non só desde o punto de vista económico, tamén desde o punto de vista sanitario. Polo tanto, deixe de botar balóns fóra e pónase as pilas, os fondos europeos de recuperación son unha oportunidade para poñer en marcha un novo modelo industrial de futuro dentro dunha transición enerxética que ten que ser xusta. E por iso lle pregunto, señor Feijóo, ¿que medidas ten o seu Goberno para frear a sangría industrial que vive este país?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, todas as empresas ás que vostede se acaba de referir, comentáballe ao portavoz do Partido Socialista Obreiro Español, todas e cada unha desas empresas na miña resposta. Parece que vostede tamén tiña a pregunta preparada.

Botarlle a responsabilidade a este Goberno de pechar As Pontes, Meirama e Gamesa é un acto de cinismo que cada 15 días se incrementa con maior facilidade. A única forza política que está en contra do peche das Pontes é o Partido Popular de Galicia. Botarlle a responsabilidade a este Goberno de que Navantia non teña a súa carga de traballa é unha cousa moi sorprendente por parte do BNG. O BNG que non quere facer buques militares en Navantia, e nós que queremos facer as fragatas e un barco ponte. Vostedes simplemente veñen aquí e intentan dicir que nós somos como o Partido Socialista Obreiro Español.

(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señor Seco, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, dicir que aquí o problema é Alcoa, cando levamos defendendo Alcoa durante doce anos consecutivos con todos os gobernos de Zapatero, Rajoy e Sánchez, é unha cousa moi sorprendente, señoría. Iso si, calar sobre o peche de Ence, iso por suposto o BNG é un especialista ao respecto.

Pero —volvo a reiterarlle, señoría— claro que estou preocupado pola situación económica do meu país, non fago outra cousa que intentar traballar para iso; pero non vou asumir a responsabilidade das decisións que non son nosas. E tampouco vou aceptar, señora Pontón, que vostedes —que gobernan co Partido Socialista Obreiro Español— se dediquen a facer no Parlamento unha cousa e fóra outra.



Mire, señora Pontón, os responsables da situación industrial de Galicia que afecta a 16.500 empregos son o Partido Socialista Obreiro Español e o BNG —por esta orde—. E por suposto que o vou seguir mantendo e o vou seguir defendendo e vou seguir defendendo os empregos do país, xa sexan de Alcoa, de Ence ou das Pontes. *(Aplausos.)* Señoría, non se pode vir aquí dicir que hai unha serie de empresas que vostede acaba de referir que están a piques de pechar, ¡que falta de responsabilidade! Volva revisar as empresas que vostede acaba de dicir que están a piques de pechar ou con graves problemas algunhas delas, ¡que irresponsabilidade!

Mire, señoría, Galicia é unha economía especializada na industria e o seu peso estabilízase ao redor do 16 %, case dous puntos máis que a media nacional. Temos exemplos de éxito, xa sei que a vostedes non lles gustan os exemplos de éxito, porque consideran que iso é a capital. Cando a industria vai ben é o capital e cando vai mal é culpa do señor Feijóo. Mire, en 2020 o valor xerado pola industria contraeuse 1 punto menos que na media de España, o índice de produción industrial subiu un 3,5 e en España un 1,2. E por iso, señoría, o emprego industrial do que vostede fala, se quere coller toda a pandemia, resulta que o emprego industrial en Galicia cando empezou a pandemia estaba en 143.000 persoas e agora está en 141.628. Estes son os datos, señora Pontón, por iso imos seguir coas políticas industriais defendendo a industria sen apriorismos, sen ideoloxías...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pechadas. Imos defender a industria forestal, imos defender a industria naval —incluída a da construción militar—, imos defender a industria en Ferrolterra. Propuxémoslle unha proposta, un pacto, aínda non temos ningunha resposta do BNG. Señora Pontón, ¿por que quere pechar Ence?

¿Por que cada vez que traemos unha proposta de enerxía eólica hai unha plataforma por concello titulada polo BNG? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que cada vez que queremos falar de industria renovable vostede vén aquí dicir que hai que eliminar a industria fósil e hai que ir pola industria renovable cada vez que queremos poñer un parque eólico...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...hai unha plataforma liderada polo BNG?

Señora Pontón, defenda dunha vez o país, poña a responsabilidade onde lle toque; e, por favor, deixe de enganar os galegos, que sabemos ler e escribir, multiplicar e dividir.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente, un acto de cinismo é vir a este Parlamento a dicir que o máximo responsable da Xunta de Galiza non ten nada que ver coa crise industrial que está vivindo este país. *(Aplausos.)*

E, mire, se iso é o que lle ten que dicir aos galegos e ás galegas, o máis útil que pode facer por Galiza é pechar o seu despacho e marchar para a casa, *(Aplausos.)* porque este país necesita un presidente que se responsabilice da súa industria e non un presidente que bote balóns fóra. Porque de verdade, señor Feijóo, eu non sei se é consciente de que esas declaracións son unha emenda á totalidade ao labor do seu Goberno e, desde logo, o recoñecemento da súa incapacidade política para salvar a industria e darlle un horizonte de futuro a este país.

Xa sabemos que a súa política industrial consiste en portas xiratorias e, por outro lado, defender que Ence siga contaminando a ría de Pontevedra. Ence ten futuro se cambia a súa ubicación, pero deixe de ser vostede o responsable de hipotecar o futuro de toda unha comarca e traballe na dirección dese traslado en vez de criticar o BNG e dicirnos que a culpa do que pasa no país é nosa, cando vostede está sentado no Consello da Xunta. *(Aplausos.)* Pero ¿que clase de irresponsabilidade é esta, señor Feijóo? *(Aplausos.)*

E, mire, falou vostede dun pacto de Estado por Ferrol. Eu o primeiro que teño que dicirlle é que quedo pasmada de que unha persoa que xa formaba parte do Goberno da Xunta en 2003 descubra agora —ano 2021— que Ferrol ten unha crise industrial como a copa dun pino. É, desde logo, para quedar pasmado, señor Feijóo.

¿Fálanos dun pacto de Estado por Ferrol? Moi ben, adiante. ¿E por que non un pacto de Estado pola Mariña? Porque o futuro desta comarca está pendente dun fío, de cal vai ser o futuro en función do que pase con Alcoa. E, mire, non se trata de defender Alcoa, trátase de defender o emprego deste país, *(Aplausos.)* porque esa é unha parte do problema, *(Aplausos.)* vostede estivo moito tempo defendendo os intereses de Alcoa e non os intereses da Mariña.

E gustaríame saber, señor Feijóo, que nos diga cando foi a última vez que puxo vostede un pé na comarca da Mariña, por algo está fuxido desa comarca. Quizais, señor Feijóo, non está facendo o que tiña que facer.

Pero é que tamén podemos propoñer un pacto de Estado por Vigo, ¿ou parécelle que o sector industrial desta comarca no ten problemas importantes? Non sei se lle soa Vulcano, Barreras ou se escoitou algunha vez falar das deslocalizacións do sector da automoción.

Tamén podemos poñer en marcha un pacto de Estado pola Coruña. Non sei se coñece os problemas en Xeal, Alu Ibérica, Isowat... non sei se lle soan os problemas destas empresas.

E xa postos o ideal sería un pacto de Estado por Galiza, polo seu sector industrial. Pero, mire, quizais en vez de titulares de prensa, propaganda e máis anuncios o que necesitamos é que vostede exerza as súas competencias e que, para variar, probe a ser presidente de Galiza.



E, mire, nós facémoslle proposta: cumpra a lei do sector naval, defenda unha tarifa eléctrica galega como ten Euskadi, poñamos en marcha unha lei para frear deslocalizacións e use os fondos europeos para que cheguen á pequena e mediana empresa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para impulsar... —remato, señor presidente— ...a industria deste país cara a un novo modelo verde, sustentable e innovador. E teño que dicirlle que o que é unha auténtica vergoña é que o futuro deste país agora mesmo estea en mans de Abanca, Naturgy e Reganosa. Non sei en que momento estas empresas, os directivos destas empresas, se presentaron ás eleccións para tomar a decisión económica máis importante. Non sei en que momento se lles votou a estes directivos —por certo, todos homes—. É desde logo unha vergoña que o futuro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...da decisión económica máis importante deste país...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...vostede a deixe en mans de empresas. É que aquí xa non estamos falando dunha...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón, terminou o seu tempo...

A señora PONTÓN MONDELO: ...centralización, o que estamos falando é dunha... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa terminou o seu tempo.

Grazas, señora Pontón.

Señora Pontón, terminou o seu tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Peche desta pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Creo que a mellor parte da súa intervención e a máis clarificadora é a última parte. ¿Vostede cre que a industria se crea, se xestiona, se tutela dende o sector público? ¿Vostede cre que os coches hai que facelos nunha empresa pública da Xunta de Galicia? ¿Vostede cre realmente que as plantas de hidróxeno ou os polígonos eólicos deben ser propiedade, titularidade da Administración autonómica? ¿Vostede non cre que o capital privado é clave para o investimento e a construción do tecido produtivo dun país democrático occidental? ¿Vostede, señoría, pensa que o problema de Galicia é que existen empresas? ¿E á vez que o problema de Galicia é que hai empresas que van mal? ¿Exactamente cal é a súa proposta? Parécelle que nós debemos confeccionar a roupa e vendela nos mercados internacionais?



¿Señora Pontón, cal é a súa política industrial? ¿Cal é a política industrial dun partido que aínda non espertou á situación da economía global e á situación da competitividade da economía?

Mire, na industria naval vostedes plantexan que Navantia non poida facer buques militares; nós plantexamos que si. A central das Pontes a vostedes dálles igual que peche; nós pensamos que non se pode desenchufar algo que funciona antes de enchufar algo que aínda non funciona. E por iso o prezo da enerxía no país é incompatible coa produción de aluminio, coa produción de aceiro e coa produción doutras actividades industriais. Pero a vostede iso dálle igual. Dálle igual que o prezo da enerxía sexa incompatible coa produción industrial porque a vostedes o que lles interesa é simplemente dicir o que toca en cada lugar a ver se así apaño un conxunto de apoios. Non, señoría.

¿Por que vostedes neste momento de crise industrial, cunha empresa que ten unha concesión outorgada, resulta que o que pretenden é deixar sen efecto esa concesión e que 80.000 familias que venden madeira deixen de vender madeira, e que 5.000 persoas que traballan na industria forestal non teñan traballo, e que centenaes de camións que entran e saen todos os días de Ence deixen de ter traballo, e que o porto de Marín deixe de ter a metade da súa actividade?

Señorías, ¿por que cada vez que queremos facer un parque eólico que pasa as declaracións de impacto ambiental temos unha plataforma co BNG á fronte? ¿Por que, señoría, cando traemos as leis ao Parlamento vostede sempre é non? Non ao Plan forestal, non ao Plan do sector lácteo, non á Lei de abandono de terras. Señoría, ¿pero cal é a súa proposta industrial? (*Murmurios.*) Repasamos con moito interese cales son as súas propostas industriais. Do documento que presentaron de 28 páxinas adican 3 parágrafos. Iso si, copian algunhas propostas industriais que están nos fondos Next Generation. ¿Cal é a súa proposta industrial, señoría? 65 proxectos, 9.500 millóns de euros. Esa é a proposta industrial incluída nos fondos Next Generation que a oposición considera unha comunidade de veciños.

¿De verdade que cre que unha fábrica de fibras téxtiles é unha comunidade de veciños? ¿Cre vostede que facer e ampliar unha fábrica para producir vacinas é unha proposta dunha comunidade de veciños, cre que iso non é unha política industrial? ¿Unha política industrial non é adicar máis de 350 millóns de euros ás políticas industriais no presuposto 2021?

Señora Pontón, mire, no diagnóstico podemos coincidir, hai 16.000 empregos que están en risco de extinción no ámbito industrial, e vostede sabe exactamente igual ca min que as decisións que poñen en risco os 16.000 postos de traballo son decisións do Goberno central, e sábeo perfectamente. Soamente hai un problema, vostedes gobernan co partido do Goberno central.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E o que non se pode, señoría, é sorber e soprar ao mesmo tempo. Ou defende a industria de Galicia ou goberna co Partido Socialista Obreiro Español, decida. De momento, sempre decidiu o mesmo o BNG, que é go-



bernar co Partido Socialista Obreiro Español. Cun Partido Socialista Obreiro Español que está destruindo empregos no país e que o saben os traballadores de Meirama e que o saben os traballadores das Pontes, e que o saben os traballadores de Navantia e que son perfectamente conscientes os traballadores de Alcoa, e que o saben os traballadores de Ence. Señoría, eu veño aquí defender os traballadores con independencia da adscrición ideolóxica de cada un deles, porque defendo os galegos e máis nada.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Iso é o que podo dicir e o que levo facendo durante 12 anos, gústelle ou non lle guste, señora Pontón. Eu estou aquí para defender o meu país, para defender Galicia, non para vir aquí con propostas industriais que non existen...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e para dicir que o problema dos problemas industriais das empresas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é a Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Con todos os respectos, señora Pontón, decídase dunha vez...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ou soprar ou sorber. Ou estar a favor dos traballadores ou seguir gobernando co Partido Socialista Obreiro Español.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas, señoría. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día, que é de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes



Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír o texto do segundo punto da parte resolutiva polo seguinte:

«2. Que, co obxectivo de evitar a distribución discrecional e partidista de fondos públicos, previo consenso coa FEGAMP, se proceda á elaboración e aprobación dun plan único de reparto das transferencias non finalistas aos concellos, que aglutine tanto os recursos do Fondo de Cooperación Local como as achegas doutros programas de cooperación autonómica destinados aos concellos de Galiza».

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Hoxe seguro que lles pode parecer que vos veño contar un conto, un conto ao que vou titular tirando de refraneiro popular «o que parte e reparte queda coa mellor parte».

O problema é que o que hoxe traemos aquí os socialistas, o que demandamos non é un conto, é unha realidade. Unha realidade que se dá aquí en Galicia, que se leva dando nos doce anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, un Goberno elixido para xestionar os recursos públicos, é dicir, os recursos que son de todos os galegos e de todas as galegas, pero que emprega boa parte deses fondos públicos para beneficiar determinados territorios nos que o único criterio obxectivo de repartición é ter un Goberno do Partido Popular.

Miren, o PP leva gobernando Galicia doce anos de xeito ininterrompido e con maiorías absolutas, prometendo unha e outra vez que ía abordar o financiamento das entidades locais galegas. Pero a realidade é que prefire seguir empregando a forma de repartición caciquil que favorece a dedo os que teñen a súa mesma cor política. Un Goberno que no seu programa electoral de 2020 volve manifestar literalmente que se comprometen a revisar o financiamento dos concellos a través do fondo de cooperación local, pero que, como sempre fai este Goberno, fai que fai. Manifesta o seu compromiso no papel para despois quedar en papel mollado. Unha vez máis promesas de papel.

Señores e señoras deputados, vostedes saben perfectamente que é necesario abordar xa unha lei de financiamento local que regule o fondo de cooperación local; unha lei que vén sendo demandada reiteradamente pola Fegamp ano tras ano; unha lei que responda ao acordo tomado no seo da Fegamp por unanimidade de todos os grupos políticos, tamén polo Partido Popular; unha lei que clarifique a participación anual das entidades locais nos ingresos da comunidade autónoma, así como os criterios de repartición; unha lei que ademais integre



unha parte das axudas e subvencións anuais que a comunidade autónoma destina ás entidades locais.

Durante os doce anos de Goberno de Feijóo en Galicia a participación nos ingresos da comunidade autónoma a través do fondo de cooperación local non se incrementou nin un só euro, seguen sendo, igual que no 2009, case 113 millóns de euros. Mentres que —e vólvolles recordar— no Goberno Touriño se incrementou en tres anos en case 28 millóns de euros.

Vostedes saben tamén que é absolutamente necesario, e tamén acordado e demandado reiteradamente no seo da Fegamp, pactar as normas e bases comúns que rexan as convocatorias existentes de subvencións e axudas aos concellos. Pero a este Goberno galego do Partido Popular tampouco lle interesa, porque así distribúe unha boa parte dos fondos públicos a través de convenios de colaboración nos que, como lles dicía antes, o único criterio obxectivo de distribución é ter un Goberno do Partido Popular, afirmación que coma sempre vou respaldar con datos.

Pois, miren, estes son os convenios asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda durante os anos 2019 e 2020. Máis de 10 millóns de euros de fondos públicos, públicos, dos que foron beneficiados 99 concellos; 9 de cada 10 concellos beneficiados, cun Goberno do Partido Popular, e 9,3 euros de cada 10 repartidos foron para concellos do Partido Popular.

Fíxense, 10 millóns de euros que ben podían ter incrementado o fondo de cooperación local para poder repartir entre todos os concellos galegos en igualdade de condicións. *(Aplausos.)*

E a última mostra, aínda que seguramente non a derradeira, dese modo de repartir os fondos públicos por parte da Xunta de Galicia acábase de producir hai uns días. Pois, miren, o 8 de marzo a Consellería de Medio Ambiente, á que facía antes referencia, publicou unha orde pola que establece as subvencións en réxime de concorrència non competitiva, é dicir, aquelas que segundo van entrando as solicitudes se vai esgotando o crédito; esa é a concorrència non competitiva; e que están destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación de menos de 20.000 habitantes, cun crédito de algo máis de 2 millóns de euros. Unha subvención que na propia exposición de motivos a consellería manifesta que a finalidade destas axudas é humanizar as vilas galegas, atendendo á realidade socio-demográfica de cada unha delas, aplicando unha nova visión sobre as nosas urbes enfocadas nun futuro e nas persoas, para o que a Xunta considera que é preciso acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento potenciando as infraestruturas e os servizos. En definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida da súa poboación.

O que ocorre é que o Partido Popular debe pensar que non todas as vilas galegas merecen un trato semellante e adaptado á súa realidade, ou que o benestar e a calidade de vida dos galegos e das galegas non é igual dependendo da cor política do concello onde vivan. Pois resulta que esta convocatoria se publica no DOG o 8 de marzo, ábrese o prazo de presentación o día 9 as 00.00.01 e os créditos esgótanse ese 9 de marzo ás 00.09.43. É dicir, en 9 minutos e 43 segundos esgótanse os créditos destinados a esta subvención. A verdade é que cando menos podería resultar curioso, porque para solicitar esta achega hai que presentar documentación e cubrir impresos nunha plataforma.



E, mire, voules mostrar dunha maneira moi gráfica os distintos resultados, cando a convocatoria é en concorrencia competitiva, é dicir, que todos os concellos poden presentar durante un prazo e logo faise unha prelación, ou cando é en concorrencia non competitiva, como é neste caso, por exemplo, que como dicía antes é por orde de entrada e ata esgotar os créditos consignados. Pois, mire, esta é a gráfica —como di unha compañeira, os queixiños— da subvención en concorrencia non competitiva no ano 2018. Neste ano tamén se esgotaron os créditos en 12 minutos e 18 segundos; é dicir, tardaron 3 minutos máis que nesta convocatoria de 2021 en esgotar os créditos. Pois ben, nesta convocatoria para o ano 2018, que, por certo, adican case o dobre que cando é en concorrencia competitiva, pois máis de catro millóns de euros para 19 concellos, 8 de cada dez concellos son do Partido Popular; 8,3 de cada 10 euros son para concellos con gobernos do Partido Popular.

Mentres que cando as subvencións son en concorrencia competitiva, por exemplo no ano 2019 —non sei se se ve ben pero creo que é bastante gráfica a diferenza—, pois resulta que primeiro son menos cartos, 2,7 millóns de euros para 35 concellos, tamén son máis concellos, e resulta que cinco de cada dez concellos aquí son do Partido Popular, e cinco de cada dez euros son para concellos con gobernos do Partido Popular.

Polo tanto, a diferenza é bastante gráfica e, ademais, adáptase máis a realidade política dos concellos existentes gobernados en Galicia polos distintos partidos políticos. *(Aplausos.)*

Miren, señores e señoras do Partido Popular, neste caso diríxome a todos os deputados e deputadas, sexan vostedes valentes e, se de verdade son municipalistas, como vostedes din moitas veces nesta tribuna, voten a favor desta PNL. Entre todos acabaremos con este xeito de repartir os fondos públicos que deben servir para mellorar a vida de todos e de todas as galegas.

E, mire, pedimos algo tan sinxelo como que todas as subvencións convocadas pola Administración autonómica dirixidas a concellos sexan en réxime de concorrencia competitiva, con criterios claros, obxectivos e previamente consensuados coa Fegamp. Que se elabore no primeiro semestre deste ano un plan a cinco anos para acometer actuacións orientadas, como dicía, nesta convocatoria de subvencións a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas e servizos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida da súa poboación, para todos os galegos e para todas as galegas en concellos con poboacións de menos de 20.000 habitantes. Un plan, señores e señoras do Partido Popular, un plan non un reparto a dedo dos fondos que son de todos e de todas.

E, por último, pedimos enviar ao Parlamento unha relación das solicitudes presentadas por orde de chegada, así como da documentación presentada por cada un dos concellos solicitantes.

Mire, os socialistas rexeitamos unha vez máis o sistema de repartición a dedo dos fondos da Xunta de Galicia, un sistema caciquil que non respecta a autonomía local, que non está baseado nun plan de reequilibrio territorial de Galicia, que non procura a cobertura básica de servizos para toda a cidadanía....



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... independentemente de onde vivan —remato xa—, que non cumpra os principios de transparencia e obxectividade contemplados na lei de transparencia e bo goberno de Galicia, e que non respecta a lei de subvencións de Galicia.

Espero que vostedes voten a favor. Estamos dispostos incluso, aínda que non tiveran presentado ningunha emenda, a chegar a un acordo, pero o importante é que decidan se están de acordo co municipalismo e que están de acordo coa súa autonomía ou que non, e de vostedes depende. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Permítame un inciso. No Pleno pasado, practicamente a totalidade das persoas que pasaron por esta tribuna fixeron referencia a Ourense. Eu por un momento pensei que Ourense lles preocupaba, nada que ver. É dicir, hoxe neste Pleno Ourense non importa para nada e seguimos na mesma situación, seguimos sen ter orzamentos, seguimos sen ter plano de ordenación municipal, seguimos con todas as concesións en precario, seguimos perseguindo a cultura e o sector cultural, pero semella que xa pasamos de moda e isto non importa. O único que lle importaba ao Partido Popular eran dúas cousas: devolverlle a honra a Jácome, eu penso que debería o bombeiro pirómano que fixo esas manifestacións render contas e aclaracións nesta Cámara; e o segundo que lles importa non é a liberdade, son as liberacións, en concreto as súas liberacións, exclusivas ou a tempo parcial, pero o único que lles importa non é Ourense, senón as súas retribucións. *(Aplausos.)* Dignifiquen a institución, pidan perdón á cidadanía e, sobre todo, corrixan e permitan esa moción de censura que a cidadanía demanda e que a cidade necesita.

Ben, en relación con esta iniciativa, presentada polo Grupo Parlamentario Socialista no mes de abril, que máis ou menos é idéntica ou análoga á que xa presentamos no mes de marzo, parte da Orde do 5 de marzo de subvencións para infraestruturas en concellos de menos de 20.000 habitantes. E xa daquela nós tamén demandabamos que se fixera en réxime de concorrencia competitiva, desbotando como único criterio que as solicitudes, orde de presentación das solicitudes. Á marxe doutra cousa, porque como se pode intuír tamén da manifestación da voceira socialista, unha pequena filtración, un pequeno tráfico de información desbotaría ese sistema. Pero, ademais, en todo caso, ese sistema é altamente ineficiente, é evidente. Se o que falamos é dunha convocatoria de subvencións para humanizar vilas, para dotar de mellora de nivel de servizos públicos, para asentar poboación, para valorizar o patrimonio histórico cultural, ¿cal será o mellor criterio para adxudicar eses re-



cursos públicos, que non privados, ese recursos públicos? Pois os proxectos que mellor respondan a esa calidade de vida, que mellor atendan os servizos á poboación, que máis postos de traballo xeren, que maior sirvan para valorizar e para dar a coñecer o patrimonio histórico e cultural das nosas vilas, que en moitos casos se está a estragar por falta de recursos económicos para poder atendelo; e mesmo tamén se podería utilizar un principio de discriminación positiva en todas aquelas vilas que menores recursos teñan pois poidan ter un sistema de compensación para acceder a esas achegas públicas. De sentido común. Se ese realmente é o obxectivo que perseguimos, eses deben ser os criterios que se utilicen para poder adxudicar esas subvencións, todo o contrario do que propón o Partido Popular.

Xestionar, gobernar e administrar recursos escasos e seleccionar eses proxectos, os mellores proxectos nos cales investir. E nada diso, por ese sistema ao que facía referencia a señora Rumbo, esa concesión de subvencións por orde de presentación vai en sentido contrario. ¿Por que? Porque e primeiro lugar, non todos os concellos de menos de 20.000 habitantes, en concreto moitos dos concellos do rural ourensán non dispoñen dunha boa conexión á internet, non poderían participar en condicións de igualdade, non poderían participar nese sistema de adxudicación ou de concesión de subvencións, e fálolle de concellos gobernados polo Partido Popular (Paderne de Allariz) e fálolle de concellos gobernados polo Bloque Nacionalista Galego (Verea). Non teñen as mesmas condicións para participar nesa repartición de recursos públicos que calquera outro concello deste país. E mesmo dependendo da estrutura de persoal, porque aquí, como se falou, as adxudicacións son a partir das doce da noite. Os concellos que teñen pouco persoal, os concellos que son respectuosos coa conciliación familiar e laboral do seu persoal ¿poderán competir nesas adxudicacións? Está claro que non, que isto vai en contra dun principio, por suposto, absolutamente ineficaz pero tamén cun principio de cohesión territorial. Mesmo se penalizarían os mellores proxectos, os proxectos máis ambiciosos, os proxectos que teñan máis documentación, terían maior carga para poder acceder, en condicións informáticas normais, para poder acceder a esa convocatoria. Tamén os postos que xeren máis postos de traballo, os postos que contribúan á integración, á valorización do patrimonio; os postos que teñan máis complexidade, mesmo que requiran de investimentos non só públicos, senón tamén privados, terían a dificultade para poder presentar esa documentación seria en apenas 24 horas.

Por certo, unha aclaración, xa que a voceira do Partido Popular sabe algo disto eu o que non entendo é como no 2018 poden ter en conta o rexistro de solicitudes en día inhábil. O sábado, o problema é que o presentaron o sábado dende 2016 é inhábil e, por tanto, están validando actuacións públicas realizadas en momentos inhábiles.

Pero, saben, o máis triste de todo é que estes criterios de adxudicar a obra, adxudicar a subvención, o primeiro que pase por aquí, fano con recursos públicos pero eu teño para min que non o farían para recursos privados. Se do que están falando é da reforma da sede de Génova, non a darían á primeira construtora que pase por aí e que diga: eu fago a obra. Non, estarían tendo en conta o prezo, estarían tendo en conta os materiais ou se cobran en A ou en B; é dicir, terían en conta outros factores que non son a mera prelación temporal.

En todo caso, e como falaba a voceira socialista, isto é un aspecto máis, pero temos que ir, como falamos o outro día na Comisión 1.^a tamén, a un criterio permanente e de futuro, un



criterio respectuoso coa autonomía municipal e respectuoso coas funcións que teñen os nosos concellos, un sistema obxectivo, transparente e previsible. Polo tanto, que se reduza todo o posíbel, hai casos en que son subvencións que veñen de Europa e non son sería posíbel, pero en todo o que sexan fondos propios que se reduzan ou que se eliminen as subvencións finalistas. Non son respectuosas coa autonomía local, que cada concello faga a súa planificación, teña os seus recursos e estableza en que investir de acordo cos seus criterios e as súas prioridades.

As partidas e as transferencias deben integrarse nun fondo de cooperación local e que distribúa entre as diferentes entidades locais conforme criterios obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que os concellos teñan clareza para saber cales van ser os seus ingresos, de que van dispoñer e que se faga con criterio non arbitrario, con criterios previamente establecidos, porque, miren, cando hai discrecionalidade, o Partido Popular incorre, como xa se puxo de manifesto, incorre en absoluta arbitrariedade, e a discrecionalidade e a arbitrariedade non é o mesmo, aínda que para o Partido Popular é así.

Dos 407 millóns orzados ou previstos no orzamento da Xunta o 72 % son fondos de reparación absolutamente discrecional, discrecional que se acaba convertendo en arbitrario. Os convenios en materia de urbanismo e vivenda, se tecleamos na web de transparencia, dos 24 convenios asinados en 2020 os 24 son para concellos do Partido Popular. Se vemos en materia de deporte, dos 15 convenios que saen nesa materia, 14 foron adxudicados ao Partido Popular, a concellos gobernados polo Partido Popular, e isto é un carimbo propio da Xunta de Galiza e tamén da Deputación Provincial de Ourense, de todas as institucións nas que vostedes están gobernando. Establezan un sistema xusto, previsíbel e respectuoso coa autonomía local e, sobre todo, que sirva para administrar eficientemente e eficazmente os recursos que son públicos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías, como cuestión preliminar cómpre sinalar, señora Rodríguez Rumbo, porque, claro, aquí din moitísimas cousas que empezan a confundir a xente, pero o procedemento ordinario de concesión de subvencións, tal e como establece a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, é o de concorrencia competitiva; por iso a gran maioría das subvencións convocadas pola Xunta de Galicia se establecen neste réxime para a concesión de subvencións. E tamén é certo que existen algunhas excepcións a esta regra xeral nos supostos tamén nos que segundo o disposto nesa lei, porque aquí ninguén inventa a lei nin salta a lei, cando polo obxecto e finalidade da subvención non é necesario realizar a comparación de solicitude, e entón pode optarse polo procedemento de concorrencia non competitiva —non é un invento



nin da Xunta do PP, nin do Partido Popular, porque vostedes alí onde gobernan tamén o coñecen ben— no que a selección dos beneficiarios atende a outros criterios obxectivos, como a data de presentación da solicitude ou a concorrència doutras circunstancias. Por poñerlle un exemplo, no caso da liña non competitiva do fondo de compensación ambiental, a convocatoria destínase a aqueles concellos cuxo termo municipal estea dentro da poligonal da delimitación dun parque eólico, e igualmente os afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, tal como establece a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia.

Vostedes, señorías, pretenden xerar confusión mediante a falsa identificación do réxime de concorrència non competitiva cun réxime desigual ou subxectivo, e esta afirmación é completamente falsa —e dígollo aos dous voceiros—, xa que a propia lei delimita os supostos nos que procede, os casos nos que as circunstancias concorrentes nos potenciais beneficiarios son iguais, e non se pode establecer un criterio de prelación entre elas, e polo tanto trátase dun sistema totalmente obxectivo e tamén excepcional que procede unicamente nos supostos delimitados legalmente.

Os datos das subvencións convocadas no ano 2020 pola Xunta de Galicia, xa o dixo na comparecencia a pasada semana a directora xeral de Administración Local, confirman esta afirmación: en máis dun 70 % das convocatorias de axudas que teñen como beneficiarios os concellos en Galicia estableceron o réxime de concorrència competitiva.

E así vostedes falan dunha repartición partidista, tamén a través de convenios, tamén está previsto na lei, no artigo 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que prevé a posibilidade de concesión directa de subvencións nos supostos taxativamente establecidos no referido precepto legal. E esas subvencións concédense efectivamente mediante resolución ou convenio de colaboración, e serán estes instrumentos mediante os que se canalizan onde se establecen as condicións e os compromisos aplicables.

Tamén se indica aí no convenio o carácter singular da subvención e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública. Non son alleos a isto, vostedes alí onde gobernan asinan convenios, e vostedes cando gobernaron, e vostede, señora Rumbo, que foi directora xeral da Administración Local, ¿cantos convenios leva asinados? ¿Cantos convenios leva asinados! Si, si, voullo dicir agora, voullo dicir agora, non se preocupe. Non dialogue, como di o señor presidente.

En determinados casos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, non, pero tamén poderei dicilo, ¿non? Haberá que respectar a quen está no uso da palabra, home, é que eu non interrompín ninguén, non interrompín ninguén.

En determinados casos, os concellos manifestan concretas necesidades extraordinarias, urxentes, inaprazables e sobrevidas, que adoitan acentuarse pola confluencia doutros factores; por exemplo, que non haxa ningunha convocatoria en concorrència á que poida acollerse ese determinado proxecto, nin que se prevexa nas próximas datas, ou a falta de recursos dos pequenos concellos para poder acometer as actuacións nun marco orzamentario restritivo de austeridade e control do gasto público.



Pero diso vostedes non entenden, porque teñen o maior Goberno da historia da España democrática e tamén con máis número de asesores no contexto económico no que nos atopamos, ¿verdade, señora Rumbo?

Pero, bueno, en definitiva, é a imposibilidade da entidade local para afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto do convenio representa para a facenda local. Por tanto, estes convenios de colaboración responden a un interese público e social.

E, mire, falou vostede das discrecionalidade nos convenios, voulle dicir eu o que facían vostedes cando gobernaban. Pois, mire, o Goberno bipartito tramitou convenios no ano 2008 por valor de 1,95 millóns de euros, dos que o 87,4 % foron parar aos concellos nos que gobernaban os socios do bipartito, sos ou acompañados. É dicir, 8,7 euros de cada 10, señora Rodríguez Rumbo, que lle gusta tanto poñer os euros nos datos, 8,7 de cada 10. Case o 90 % do gasto para o 43 % dos daquela 315 concellos que gobernaban entre PSdeG e BNG. E para o 57 % que gobernaba o PP, o 10 % dos convenios. Iso si que era unha repartición equitativa.

Pero, mire, nada igual se fixera na historia de Galicia nunca, nin se fai agora tampouco, señora Rodríguez Rumbo, pero sen remontarnos ao bipartito, podemos falar da Deputación de Lugo, da presidida polo machista socialista, o señor Tomé Roca, que por certo a súa lideresa moito falar, pero o feminismo demóstrase andando, menos dicir de boquilla que este señor é un machista e a ver cando lle retiran o apoio ao señor Tomé Roca para que deixe de ser presidente da Deputación de Lugo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O do feminismo demóstrase andando.

Pois mire, o da Deputación de Lugo, a vostede que lle gustan tanto os quesitos señora Rumbo, mire esta é a repartición que fai o Partido Socialista, 67 concellos na provincia de Lugo, 32 do Partido Popular. Só leva o 4 %; o resto, o 92 % dos convenios da Deputación de Lugo onde vostedes gobernan é para os gobernos das súas cores. E, sen embargo, este plan que vostede vén aquí a criticar tanto, o Urbe, mire a repartición, mire a repartición no Urbe. O 40 % para concellos do PP, e gobernamos en case o 50 %, e o 60 %, jo 60 %!, para PSOE e BNG. No Urbe, ese que vostede acaba de criticar, concorrencia non competitiva, señora Rumbo. Mire vostede a diferenza entre convenios e concorrencia non competitiva, na mesma provincia, na mesma provincia (*Aplausos.*) Vostedes veñen aquí dicir unha cousa cando están na oposición e din e fan a contraria cando gobernan. Por tanto, leccións cero, señora Rumbo, leccións cero.

E, mire, a distribución das axudas por cor política no Urbe, de 39 axudas só foron 23 para concellos do PP, non sei. E señor Tabarés, por certo, efectivamente dende a Lei do 39/2015, os sábados deixaron de ser hábiles, pero a efectos de prazos. Eu recoméndolle que revise, si, claro, porque a efectos de rexistro os sábados funcionan, eh. Entón, por favor, clases (*Murmurios.*) despois xa da clase do dereito..., non me interrompa que eu non o interrompín. (*Risos.*) Despois da clase de dereito constitucional que nos deu un día na comisión 1.^a (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.



A señora PRADO DEL RÍO: ...agora que nos veña a dar clases de dereito administrativo..., señor Tabarés, francamente revise os apuntes de dereito administrativo da carreira, porque alí están estas cousas.

E ademais, miren, señores do BNG, os galegos esperan que gobernemos para todos, e iso é o que se espera de calquera Administración, de calquera Administración incluso da local, salvo para os do BNG, que gobernan para todos pero primeiro para eles, e temos o exemplo moi claro das corruptelas en Pontevedra. Vimos recentemente como, á parte de darlles contratos aos seus amigos, a licenza de primeira ocupación da casa do alcalde tardou 20 anos en darlla. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Fale de Pontevedra, fale de Ourense, pero fale tamén de Pontevedra. ¡20 anos, e non pasa nada! Iso non son corruptelas, iso non é un sistema caciquil. Iso está moi ben. ¿Por que? Porque o fai o señor Lores, o superalcalde de Pontevedra. Mire, leccións ningunha, señor Tabarés. Lecções ningunha.

Miren, sobre financiamento local, señora Rodríguez Rumbo, vostedes reclaman unha lei e levan tres anos gobernando en España, xa llo dixen o outro día. Levamos anos reclamando reiteradamente ao Goberno central a definición dun novo modelo de financiamento autonómico e local, que dea certeza dos recursos cos que pode contar cada Administración, e que teña en conta as particularidades dos concellos galegos na súa distribución, como os factores demográficos e a dispersión demográfica.

Nós por suposto que estamos de acordo co municipalismo e coa súa autonomía, pero é o Estado o que debe de clarificar o sistema de financiamento das administracións, autonómica e local. E vostede sábeo, e ademais é que hai un pacto coa Fegamp para facelo, e eu non sei, señora Rodríguez Rumbo, por que vostede obvia todas estas cousas e está constantemente reclamándolle á Xunta de Galicia unha cousa que ten que vir do Estado. O que pasa é que agora gobernan e é como se vostedes, ademais de ser comentaristas da pandemia, son comentaristas de todo. Gobernen, empecen a gobernar España, por favor, e deixen de reclamarlle á Xunta de Galicia competencias que teñen vostedes alí onde gobernan, señora Rodríguez Rumbo.

Miren, efectivamente que existe unha incerteza sobre o novo sistema de financiamento autonómico, vémoslos todos os días cos agravios que fai o Goberno de España a Galicia, saltándose por todas as partes o financiamento autonómico, xa o que nos corresponde, pero encima inventan novas porcentaxes para poder prexudicar Galicia e beneficiar outras comunidades que lles vén mellor a vostedes por cómputo de deputados no Congreso dos Deputados, ¿verdade, señora Rodríguez Rumbo? Pois, mire, non. Nós queremos certezas para o financiamento autonómico e a partir de aí teremos certezas no financiamento local. Obviar isto é obviar a realidade.

Miren, remato. Remato apelando á seriedade nos plantexamentos, señora Rodríguez Rumbo; non poden facer unha cousa onde gobernan e pedir a contraria cando están na oposición. E non poden pedirlle á Xunta que estableza un novo marco de financiación local cando ten que partir do Goberno do Estado, no que levan tres anos. E nós a esta proposta, se nos deixa votar por puntos, pois votaremos o punto número 3 por separado.



Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, señora Prado del Río, eu comprendo que a vostede hoxe aquí lle toca un papelón, ter que defender... Si, si, si, totalmente, tócalle un papelón. Ter que defender esta forma de repartición dos fondos públicos. Eu tráiolle mostrás, tráiolle datos e tráiolle gráficos que recollen o que fai a Xunta de Galicia, que é ao que vimos aquí, é aquí, e este é o foro no que temos que cuestionar a forma de gobernar da Xunta de Galicia.

Xa lle dixen o outro día na comparecencia á directora xeral de Administración Local que, se nas deputacións os representantes do Partido Popular non teñen argumentarios ou non saben defender, prepárelle vostede. ¡Prepárelle vostede os argumentarios para que alí se defendan!

Pero, mire, a min que me veña falar de deputacións, é que a verdade é que resulta ata curioso, porque tamén teño unha gráfica, señora Prado del Río. Mire, o Plan único de concellos 2021 das deputacións, a Coruña destina un 35,01 % do seu orzamento para 93 concellos, que sae a unha razón —se fixeramos unha media— de 694.623 euros para cada concello. A Deputación de Lugo ten un plan único ao que adica o 23,24 % do seu orzamento, e que lle corresponden aos 67 concellos 320.895 euros. A Deputación de Pontevedra adícalle un 25,84 % do seu orzamento, e correspóndenlle 696.721. ¿Sabe canto lle corresponde á Deputación de Ourense? Pois, mire, o 9,06 % é o que destina para os concellos, para 92 concellos e correspóndenlle 78.500 euros para cada concello.

De todas as formas, dentro de pouco o Consello de Contas debe entregar aquí o informe sobre a Deputación de Ourense. Teremos ocasión de analízalo, señora Prado del Río, vaia preparando os seus quesitos. Teremos ocasión de analízalos. *(Aplausos.)*

Mire, vostede fala do financiamento local e que a Xunta de Galicia espera, ¿a que espera? Porque, mire, cando gobernou Touriño, no Goberno Touriño, as condicións eran exactamente as mesmas pero iso non impediu que se incrementara o fondo de cooperación local en 28 millóns de euros, 28 millóns de euros. Exactamente igual ao que hai agora mesmo doce anos despois en que levan vostedes gobernando, vostedes gobernando, vostedes. *(Murmurios.)* E tamén no Goberno Touriño asinou un pacto local que no día de hoxe, doce anos despois, aínda está sen desenvolver e é culpa desta Xunta de Galicia encabezada polo presidente Feijóo e ao que vostedes defenden. E falan de municipalismo e cando vostedes chegan aquí non defenden o municipalismo en ningunha das súas vertentes.

Mire, nós estamos falando, e díxenlle antes... Señor Pazos, se quere e o presidente o deixa, non teño inconveniente. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, non dialoguen, non dialoguen.



Vai a cousa moi ben. Non, vai a cousa moi ben, porque escoitoulle que vostede dicía algo, por iso. Estaba interrompendo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Mire, eu vólvolle recordar e vólvolle ensinar e teño as táboas un por un dos concellos. Vostedes o xeito de gobernar desta Xunta de Galicia non en concorrencia competitiva, non en concorrencia non competitiva, en convenios, isto é un escándalo, isto é un escándalo, señora Prado del Río. A Xunta... non a Xunta de Galicia, ¡oi!, hai moitos máis. Estou falando simplemente da Consellería de Medio Ambiente. En 2 anos 10 millóns de euros en que 9 de cada 10 concellos do Partido Popular. E 9,3 de cada 10 euros para o Partido Popular. Isto é un escándalo, un escándalo, un escándalo. (Aplausos.)

Hai un momento o presidente da Xunta de Galicia falaba de que gobernaba para todos. ¡Non!, vostedes non gobernan igual para todos, gobernan moito mellor naqueles concellos onde hai un Goberno do Partido Popular. Gobernan moi distinto e deberían, vostedes non, pero vostedes deberían pedirlle ao Goberno galego que gobernara exactamente igual ou cuns criterios moito máis claros para todos os concellos. Porque ademais deses concellos, alí viven persoas, veciños e veciñas e, polo tanto, non teñen por que padecer as deficiencias que lles manifesta esta Xunta de Galicia.

Pero é que, miren, vostede falábame do Plan Hurbe, por certo, xa ten moitos máis datos ca min, xa ten moitos máis datos. Porque, mire, no ano 2016 do Plan Hurbe isto tamén é a repartición da Xunta de Galicia, desta Xunta de Galicia, desta consellería. Entón, non sei moi ben de que estabamos a falar.

E estamos aquí nisto, 9 de cada 10 euros en concellos do Partido Popular, e 9,4 de cada 10 concellos son tamén do Partido Popular.

Mire, señora Prado del Río, evidentemente non lles vou permitir votar por puntos. Vostedes téñense que manifestar. Se queren realmente manifestar o seu municipalismo, ese de mentira, ese que din pero que despois non fan, voten a favor. O que estamos pedindo é un plan, un plan para que poidan entrar todos os concellos con poboación de menos de 20.000 habitantes en igualdade de condicións, tendo en conta a súa realidade social e a súa realidade demográfica. Iso si que sería bo para o despoboamento e non como fan vostedes, unha cousa é o que din e outra moi distinta a que fan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En realidade unha cousa din e logo para non facer nada. Coma sempre fan que fan.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda do BNG?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Sobre a emenda, eu creo que na nosa parte dispositiva está recollida bastante ben o que é a emenda do BNG e, dende logo, ao Partido Popular que voten a favor e, se non, que demostren unha vez máis...



O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que non están a favor do municipalismo.

O señor PRESIDENTE: Entón, non ás dúas cousas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada máis. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Vale, moi ben.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia

Hai emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Demandar ao Goberno de España á posta en marcha dun plan contra a exclusión financeira no ámbito rural, así como o cumprimento das medidas recollidas no acordo plenario do Senado aprobado no pleno do 9 de setembro de 2020. En particular, promoveranse as medidas necesarias para recuperar, garantir e incrementar a prestación de servizos bancarios con atención presencial aos clientes, de xeito especial ás persoas de maior idade e a determinados colectivos con maior dificultade de accesibilidade dixital.

2º.- Que a administración autonómica, dentro das súas competencias en materia de Consumo, continúe co seu programa de campañas informativas e a prestación de información e asesoramento en materia de servizos financeiros aos consumidores galegos, así como que se proceda á recompilación e traslado das problemáticas detectadas nesta materia ao Goberno de España e o Banco de España aos efectos de que adopten ás medidas oportunas para a súa resolución.

3º.- Seguir impulsando o convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para universalizar o acceso aos servizos bancarios e financeiros.»)



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencias, campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos de cara a trasladar aquelas demandas e necesidades limitadas polo marco competencial.

2. Impulsar, en colaboración co goberno central, as corporacións locais, as organizacións sociais e as asociacións de consumidores un consenso arredor de medidas conducentes a reducir a potencial exclusión financeira das e dos galegos polo peche de oficinas bancarias sen que iso supoña en ningún caso un aumento do traspaso de recursos económicos da administración pública ás entidades financeiras privadas.

3. Elaborar e remitir ao Parlamento de Galiza, no prazo de 15 días, un plan que contemple medidas específicas para garantir a accesibilidade dixital das persoas consumidoras financeiras galegas, así como poñer en marcha campañas de formación e capacitación dixital especialmente dirixidas a os habitantes dos concellos que carecen de oficina bancaria e que en ningún caso estean tuteladas polas propias entidades para garantir a obxectividade.

4. Remitir a o Parlamento no prazo de 1 mes, un informe sobre o impacto que ten o proceso de concentración financeiro sobre o mercado crediticio e hipotecario galego, especialmente a respecto de persoas consumidoras minoristas e Pemes dando continuidade ao “Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia” elaborado pola Comisión Galega da Competencia (publicado no 2018).

5. Dirixirse ás entidades bancarias que operan en Galiza e que están a pechar oficinas, despedir traballadores e traballadoras e deslocalizar servizos a outras comunidades ou países así como desligar servizos bancarios para empresas de telemárketing para esixir o cese deste tipo de prácticas abusivas.

6. Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal.»)

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Francisco Rivera.



O señor FRANCISCO RIVERA: Bo día a todos, deputados, deputadas.

Grazas, presidente.

Efectivamente, hoxe traemos unha iniciativa que ten que ver fundamentalmente co impacto que está tendo o proceso de concentración bancaria no país, aquí en Galicia. Estamos, efectivamente, diante dunha situación económica moi complexa, moi difícil, como todos sabemos, onde, tamén o sector financeiro ao longo do ano 2020 se viu afectado na súa rendibilidade. E iso está provocando unha onda de fusións, unha onda de concentración bancaria que ten, vai ter e, de feito, ten para as entidades financeiras efectos positivos en forma de beneficios, como estamos vendo estes días que se están publicando os datos do primeiro trimestre das entidades financeiras, pero ten efectos evidentemente negativos en paralelo para o conxunto da cidadanía deste país, para o conxunto da cidadanía galega.

Proceso de concentración que conleva evidentemente despidos, leva consigo axustes de persoal, conleva peches de oficinas, conleva menos competencia no sector, conleva unha especie de oligopolización en tanto e en canto en Galicia xa 3-4 entidades financeiras controlan practicamente o 100 % do negocio. E conleva a exclusión financeira en canto se está empuxando a cidadanía a deixar de acudir ás oficinas bancarias e utilizar a banca electrónica, cando en realidade moita xente carece de habilidades dixitais. En definitiva, estase provocando que moita xente incluso non teña posibilidade de acceder ao efectivo; é dicir, acudir a unha oficina bancaria e retirar diñeiro para o seu uso cotián.

É verdade que este proceso non é exclusivo de Galicia, que é un proceso que se está producindo a nivel de Estado, incluso a nivel europeo. E mesmamente non é Galicia a comunidade autónoma onde máis oficinas pechan no conxunto do Estado; é verdade que Castela-A Mancha ten unha situación máis complexa, pero si é verdade que en Galicia se está producindo un impacto moi importante do proceso de concentración bancaria que afecta indubidablemente a moitos concellos do país en tanto en canto están quedando sen oficina e, por tanto se está excluindo un conxunto moi importante da poboación do acceso a un servizo básico como son os servizos financeiros.

E é verdade que o sistema económico necesita un sistema financeiro robusto e forte, pero non hai que olvidar que o sistema financeiro, parte del, recibiu importantes fondos en forma de rescate por parte do conxunto da cidadanía do Estado ao longo dos últimos anos, e é indignante ver como neste contexto, nun contexto de pandemia, nun contexto difícil, nun contexto onde o emprego debe ser preservado, como as entidades financeiras están adoptando medidas de despedimento, de prexubilación, de axuste de cadro de persoal cando eses mesmos bancos, os seus directivos manteñen soldos e bonos absolutamente escandalosos e inaceptables.

En Galicia nos últimos 10 anos, dende o ano 2008 para ser máis exactos, levan pechado máis de 1.300 oficinas bancarias. Un impacto o da concentración bancaria que se produce inicialmente e especialmente no ámbito do emprego, estámolo vendo agora co Banco Santander, que está iniciando un expediente de regulación de emprego, de axuste de persoal que vai afectar a 370 postos de traballo en Galicia cun peche aproximado de 80 oficinas; un axuste no cadro de persoal que vai ser moi intenso en Galicia, especialmente porque o Banco San-



tander aquí neste país, ademais de ser dono do Banco Popular, á súa vez é dono da rede que antigamente tiña o Banco Pastor, polo tanto, moi espallada no conxunto dos municipios do país e, por tanto, vai ter un impacto importante tamén no peche de oficinas e na exclusión financeira que moitos veciños e veciñas dos concellos onde radicaban as oficinas, especialmente do Banco Pastor hoxe desaparecidas, van ter.

Estase producindo tamén na entidade CaixaBank un expediente de regulación de emprego, o máis importante probablemente da historia de España despois de Telefónica, que vai afectar tamén despois da fusión con Bankia aquí en Galicia, aínda que con menor impacto, prevese unha afectación máis ou menos de 90 empregos.

Nós aquí si queremos chamar a atención, porque este banco, CaixaBank, despois da fusión con Bankia, acaba de presentar resultados a semana pasada e vemos que tivo un beneficio de 4.786 millóns de euros. E neste contexto estase producindo un axuste importantísimo a nivel do Estado que vai afectar tamén a 90 traballadores en Galicia.

E, en paralelo, o BBVA tamén está iniciando un proceso de reconversión e de axuste de persoal que vai afectar tamén intensamente a Galicia en forma de peche de oficinas, 59 no conxunto da zona noroeste, que abrangue Galicia, Asturias e Castela-León, e onde van estar afectados tamén 120 empregados.

No que vai dende o ano 2019, este banco leva axustado aquí en Galicia, liquidado 224 empregos e, dende logo, estamos nunha situación tamén moi complexa, dado que este banco ten oficinas nalgúns concellos onde son única oficina e que se están a pechar, como pasou xa no ano 2020 nalgúns concellos como Sober, Abadín ou Ferreira de Pantón.

Este proceso non queda aquí. Abanca, que é a entidade financeira máis importante que hai neste país como consecuencia da desaparición das caixas de aforro, que deu pé a un banco chamado Nova Galicia Banco, nacionalizado con 9.000 millóns, que foi vendido ao actual propietario desta entidade e está en proceso de expansión, un proceso de expansión que neste caso leva á adquisición das oficinas do Banco Caixa Xeral de Depósitos, que está a provocar que teñan desaparecido en Galicia 35 oficinas e 120 empregos dos 240 totais que tiña esta entidade. A pesar de que esta entidade, Abanca, tamén presentou neste último trimestre uns resultados positivos en forma de beneficios, iso non é óbice para que non dubiden en pechar tamén oficinas bancarias, neste caso a de Vilaxoán na provincia de Pontevedra e a de Carril.

Por tanto unha incidencia no emprego o proceso de concentración bancaria, pero ten tamén unha incidencia na presenza física de oficinas en Galicia. Estanse pechando oficinas: 45 concellos neste país non teñen ningunha oficina bancaria e 118 concellos de Galicia única e exclusivamente teñen unha oficina bancaria. Estase excluindo a poboación do acceso a un servizo básico como é acudir a unha oficina física dun banco e quitar diñeiro para os usos habituais, os usos cotiáns.

En Ourense esta problemática é moito máis complexa, moito máis complicada. Se o 2,4 % da poboación galega hoxe non ten oficina bancaria, se eses datos os trasladamos á provincia de Ourense, resulta que o 10 % da poboación non ten acceso a unha oficina bancaria.



Polo tanto, estase producindo unha exclusión financeira de moita parte da poboación, especialmente daqueles concellos máis pequenos, daqueles concellos que ademais onde reside a poboación máis maior ou máis envellecida.

E a todo isto os bancos aínda así están obrigando os clientes, as entidades financeiras a acudir á banca dixital, moitas veces dun xeito absolutamente imposible para moita xente, dado que non ten habilidade dixital e dado que non ten coñecementos dixitais, e mesmo nalgúns concellos onde non chega nin tan sequera a internet. Polo tanto, hai unha exclusión tecnolóxica que está provocando evidentemente unha exclusión financeira e este é un problema absolutamente serio. En 200 concellos deste país, en Galicia, hai dificultades de acceso á internet, e, polo tanto, esta é unha dificultade engadida ao proceso que están vivindo moitos concellos e que están vivindo como consecuencia os veciños que viven neles de acceso aos servizos dixitais bancarios.

E, evidentemente, a concentración bancaria, o monopolio bancario, o oligopolio bancario, ten efectos tamén na imposición de comisións abusivas ao conxunto dos clientes que utilizan os servizos financeiros. Non existe competencia e, por tanto, as entidades financeiras están impondo cláusulas absolutamente abusivas en determinado tipo de contratos como pode ser o contrato de mantemento dunha conta corrente, dunha simple conta corrente. E isto é moito máis grave aínda naqueles colectivos que están máis excluídos socialmente no ámbito do acceso á banca como poden ser os pensionistas ou a xente con rendas mínimas ou ingresos menores. Por tanto, estamos diante dun auténtico problema social que esixe a actuación do sector público. Necesitamos unha radiografía dos concellos exactamente e da situación que hai neste momento respecto dos veciños que non teñen oficina física dunha entidade financeira no seu ámbito. Necesitamos coñecer e necesitamos que dende a Xunta de Galicia, no ámbito exclusivo das súas competencias que ten no ámbito do consumo, faga campañas importantes de alfabetización dixital, de dar coñecemento ao conxunto da veciñanza para que poida acceder á banca dixital.

Valoramos, en fin, que se poidan facer a través de Correos experiencias piloto, como está a acontecer nalgunha provincia galega, en Lugo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...mesmamente nalgunha provincia andaluza, pero entendemos que a Administración ten que tomar cartas no asunto.

E, diante disto, plantexamos unha iniciativa que vai disto, basicamente, de que a Xunta de Galicia no ámbito das súas competencias faga as actuacións necesarias para evitar a exclusión financeira. Por suposto, non é unha cuestión...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...—remato xa— que afecte única e exclusivamente á Xunta de Galicia, tamén no ámbito do Estado.



E logo na segunda intervención vou facer unha valoración das emendas que se plantexan a esta iniciativa, que entendemos que nalgún caso son absolutamente positivas e que, polo tanto, estamos dispostos a aceptar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

En nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a primeira reflexión que quería deixar enriba da mesa é que o acontecido no sector financeiro a partir do ano 2008, pero tamén o que está acontecendo agora mesmo coa coartada da pandemia da Covid-19 polo medio só ten unha palabra para resumilo, que é escándalo, é un absoluto escándalo e é a mellor palabra que pode resumir o que está acontecendo tamén agora mesmo nesta nova crise, que, aínda que non é de orixe financeira, pois estamos asistindo, efectivamente, a un novo chanzo na concentración bancaria e na transformación do sector. E nós negamos a maior dun dos argumentos que se expuñan aquí hai uns minutos: a cuestión dos movementos que estamos vendo agora non se debe a unha rendibilidade baixa das entidades bancarias ou a un momento de dificultade transitorio das entidades bancarias, senón que se debe a unha folla de ruta planificada, ordenada e auspiciada internacionalmente, especialmente na Unión Europea, pero tamén a través dos organismos do Estado español. E débese, ademais, a algo que un sindicato nas mobilizacións recentes ilustraba moi ben: non é a Covid, senón que é a cobiza, a cobiza destas entidades bancarias que o único que buscan é o seu máximo rendemento e beneficio, mesmo maquillando os seus resultados para ter coartadas, tamén moi facilitadas, hai que dicilo, á hora de facer despedimentos por que se manteña esa reforma laboral do Partido Popular que seguimos esperando e seguen os traballadores e traballadoras da banca esperando que se derroque desde o Goberno central para así ter máis instrumentos de negociación, porque seguramente moitos deses procesos que estamos vivindo serían menos traumáticos, tamén hai que dicilo.

Como dicía tamén, pois iso, a partir de 2008 vivimos este proceso de reestruturación financeira, que non parou de reestruturar en ningún momento. Eu quero citar aquí un informe, *E economía galega 2019-2020* do Idega que é clarificador, e di así: «O sistema financeiro español intensificou durante 2019 o ininterrompido axuste de capacidade iniciado no arranque da crise de 2007 cunha redución anual, isto recórdoo para o ano 2019-2020, época na que medraba o produto interior bruto, todas esas cuestións e se nos facía crer que estabamos nunha súper recuperación, cunha redución anual de rede de oficinas en Galiza jollo! do 8,3 % e do 2,8 % no número de empregados, mentres que o volume de negocio xestionado crecía un 1,4 %. Insistimos desde o BNG, non é a Covid, non é esta crise sanitaria convertida tamén en crise económica, senón que é a cobiza deste sistema económico e do sistema bancario, (*Aplausos.*) que aumenta beneficios e que reduce servizos. E así pois estamos repetindo pero



cunha aceleración maior o que xa vivimos en 2008: esfarelamento do músculo financeiro propio, xa do pouco que queda. Daquela vimos a fusión da bancarización das caixas e a posterior venda a prezo de saldo; estamos vendo outra vez absorcións de entidades e un rescate bancario encuberto, porque non hai un rescate bancario con nome e apelidos, pero haino na práctica, non só polas primeiras inxeccións de fondos directamente desde o ámbito europeo ás entidades bancarias por cuestións de liquidez, senón que estamos vendo tamén coa cuestión dos créditos ICO, que non deixa de ser un rescate encuberto á banca, ou incluso estamos vendo ese proceso que non só pasa en Galiza, tamén no Estado e tamén no ámbito europeo, de que directamente aquí os fondos europeos van a mans da gran banca; e temos o mellor exemplo nas últimas semanas no noso país, onde a Xunta de Galiza decidiu que o señor Escotet ten que manexar, impulsar e saber máis dos fondos europeos que o Parlamento galego ou que o propio Consello da Xunta (*Aplausos.*) montando esa empresa.

Polo tanto, seguimos na mesma e á súa vez pois máis peche de oficinas cando pensamos que non podía ir a máis, máis perda de emprego, máis empeoramento dos servizos e máis incremento ademais das dificultades de acceso a crédito, xa non só para particulares, senón tamén para pemes.

Polo tanto, esta é unha cuestión que evidentemente nos preocupa. E dicía o voceiro socialista que non era un proceso galego, estamos de acordo, pero tamén sabemos as condicións nas que se dá no noso país, nesta iniciativa pídese un informe; hai uns anos despois xusto do proceso de mala venda do conglomerado do Popular-Pastor houbo un informe da Comisión Galega de Competencias, precisamente a iniciativa deste Parlamento, a iniciativa do BNG; e xa antes, xa sen computar esa última fusión que case é o chanzo definitivo do esfarelamento do noso músculo financeiro, xa dicía que en Galiza tiñamos un nivel de concentración superior ao do Estado español e superior ao da media europea. Polo tanto, evidentemente, estas cousas que están pasando ao noso redor, que poden parecer inocuas ou leves pois teñen un impacto moito maior que noutros lugares.

¿Cal é a cuestión? Na diagnose, no dramático que é isto, pois aparentemente hai unha coincidencia neste Parlamento, pero desde logo diferimos na lectura dalgunhas cuestións e nas solucións porque, claro, diante desta realidade ¿que están a facer os gobernos? Pois o Goberno do señor presidente —que xa ía saltar o de presidente, pero despois de onte vou intentar recordalo— Sánchez é que non fixo nada, non fixo absolutamente ningunha medida ao fío por exemplo da Lei de servizos de pago, do Decreto de servizos de pago, perdón, que eu quero recordar que no seu día, grazas a mobilización sociais, polas comisións abusivas introducira modificacións. E, polo tanto, pois aquí temos que hai unha omisión de funcións tamén da propia CNV en cuestión escandalosas de competencia tamén do propio Banco de España. Unha vez máis estase repetindo a historia, os reguladores están fallando e, polo tanto, nese sentido, somos críticos e críticas. Claro que tamén hai quen se supera, que é o Goberno do señor Feijóo, porque coa boca grande di que non ten competencias, que isto é algo que non vai con eles. Nós xa sabemos que o uso das competencias, do autogoberno e de ir máis alá del, o Goberno Feijóo o usa segundo lle conveña electoralmente, pero o que fai coa boca pequena é meternos nun debate que eu creo que está latente nesta iniciativa tamén, que é que a estas entidades que foron rescatadas con fondos públicos, que están despedindo xente no noso país, que están pechando oficinas, ¿que imos facer? Pois imos darlles sub-



vencións para que poñan caixeiros nos concellos onde pecharon as entidades, que xa é (*Aplausos.*) o colmo dos colmos. Isto é como se aquí dicimos que diante da preocupación dos despedimentos do peche de H&M en Ourense e en Vigo imos pagarlle a H&M por que poña tendas en Vigo e en Ourense. Ou como se dicimos que, como Naturgy está deslocalizando postos de traballo da Coruña e tamén de Ourense para Madrid, pois ímoslle pagar máis aínda a Naturgy, que non ten beneficio económico suficiente a través deste país, para que manteña catro postos de traballo. Pois desde logo a nós parécenos un disparate. Desde logo, presentamos unha emenda moi clara nese sentido.

Nós desde o Bloque Nacionalista Galego temos claro que hai que reformar o ámbito competencial, que hai que facer presión política ás entidades bancarias, pero desde logo non estamos a favor de que nin un só euro dos orzamentos da Xunta de Galiza vaia para subvencións para que, ademais, eu estou disposta a poñer o nome da entidade que vai obter máis subvencións desas nun papel e entregarllo ao señor presidente para que o abramos cando se verifiquen esas subvencións, porque xa sabemos todos para quen vai ir, empeza por A e acaba por A, nin un só euro público para que estas entidades que foron rescatadas con máis de 65.000 millóns de euros, dos que non imos recuperar nin 15.000 millóns de euros, que son un orzamento e medio da Xunta de Galiza, vaian ter aínda máis erario público no seu haber para poñer os caixeiros que quitaron, porque iso xa é un absoluto disparate.

Entón, nese sentido, presentamos unha emenda e tamén outras cuestións que entendemos que deberían ser máis esixentes, tanto coa Xunta, que ten que desenvolver as súas competencias exclusivas en consumo e defender este país, como co propio Goberno central, como tamén esixirlle ás entidades bancarias, porque está moi ben laiarse aquí que están despendendo moita xente pero mellor está esixirlles que non o fagan.

E, por último, unha reflexión do momento que vivimos, que eu creo que é sintomática, ou dúas se me dá tempo.

Por unha banda, a profunda precarización do emprego. Ou sexa, hoxe xa non existe esa figura de hai 20 anos da persoa privilexiada que traballaba no sector da banca, e a mellor proba é que as propias entidades bancarias están adelgazando os seus servizos, subrogando os seus propios servizos e que maioritariamente a día de hoxe son presentados neste país por Call Center, por convenio de Call Center por unha cantidade moi pequena de salario ao mes nunhas condicións moi precarias, axudadas, por certo, tamén por un convenio de ámbito estatal cunhas condicións que son directamente de explotación laboral.

Por outra banda, estamos vendo tamén xa esa externalización das propias entidades bancarias que agora teñen axentes colaboradores ao longo do territorio; o Santander é especialista de forma tramposa, porque non ofrecen nin os mesmos servizos nin coas mesmas garantías, e estamos vendo como por esa vía pois hai unha destrución brutal de emprego da súa calidade. Pero tamén estamos vendo que a exclusión financeira, o peche de oficinas, xa non é unha realidade do rural, isto non é o concello da Mezquita, alá ao fondo en Ourense, ao que vai unha vez a semana o minibús de Abanca cando hai feira para que a xente poida sacar cartos. Ese modelo estase exportando a todos os lados. Ourense, terceira cidade de Galiza, barrio da Ponte, case 30.000 habitantes, o barrio máis poboado da cidade, Abanca pechou



unha entidade nos últimos meses, o Santander pechou outra entidade; para 30.000 persoas, case hai dúas entidades, practicamente, bancarias e iso é o que explica as colas, non é a prevención da Covid, iso é o que explica tamén que este proceso xa está chegando á porta da nosa casa. É aquilo de: cando vexas as barbas do teu veciño cortar preocúpate porque van vir a por ti, pois exactamente é o que está pasando agora mesmo cos sistemas financeiros. Entón, a pregunta é ¿cal é o camiño? Esperaremos a ter que pagarlle tamén a unha entidade bancaria para que poña un caixeiro e o manteña e veña de vez en cando un traballador, a saber en que condicións, atender minimamente ese...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...servizo na capital deste país, ou imos facer outra cousa, outra estratexia, xa digo, para unha mínima esixencia desde o ámbito público, tanto desde a Xunta como desde o Estado, e tamén para implicar que iso non supoña reducir recursos económicos, senón facer negociación política, facer cambios lexislativos para que, desde logo, este sector que vive á custa do erario público deixe de abusar así de absolutamente todo o noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

O sector financeiro viuse moi afectado pola crise que vivimos a partir do ano 2008, iso comentado polas señorías que me precederon no uso da palabra, pero estes problemas non foron exclusivos de España. A reestruturación do sistema financeiro, os procesos de consolidación de entidades e mesmo a reformulación do negocio bancario é un feito xeneralizado a nivel global. A crise financeira acarreeu que o sector bancario vivise un proceso de reestruturación gradual na busca de novos modelos de negocio axustados aos novos retos que se presentan: un novo marco regulatorio, tipos de xuro negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dubidosos e mesmo a entrada de novos competidores. En definitiva, o sistema financeiro actual nada ten que ver co sistema financeiro de hai dez anos, iso é unha realidade.

Quero mostrarlles dúas mensaxes, señorías, que atopan moitos usuarios dos servizos financeiros: ventanilla pechada ou mesmo horario de caixa para pagos de recibos ou retirada de efectivo martes-xoves de 8.30 a 10.30. Estou convencida de que as súas señorías tiveron a ocasión de ver e vivir estas situacións e probablemente moitos de nós podemos facer fronte a eses novos hábitos, a esa nova dixitalización que nos empuxa a innovar cada día. Pero o que é inadmisíbel é que unha gran parte da poboación, maiores e persoas vulnerables, se vexa prexudicada por esa dixitalización, pola escaseza de servizos de atención presencial e



a limitación de horarios e o incremento mesmo de comisións. E aí, señor Francisco Rivera, o Banco de España debe actuar e, por suposto, o Goberno estatal debe facer os seus deberes, xa que o órgano encargado da supervisión das entidades bancarias, segundo a regulación establecida polo Goberno central, é o Banco de España. É necesaria unha actuación para evitar os ditos agravios en persoas que descoñecen e non están familiarizadas cos avances dixitais.

Señorías, creo conveniente contextualizar en que situación nos atopamos e cal é o papel que deben xogar as diferentes administracións públicas para alcanzar acordos que reflectan o benestar dos galegos e das galegas. Por iso é necesario coñecer o traballo que desenvolve o Goberno galego, e así poderá comprobar o portavoz do Grupo Socialista que o que vostede solicita na súa parte resolutiva se realiza a través do Instituto Galego de Consumo e Competencia para evitar a exclusión financeira das persoas consumidoras. Así pois, o labor do Instituto Galego de Consumo e Competencia é de asesoramento, de formación e de acompañamento para presentar as reclamacións segundo o procedemento establecido. Aínda así, o Instituto Galego de Consumo e Competencia amosou, unha vez máis, a súa sensibilidade respecto das demandas das persoas consumidoras galegas, e actuou como a continuación lles debullarei.

Mire, tras o Real decreto lei 1/2017, o instituto puxo á disposición das persoas consumidoras un servizo de asesoramento de análise e cálculo das cantidades indebidamente cobradas polas entidades financeiras. A maiores, en relación coas comisións das contas bancarias, en xuño do ano 2020 o Goberno galego, en contacto co Banco de España, e a raíz da preocupación do contexto socioeconómico xerada pola Covid-19, levaron a cabo medidas para axilizar as reclamacións naquelas familias máis vulnerables ou afectadas por algún ERTE. En consecuencia —por pór datos enriba da mesa—, das 440 reclamacións o 90 % saíron favorables ao consumidor, de aí que o Goberno galego —máis concretamente, o Instituto Galego de Consumo e Competencia— traballe intensamente nun contexto de crise socioeconómica como a que estamos a vivir.

A principios de ano o Goberno galego remitía ao Ministerio de Consumo un criterio interpretativo único sobre a modificación de forma unilateral por parte das entidades financeiras que aplicaban as contas que antes non se aplicaban. Concordará comigo, señor Francisco Rivera, en que o Goberno galego leva desempeñando durante anos a defensa dos dereitos dos consumidores bancarios, como non podía ser doutro xeito. E creo que o Goberno estatal debe actuar da mesma maneira.

En canto ao mapa financeiro galego que vostede solicita, a dita información está á disposición a través da web do Instituto Galego de Estatística, pero tamén lle podó trasladar que, se o ve oportuno, lle podó trasladar os ditos datos dende a total cordialidade.

En canto ao terceiro punto da súa iniciativa, establece pór en marcha campañas de formación. E, claro, jé que xa se están a facer, señorías! Mire, a través da Escola Galega de Consumo desenvólvense programas —como é o consumo accesible, consumo xénero ou consumo local— co obxectivo de desenvolver esas actividades de formación para garantir a información clara, accesible e fácil para empregar tanto no mercado tradicional como no mercado



dixital en favor desas persoas maiores, desas persoas con discapacidade ou daquelas en risco de exclusión social. Por tanto, señorías, non teñan dúbida de que o Instituto Galego traballa e vela en todo momento polos dereitos das persoas consumidoras en Galicia, empregando todas as ferramentas postas á súa disposición, como ben comentaba o portavoz socialista.

Por iso cremos que todas as administracións deben defender os dereitos dos consumidores dentro das súas competencias, como aí o fixo saber o señor Francisco; e aí o Banco de España ten un labor importante como órgano supervisor. Persoas maiores, persoas vulnerables atopan serias dificultades á hora de realizar trámites financeiros como a retirada de efectivo nas súas entidades bancarias, e que lle corresponde como función de velar e supervisar a actuación destas.

Señorías, a Consellería de Facenda e Administración Pública e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias asinaban o pasado Nadal un protocolo de colaboración para garantir que todos os cidadáns galegos dispoñan de servizos financeiros no concello, plan que vostede, señor Francisco Rivera, esixe no punto quinto, e que, á parte de estar posto en marcha desde hai varios meses, xa conta coa adhesión de 45 concellos en toda Galicia.

En definitiva, señorías, programas, convenios e actuacións que contemplan ofrecer formación e información ás persoas consumidoras máis sensíbles, como as persoas maiores ou con discapacidade, así como aquelas en situación de risco social.

Por iso presentamos unha emenda de substitución co fin de chegar a un acordo, traballando todos de maneira coordinada e dentro das súas competencias. A emenda consta de tres puntos, e o primeiro é que o Goberno estatal debe pór en marcha ese Plan de exclusión financeira, tras e como se aprobou por unanimidade, e aquí lle podo transmitir, señor Francisco Rivera, que o 9 de setembro por unanimidade e a iniciativa do Grupo Socialista de promover esas medidas necesarias para recuperar, garantir e incrementar a prestación de servizos bancarios con atención presencial aos clientes e, de xeito especial, ás persoas de maior idade e determinados colectivos con maior dificultade de accesibilidade dixital.

O segundo punto da emenda é que se continúe co programa de campañas informativas e a prestación de información e asesoramento en materia de servizos financeiros aos consumidores galegos, visto que se realiza un gran labor dentro das súas competencias e que se dá traslado das problemáticas detectadas nesta materia ao Goberno de España e ao Banco de España que adopten as medidas oportunas.

Por último, o terceiro punto da nosa emenda é seguir impulsando ese convenio —que parece que non lle gustou moito á señora Presas— para universalizar o acceso aos servizos bancarios, convenio entre a Fegamp e a Xunta. Xa lle digo, señora Presas, que os servizos son totalmente gratuítos, por se vostede ten algunha dúbida, que parece que así o mantén.

Remato, señor presidente, coa man tendida por parte do Grupo Parlamentario Popular. O Instituto Galego traballa e vela en todo momento polos dereitos das persoas consumidoras en Galicia, adoptando numerosas medidas que creo que lle fun debullando e degrañando durante a miña intervención.



Señorías, non podemos aceptar que os consumidores bancarios teñan que rexerse por horarios pechados en trámites bancarios de maneira limitada, como o están a facer. E aí o Goberno estatal e o Banco de España deben actuar de maneira urxente ao ser o órgano competente.

Non partimos de cero, xa que, logo da aprobación unánime da Cámara alta á iniciativa do Grupo Socialista, o dito acordo beneficiará os consumidores bancarios, e convén que mesmo o Goberno estatal actúe para que os consumidores bancarios non se vexan prexudicados á hora do mero feito de pagar un recibo, e aí o labor de supervisión do Banco de España.

Coa emenda presentada e coa man tendida do Grupo Parlamentario Popular, remato co obxectivo de acadar os mellores acordos, xa que serán os acordos para os galegos e para as galegas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) *(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Bueno, nós... eu creo que..., en fin, aquí hai unha coincidencia de fondo en todos os grupos políticos en relación a unha situación moi complexa e que está afectando basicamente aos cidadáns que viven en concellos máis pequenos.

Efectivamente, dáse tamén a situación de que na cidade de Ourense se levan pechado 50 oficinas dende o ano 2008; efectivamente, tamén se dá no ámbito urbano, pero eu creo que hai unha coincidencia de fondo nunha realidade social que é moi complexa e é moi difícil para moita xente, especialmente, que vive nos concellos: xente maior, xente que non ten coñecementos nin habilidades dixitais, xente á que se está empuxando cara á banca electrónica sen facilitar as capacidades necesarias para que iso aconteza e en concellos onde aínda non hai internet ou chega con dificultades. Polo tanto, temos un diagnóstico moi parecido.

Eu, en relación coas emendas que plantexa o Partido Popular, eu estou de acordo en que se demande e que se cumpra ese acordo unánime que efectivamente se adoptou no Senado polo conxunto das forzas políticas. Un acordo promovido polo Partido Socialista e que invitaba a traballar en evitar que os concellos menos poboados, municipios desa España chamada vaciada, se visen aínda moito máis prexudicados como consecuencia do peche das oficinas bancarias. Polo tanto, nós aceptamos e imos aceptar o punto 1 da súa emenda como engádegas, como unha adición ao noso propio punto da moción.

En relación coa iniciativa do BNG, coa emenda do BNG, nós concordamos tamén en que, efectivamente, é que aquí non hai... O Banco de España e o Estado español tamén teñen que facer moitas cousas, evidentemente, o que está sucedendo aquí é escandaloso —vostede definíao— e eu tamén dixen que é inaceptable que nun contexto de pandemia, nun contexto de crise económica as entidades financeiras estean presentando resultados neste mes e moitas delas



con beneficios multimillonarios e aínda así se estea producindo un proceso de peche de oficinas e exclusión financeira e ademais de despedimento masivo de traballadores. É absolutamente escandaloso e inaceptable; polo tanto, nós estamos de acordo tamén no fondo do asunto. E temos claro que, polo que atinxe ao país, que é inaceptable que haxa 45 concellos que non teñen oficina bancaria; que haxa 28 na nosa provincia, en Ourense, señora deputada Noa Presas; o 10 % da poboación que non ten acceso físico a unha oficina bancaria, cando sabemos que neses concellos ademais só vive xente maior. É inaceptable e, polo tanto, nós plantexamos unha iniciativa, en fin, coa intención de acadar un consenso que entendemos que no fondo todo o mundo está de acordo e creo que é necesario e fundamental que este tipo de iniciativas vaian calando para ir mudando a situación real do que está acontecendo neste país.

Respecto das emendas do BNG, nós estamos dispostos a aceptar como engádegas tamén os puntos 1, 2 e 5. Entendemos que o resto, bueno, é complementar máis ou menos o que nós estamos a falar e tampouco aportarían gran cousa. E, respecto da emenda do Partido Popular, insisto, aceptar o punto 1.

E, a partir de aí, se vostedes o consideran, votar esta iniciativa de forma conxunta cos puntos adicionais que acabo de relatar, e sacar adiante unha iniciativa en defensa de algo que nós consideramos fundamental, que é evitar a descohesión ou evitar que se incida na falta de cohesión social e territorial que está habendo neste país privando os cidadáns dun servizo fundamental como é o servizo de acceso a unha oficina bancaria, ademais de privalos xa en moitos concellos doutros servizos fundamentais como é ter un colexio, un médico, ou mesmo o acceso en condicións dignas a servizos fundamentais.

Polo tanto, neste contexto esperamos que a votación sexa positiva e unánime e que saia adiante esta iniciativa. É unha iniciativa —insisto— participada coas emendas do Partido Popular e tamén coas emendas do BNG.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.^a María Encarnación Amigo Díaz e 13 deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública

A esta proposición non de lei presentaron unha emenda o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e tamén o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:



Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Procurar un acordo co Goberno de España a través da Comisión Bilateral sobre a modificación da Lei 8/2008 de saúde de Galicia que resolva os problemas de encaixe dentro do marco legal existente.*
- 2. Manter a lealdade institucional con todos os niveis da Administración para así garantir o mellor control posible da pandemia, convocando a Cecop á maior brevidade e apoiando as decisións que se tomen no marco do Consello Interterritorial entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Sanidade así como por parte das autoridades sanitarias.»*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de Estado que acometa, canto antes, os cambios normativos necesarios na lexislación orgánica para que as comunidades autónomas teñan plena competencia para a xestión da totalidade do sistema sanitario, incluídas situacións de emerxencia e de risco grave para a saúde pública como a actual ocasionada pola Covid 19, con plenas garantías e seguridade xurídica.»

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Esta tiña que ser unha fin de semana de boas noticias. A situación epidemiolóxica está mellorando en todo o país, especialmente en Galicia; as vacinas comezan a chegar de Europa con certa celeridade; e o Sergas avanza sen descanso para vacinar canto antes todos os galegos. O comité clínico puido comezar a eliminar progresivamente algunhas das restricións sanitarias, e parece que comeza a verse a luz ao final do túnel.

Pero esta foi unha fin de semana triste, señorías, chea de imaxes que eu creo que avergonzaron o conxunto da sociedade española. Unha fin de semana na que as rúas de moitas cidades de España se encheron de irresponsables, hai que dicilo, hai que dicilo alto e claro, enchéronse de irresponsables que coa súa actitude, reuníndose da forma que non conviña, puxeron en perigo moitas vidas e todos os esforzos realizados polo conxunto da sociedade española ao longo dos últimos catorce meses.



Por suposto, a culpa destes actos, destes comportamentos, é principalmente dos irresponsables que os protagonizaron, pero esta vez a súa responsabilidade non é única, é unha responsabilidade compartida. Compartida cun Goberno que se negou a evitalo, un Goberno que non facendo nada fixo un efecto chamada a que ocorreran este tipo de cousas. Pasou o que lamentablemente dixemos que podía pasar se non se establecían ferramentas, porque, hai que dicilo, en España temos un Goberno que se negou por activa e por pasiva a crear un marco xurídico para evitar que isto acontecera unha vez rematado o estado de alarma.

Dende o Goberno galego e dende o Grupo Parlamentario que o sustenta, levamos moito tempo advertindo de que isto podía ocorrer porque España carece dun marco normativo axeitado para xestionar a pandemia 14 meses despois de que se iniciara.

Isto non aconteceu noutros países de Europa, como Francia ou Alemaña, que si modificaron a súa lexislación sanitaria. España non, España non tivo un Goberno á altura das circunstancias para asumir as súas responsabilidades e promover unha reforma lexislativa para que nestes momentos, 14 meses despois do inicio desta pandemia, o noso país contase cunha lexislación sanitaria que puidera permitir ás administracións públicas facer fronte a esta situación.

Dende o inicio da primeira onda, o Goberno de Pedro Sánchez utilizou como única ferramenta de xestión desta crise o estado de alarma; un mecanismo constitucional si, pero un mecanismo pensado para ser aplicado dun xeito excepcional e limitado no tempo.

E, agora que rematou, a resposta do Goberno volve a ser inhibirse das súas propias responsabilidades e delegar agora as que serían as súas funcións na xustiza e nos tribunais, atribuíndo unha función ao poder xudicial que non está contemplada na propia Constitución e que ademais atenta contra a máis elemental separación de poderes.

Empezou delegando as súas competencias nas comunidades autónomas e agora delega as súas competencias nos tribunais, o que sexa con tal de non asumir as súas propias responsabilidades. O Goberno de Sánchez converteu o Tribunal Supremo nun xulgado de garda. Ese é o respecto que este Goberno lle ten á xustiza española.

Señorías, en España non contamos con normas específicas para a xestión dunha pandemia como esta e por esta razón, nas distintas conferencias de presidentes que se teñen celebrado dende o inicio da pandemia, o presidente Feijóo pediu reiteradamente unha reforma da lei orgánica. Ante a falla de resposta, o pasado 8 de outubro de 2020, o Consello da Xunta aprobou unha proposta de reforma da lei orgánica que se remitiu inmediatamente ao Goberno de España. Non houbo resposta, ningún tipo de resposta. Tampouco esta proposta foi acoillida e, polo tanto, o 25 de outubro vímonos abocados a un novo estado de alarma e á necesidade de volver a tomar medidas restritivas carecendo dun marco legal apropiado que fixera non necesario o estado de alarma.

En consecuencia, ante a actitude de abandono das súas propias responsabilidades do Goberno central, ante unhas propostas de reforma das leis sanitarias que se prometeron hai un ano por parte do Goberno de Sánchez e que nunca chegaron, ante un mandato dunha comisión parlamentaria de reconstrución de elaborar un calendario e de efectuar esas refor-



mas, que foi directamente ignorado polo Goberno España, ante unha tramitación dun real decreto lei que tiña que servir para dar seguridade xurídica ás comunidades autónomas e serviu para todo o contrario, ante un enésimo estado de alarma que expiraba o 9 de maio e para o que o Goberno demostrou non ter alternativa, ante toda esta situación a Xunta de Galicia e o grupo que o respalda, o Partido Popular de Galicia, actuaron alí onde podíamos actuar, que é lexislando dende as nosas competencias, dende as nosas responsabilidades. E fixemos esa reforma da Lei de saúde pública, aprobada neste Parlamento co único apoio do grupo maioritario, do Grupo Popular.

Estamos ante unha lei que vén asegurar unha actuación proporcionada e a garantir a seguridade xurídica e o respecto polos dereitos dos cidadáns, xusto o contrario do que dixeron nese debate o PSdeG-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego, que sorprendentemente se situaron do lado dos negacionistas de Vox. Para iso, (*Risos.*) para iso non hai cordóns sanitarios, aí coincidiron exactamente.

A nosa lei restrinx e regula o exercicio do poder, pero permite ter mecanismos para regular unha desescalada que segue sendo hoxe necesaria, probablemente máis necesaria que nunca, para evitar o que en Galicia sería unha cuarta onda e o que en España podería ser unha quinta onda. Unha lei que non abre ningunha posibilidade que non estivera habilitada xa pola Lei orgánica 3/1986, de medidas especiais en materia de saúde pública. Esa lei que nos fala das medidas oportunas que se consideren necesarias.

O que pretendeu a reforma da Lei de saúde pública de Galicia foi concretar cales eran esas medidas oportunas e cales considerabamos necesarias. Fixar como se teñen que desenvolver as medidas, definir que dereitos teñen os cidadáns, aclarar que obrigas teñen as administracións e como tomalas. En resumo, poñer garantías, señorías. Garantías, e por iso defendemos e defendemos a súa perfecta legalidade, e así o defenderemos ante o Tribunal Constitucional cando sexa necesario.

Pero o Goberno de Pedro Sánchez é como o *perro do hortelano*, que nin come nin deixa comer, que nin lexisla nin deixa lexislar. Nin pon os medios necesarios para garantir a legalidade na xestión da pandemia, nin deixa que as comunidades autónomas o fagan. Polo tanto, estamos ante unha situación na que non temos as ferramentas que habilita o estado de alarma, pero tampouco temos unha lexislación que permita ás autoridades sanitarias facer fronte con garantías ás situacións de risco grave para a saúde pública.

O Consello de Estado constatou esta mesma situación, porque o Goberno de España se negou a reformar unha lei orgánica que necesita ser concretada, porque é claramente insuficiente. Non o dicimos nós, díxoo o Consello de Estado, e porque o Goberno de España se negou a dialogar co Goberno galego nunha comisión bilateral que nunca foi convocada, acudindo directamente ao Tribunal Constitucional e pedindo a suspensión de parte desa lei.

É dicir, estamos ante un Goberno que nin traballa nin deixa traballar, un Goberno que presentou un recurso político, un recurso político, claramente político contra unha lei, probablemente porque lle molestaba que a Xunta de Galicia fixera o que o Goberno de España non foi quen de facer cando incluso chegou a prometerlo hai xa bastantes meses.



O Goberno de Galicia dende logo non pode ser tan irresponsable como o Goberno central e dende logo vai seguir loitando por que esa lexislación autonómica exista, sexa estatal ou autonómica, pero en calquera caso non imos ser tan irresponsables como o Goberno de España.

Nós temos dende logo a conciencia tranquila de que procuramos por todos os medios darlle á cidadanía galega un marco xurídico garantista co que afrontar a saída do estado de alarma, vostedes poderán cargar coa responsabilidade de telo impedido. En primeiro lugar, negándose a impulsar a reforma da lexislación estatal, que todos consideramos que era imprescindible, e, en segundo lugar, sumándose ao boicot á lexislación galega que pretendía suplir o baleiro legal que deixara o Goberno de España.

Vostedes, igual que o Partido Socialista, nin lexislaron nin esixiron a quen tiña que lexislar que o fixera.

En definitiva, no mes de outubro xa pediamos nesta Cámara que o Goberno central actualizara a lexislación orgánica en materia de saúde, e a resposta do PSOE foi que o Goberno galego non se excedera das súas competencias, que esta era unha competencia do Goberno central; e agora o PSOE di que presentamos unha lei autonómica para confrontar e que deixemos actuar un Goberno central que non actuou e que non actúa. Esas son as grandes contradicións da oposición aquí en Galicia, que parece que o último que lle preocupa é xestionar esta pandemia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e salvar vidas, que é o obxectivo común que nos debería unir a todos, e para o que precisamos unha lexislación ou estatal ou autonómica. Diso vai esta iniciativa e iso é o que propoñemos coa súa aprobación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Benvido, señor Tellado, a este debate, creo que é o sétimo voceiro do PP que fai este debate en Pleno, xa o fixo o outro día na Comisión. Bueno, polo menos mellorou algo; o outro día tivo que recuperar unha iniciativa de outubro, hoxe xa trae unha máis actualizada.

¿Que necesitamos sobre a situación legal que vivimos agora?, que parece que é o debate, porque ademais falouse de moitas cousas pero non da proposta. Eu si vou mencionar algunha



cousa que hai aí na proposta. Necesitamos fundamentalmente tres cousas: en principio, aclarar as competencias e o control, e por tanto quen ten a capacidade incluso de sancionar sobre as medidas que se toman, fundamentalmente as medidas de control epidemiolóxico.

Isto fixérono practicamente case todas as comunidades autónomas no verán pasado, Galicia non. Fixérono a través dun regulamento. Nós, cando empezou a debaterse aquí a modificación da Lei de saúde xa o dixemos, que facía falta un regulamento, e que ademais nós considerariamos que, a pesar de que houbera algún matiz co regulamento, este regulamento tiña que estar aquí; 14 meses e non existe. Téñeno case todas as comunidades autónomas, case todas. Galicia non, Galicia prefería unha lei para confrontar.

Polo tanto, necesitamos competencias, porque ademais esa famosa modificación da Lei de saúde deixou incluso os concellos sen capacidade de resolver, que os concellos seguen tendo ese problema incluso coas competencias que lle dá esa famosa modificación da lei, porque os concellos seguen sen ter algunhas competencias para regular, especialmente tamén no ámbito dos espazos públicos.

E, en segundo lugar, fai falta aclarar quen e que tipo de medidas poden tomar, e sobre isto hai dúas cuestións importantes. Practicamente todas as medidas que se poden tomar, practicamente todas, de control epidemiolóxico pódense facer baixo a situación actual sen ningunha outra cuestión que coa excepción dos gobernos autonómicos. Así se controlou a segunda onda da pandemia, sen estado de alarma, e o resultado foi o que foi, chegamos a decembro e logo en decembro apareceu a operación «Salvar o Nadal» pero chegamos a decembro con boas perspectivas, sempre dentro do drama existente e das circunstancias máis difíciles que vivimos, pero con boas perspectivas. E controlouse a situación sen necesidade de facer ningún alboroto.

Hai unha segunda parte, menor en número pero moi importante en dimensión, da toma de decisións das medidas. ¿Cales son? A limitación de dereitos e liberdades. ¿E que pasa neste país? Pois pasa neste país que un presidente autonómico non pode levantarse pola mañá e limitar dereitos e liberdades. A algún gustaríalle, pero non pode.

Hai dúas maneiras de facelo: unha, a través dun mecanismo extraordinario, porque vivimos unha situación extraordinaria, como é o estado de alarma, e outra mediante autorización xudicial.

Onte puxen un exemplo, a famosa lei da patada na porta do señor Corcuera. Discutiuse e ben discutida porque estaba vulnerando dereitos e liberdades e non quería autorización xudicial, porque aquí, a vulneración de dereitos e liberdades neste país aínda hai que facelo mediante unha lexislación orgánica ou autorización xudicial, e en ningunha das situacións que vivimos en ningún dos días estivemos ausentes dun dos dous mecanismos.

Pódese discutir cal se cre mellor, pero non é aceptable dicir que non temos mecanismos; pódese discutir que non nos gustan, pero non é acertado dicir que non os temos. Outra cousa é que algún considere que pode levantarse pola mañá e dicir o que lle pete, e non. Para limitar dereitos e para limitar liberdades, ou estado de alarma ou autorización xudicial.



A pregunta está: se hai estado de alarma e o PP non o quere e cando non o hai o PP o quere, ¿que votaría o Partido Popular hoxe se se propón prorrogar o estado de alarma? Porque aínda non hai ninguén que respondera a isto, ¿que votaría? Esta é a cuestión. Porque o Partido Popular ten votos para decidir, pode decidir. É máis, ten dez deputados en Madrid, once se contan a Néstor Rego. Decidan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Poden contar se están a favor ou en contra, o que non se pode é estar a favor un día e en contra outro.

Pero é máis, é que se se opta pola situación da autorización xudicial, o Supremo xa afirmou que validaría as medidas. ¿Cal é o problema, entón? O problema é que cando o debate é tan sinxelo non se pode facer guerra, que é o que quere o Partido Popular, facerlle guerra ao Goberno do Estado.

Polo tanto, as competencias podíanse ter aclarado e non se fixeron, a toma de decisións en xeral e na súa maior parte pódense facer sen problema, e nalgúns partes pequenas, aínda que moi relevantes, hai estado de alarma ou autorización xudicial. Agora estamos na segunda parte, na autorización xudicial. Pode non gustar, pero estamos aí e, se quixeran a primeira, podían dicilo.

Terceira cuestión: melloras sanitarias, porque a ver se vai ser que vostedes se olvidan de que isto é unha pandemia provocado por un problema sanitario. ¿A súa modificación de lei introducía algún elemento sobre melloras na investigación sanitaria? Non. ¿Sobre o aumento da estocaxe en material de prevención? Non. ¿Sobre o compromiso da fabricación da vacinas ou de produtos que poidan resolver dende o punto de vista da farmacoloxía ou da epidemioloxía no plano sanitario futuros problemas de saúde pública? Non. Ou ¿garántese a través da modificación da lei a estrutura orgánica futura dunha consellería para axilizar as decisións? Non.

Nada diso, porque ao final a vostedes isto da pandemia no plano sanitario importoulles ben pouco na modificación da lei. Modificaron unha lei unicamente para que o señor Feijóo puidera levantarse polas mañás e decidir que dereitos ou que liberdades podía restrinxir sen pedirlle autorización a ninguén. ¿Por que? Porque vostedes están máis en ser oposición en España que en Goberno en Galicia. Se ese é o problema, que vostedes están en ser oposición en España e non en Goberno en Galicia, e, tendo todas as posibilidades de gobernar en Galicia, prefiren estar na confrontación, e a confrontación é a que trae estes problemas.

Polo tanto, todo iso resolve as necesidades que temos, pero ¿que ocorre? Ocorre que esta confrontación lévanos a situacións difíciles. Tal problema da confrontación é que hoxe veuse aquí a utilizar as imaxes que vimos esta fin de semana, que onte nós aquí afirmamos que eran reprochables, que ademais son minoritarias en termos globais, que non teñen que ver con Galicia ademais, pero intentouse terxiversar para botalas en riba ao Goberno de España, cando nós aquí incluso alertamos de que non foi o Goberno de Galicia o responsable dixo, así o dixemos, ademais, explicitamente. E, ademais, aquí non houbo esas situacións, señor Tellado, aquí houboas en moi, moi baixísimo nivel con respecto ao que vimos na televisión, moi baixísimo. A poboación galega, señor Tellado, vostede quereda que a poboación galega



se portase mal para botarllo enriba de Pedro Sánchez, pero a poboación galega está moi por riba do que vostede espera dela. *(Aplausos.)* Moi por riba.

Non se preocupe, se a cidadanía non vai ser o problema, a cidadanía non vai ser o problema, vaise portar fantasticamente, estao facendo constantemente aínda que vostedes lle boten a culpa das cousas, aos hostaleiros primeiro, aos estudantes despois, aos cidadáns no Nadal. Non, non é iso. Pero, miren, están vostedes tanto na confrontación que o señor conselleiro onte reprochou e dixo que non lle parecía ben falar diso aquí no Parlamento. Vostede hoxe aquí veu falar disto. É certo que tamén dixo que lle parecía mal que Pedro Sánchez fose —segundo dixo o señor conselleiro— triunfalista por falar do que vai pasar dentro de máis de tres meses, ao mesmo que tempo que o señor Feijóo dicía que en dous meses imos ir sen mascarilla. Debe de ser que iso non lle parece triunfalista. *(Aplausos.)*

Están vostedes nunha confrontación tan fea, tan fea, que ao final acaban enredándose nas súas propias liortas; non, non teñen problema, outros modificaron leis, aquí nada. Outros... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Señor Tellado, ten despois vostede outro turno para falar, ¿non?, pode falar despois no segundo turno o que queira, o tempo, o tempo asignado.

Continúe, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Outros, como dicían antes, xa que poñía o exemplo doutros países, teñen unha oposición leal. ¿Sabe o que pasa coas leis doutros países que tiveron que modificar? Que non eran tan boas como a española, iso era o que pasaba. Por certo, unha lei a española contra a que vostedes votaron en contra. ¿Sabe o que pasa noutros países? Que as oposicións doutros países, en Portugal, en Alemaña, en Gran Bretaña, en Francia, en Italia, non están facendo esa guerra contra o Goberno do Estado, non están naquilo de que caía España ou que caía Italia que xa a recuperemos nós, non están niso, están noutra cousa.

Vostedes seguen facendo de oposición en España e non de Goberno en Galicia e ese é o problema. Non aclaran se queren o estado de alarma. Fíxese, é que vostedes están tan na confrontación, porque ás veces hai un debate, eu hai cousas que non quero recordar, pero é que neste país vostedes fixeron, aquí tamén, nesta tribuna, un debate sobre se había que esixirlle ao Goberno de España non unha reforma sanitaria, non que dotase de máis recursos, non que faláramos da vacinación, non, non, non, vostedes aquí fixeron o debate dalgún Pleno centrado en se Pedro Sánchez tiña que levar corbata negra ou non; é que ese era o nivel do que vostedes están dispostos a chegar con tal de facer a contra a un goberno. Claro que é unha frivolidade, é que a min paréceme unha frivolidade, como escoitar o señor Casado, o seu xefe de filas, no Pleno de decembro dicir que lle parecía fatal que o presidente do Goberno non felicitase o Nadal. Pois, mire, a cuestión está en non felicitarse o Nadal nin na corbata negra, eses son debates que non teñen ningunha repercusión, vostedes son capaces de chegar ata a iso.



E como vostede, señor Tellado, non falou da proposta, voulle falar eu, porque ao final a proposta, que ten dous puntos, un lexítimo, que é pedir que se ampare a lei que vostedes plantexaron e que o Consello de Estado resolve dicir que hai que levar ao Constitucional, porque ve indicios de inconstitucionalidade, que iso é o que di o Consello de Estado, basicamente. A segunda parte, que di que isto é moi importante relacionado coa seguridade xurídica, é que non se aplica a suspensión cautelar basicamente, é dicir, a política do ti vai facendo; vostedes queren plantexar algo que o Consello de Estado considera inconstitucional, que pode haber un recurso, pero que nos deixen aplicalo. Ah, seguridade xurídica, pode ser inconstitucional pero polo momento que nos deixen aplicalo e logo xa iremos vendo. Pois non, basicamente cando algo é previsible ou posible inconstitucional, o normal é que polo menos non se aplique ata que se saiba se pode valer ou non pode valer, que iso é como funciona a seguridade xurídica...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Por tanto, non podemos votar a favor, pero si facemos unha proposta a través da emenda, que é acordar que se resolva e que podemos legislar entre todos para ter as mellores ferramentas posibles para resolver a situación, que esa é a nosa emenda e que agardemos que poida ser aprobada, porque é unha proposta de consenso para tratar de que resolvamos a situación legal.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Olvídense de confrontar, traten de resolver algunha cousa.

Moita grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Bo día, señores e señoras deputadas.

Grazas, señor presidente.

Volvemos hoxe aquí para falar sobre a xestión da pandemia, sobre todo sobre as ferramentas legislativas que son precisas para esta xestión. Non sei se no escaso tempo que pasou desde o último debate deste cariz que tivemos o Partido Popular tivo xa tempo de decidir se o estado de alarma lle parece ben ou mal, ou se atopou xa unha nova ladaíña coa que queixarse do Goberno do Estado, porque aínda non acaba de quedar claro se as declaracións de hai vinte días de Javier Maroto no Senado de «Votaremos en contra porque los españoles no aguantamos más es una herramienta estéril» a representa ou non a representan. Queixábanse da predición do presidente do Goberno do Estado sobre a inmunización colectiva,



mentres que o presidente do Goberno da Xunta lanzaba o órdago de que no verán estaremos sen máscaras.

Desde o BNG o que temos claro é que o estado de alarma non é a medida ideal, desde logo o estado de alarma por si mesmo non abonda para poñerlle freo á pandemia; pode ser de utilidade, sobre todo hai un ano ao comezo da pandemia cando aínda non sabíamos moi ben como ían desenvolverse os acontecementos, pero a estas alturas precisamos novas ferramentas. Se hai algo para que serviu o estado de alarma é para confirmar ese mantra vello de que o Estado español é o máis descentralizado do mundo non deixa de ser máis que unha media verdade ou unha media mentira, segundo se queira ver. A descentralización do Estado español non se trata máis que dunha descentralización e deslocalización administrativa. Coa aplicación do estado de alarma evidenciouse como a capacidade de decisión, de xestión, de autogoberno do noso país se esvaeceu da noite para a mañá; que a golpe de decreto desaparece o autogoberno; e, o máis grave, que desaparece o autogoberno cando estamos falando dunha cuestión como a sanidade, que é competencia exclusiva do Goberno galego.

Mediante esta figura, o Goberno español puxo enriba da mesa, efectivizou a decisión política de centralizar as competencias en materias como a sanidade, non só nesta, sen atender a que as comunidades autónomas teñen competencias exclusivas nalgúns destes campos. E recalco que foi unha medida claramente política e non sanitaria, porque a través da centralización do mando único reforzouse tamén a tese do Estado español que resulta indispensable fronte a unhas autonomías que poden ser varridas facilmente, mensaxe, ademais, que se reforzou subliminarmente coa imaxe que se emitía desde o Goberno; só hai que lembrar as conferencias de prensa que se facían cun corro de militares detrás de quen estaba dando conta da situación sanitaria.

E a mensaxe que nos quedou é moi clara: as cousas importantes xestiónaas e ten que xestionalas España. Aquí aténdense simplemente os detalles que non se poden perfilar en Madrid.

E, fronte a isto, a postura do presidente Núñez Feixoo foi de que estaba claramente cómodo, tiña a coartada perfecta. Podíanse desviar os erros que se daban na xestión cara ao Goberno central, mentres que el tiña, segue tendo ese papel de mesías salvador, que non se despeitea moito e que pode recitar unha homilía diaria para guiar o rabaño. E aí está instalado este Goberno, na política da queixa, na de que non lle deixan facer pero sen facer nada, sen exercer tampouco aquilo no que si que ten competencias e aquilo que si pode facer, un Goberno que está totalmente cómodo coa delegación, coa cesión de competencias a Madrid. Falámolo onte nesta mesma tribuna, nin unha soa competencia durante os doce anos de Goberno do señor Feixoo, ningún reforzo nas competencias que xa ten dadas, e quedou claro cal foi a votación. A capacidade que ten o Partido Popular a renunciar ao Goberno sobre Galiza é verdadeiramente pasmosa.

Desde o BNG consideramos que o Goberno galego ten que ter capacidade, ten que ter ferramentas para poder xestionar esta crise sanitaria ou calquera outra crise que poida vir. Consistatamos que a centralización non supón maior eficacia na xestión, máis ben todo o contrario, e que as ferramentas que temos a día de hoxe non son suficientes, pois xa vimos coa facili-



dade que poden ser suprimidas, ben a golpe de decreto, ben a golpe de tribunal. Temos dereito como pobo a autorresponsabilizarnos da nosa situación, a decidir sobre ela, a aplicar as medidas sanitarias, neste caso, que se poidan considerar.

E a única vez que se lles acordou o autogoberno e que a crise sanitaria se podería xestionar desde a Galiza foi coa reforma, precisamente, da Lei de saúde. Os motivos polos que o BNG se opón a esta reforma eu creo que xa foron ditos, quedaron claros, pero eu vounos repetir, porque ao mellor por este lado de aquí non quedaron ben explicados. Unha reforma da Lei de saúde ten que traer medidas sanitarias, non o que se fixo por parte do Goberno do Partido Popular. Durante todo un ano, estiveron apelando á necesidade da reforma para supostamente ter ferramentas axeitadas coas que facer fronte a unha pandemia, unha reforma que era imprescindible e o que se veu poñer enriba da mesa non foron máis que unhas medidas de carácter restritivo e punitivo. Para unha pandemia precisamos leis sanitarias, leis de saúde, non leis de orde pública. E por iso nos opuxemos a esta reforma, porque, por unha banda, é un recorte de dereitos e por outra banda porque non fala de saúde, non fala do persoal do sistema sanitario, non fala do control de infeccións, nin de epidemias, nin de pandemias, só enumera sancións que van parellas a eses recortes de dereitos. Non se trata de buscarlles encaixes legais, trátase de que esta norma non responde ás necesidades da pandemia e as leis teñen que responder ás demandas, ás necesidades reais que teñen neste caso as galegas e os galegos, non a un simple capricho de quen está gobernando. Pero agora enchen o peito dicindo que o señor presidente Sánchez non lles deixa exercer o seu dereito ao autogoberno, que Madrid lles impide a capacidade de actuación, que por culpa do Executivo do Estado non poden xestionar a pandemia. ¿En que momento do ano e pico que levamos coa Covid entre nós lles acordou o autogoberno? ¿Cando en xeral lles acorda a vostedes o autogoberno? ¿Ou é que agora a demanda de autogoberno é só unha nova liña de enfrontamento co Goberno central?

E permítanme que colla as palabras que xa dixo onte a miña compañeira Montse Prado desde esta mesma tribuna: sorprende que tivese que chegar unha pandemia para que o Partido Popular se dese conta de que o marco autonómico non serve para resolver os problemas dos galegos e das galegas, aínda que o que lles vén ben é facerse os indignados coa falta de instrumentos da Xunta, porque o que teñen é demostrado en demasiadas ocasións que non queren competencias, que decida Madrid. O que pasa é que Madrid decide o que lle parece, e ese é o problema. O que non é razoable é deixar que as decisións as tomen outros e despois virse queixar de que as decisións non son as correctas.

Comenteino xa no Pleno anterior, tamén na Comisión 5.^a, onde tratamos este mesmo tempo, e isto é que vai máis alá de xogar ao tenis entre San Caetano e entre Madrid. Vai de atender as necesidades reais que ten a xente, que ten o sistema sanitario, de atender as cuestións que a pandemia está a poñer enriba da mesa, tanto a propia xestión da infección, da vacinación, como o resto das patoloxías, especialmente as de saúde mental, as patoloxías crónicas que viron alterado o seu seguimento. Atender o estado das pacientes, atender o estado das profesionais, que levan 14 meses traballando nunhas condicións totalmente adversas, incluso nalgún momento indignas, rompendo o lombo para que poidamos saír adiante.

Concordamos en que son necesarias máis ferramentas para poder actuar na crise sanitaria. A primeira delas, reforzar a sanidade pública galega, con máis persoal, con máis recursos e



con máis orzamento, mais sabendo sempre que as decisións se teñen que tomar aquí, atendendo ás nosas necesidades e ás nosas circunstancias.

As ferramentas e a xestión do sistema sanitario teñen que ser necesariamente do Sergas, non poden ser decretos revisados en tribunais de orde pública nin en despachos de Madrid. Por iso presentamos a nosa emenda, para esixir do Goberno do Estado que realice os cambios necesarios na lexislación para que a competencia do sistema sanitario sexa plenamente galega, que non sexa unha competencia de quita e pon, que en época de calma se pode ceder, pero que ante a crise ten que volver necesariamente a mans do Estado, que é quen toma as decisións importantes, como nos viñeron a demostrar.

De nada vale reclamar o autogoberno cunha reforma da Lei de saúde, cando ao mesmo tempo se poñen de perfil cando efectivamente se nos quita ese autogoberno. Por iso, agardamos que o Grupo do Partido Popular considere a nosa emenda, porque, se non, o que vén evidenciar unha vez máis é que o que lle importa non é o autogoberno, nin lle importou nunca, o que lles importa agora mesmo é ter unha nova cantinela, unha nova copla coa que confrontar con Madrid.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Queda claro todo, perfectamente. Señora Carreira, ao BNG a súa defensa do autogoberno de Galicia esgótaselle cando teñen que aliñarse co Partido Popular de Galicia e coa Xunta de Galicia. Son vostedes máis sectarios que nacionalistas, son vostedes un nacionalismo de pandeireta, e por iso vostedes non son útiles para Galicia. Son vostedes capaces de defender que non temos lexitimidade neste Parlamento para darnos leis con tal de non contradicir a Pedro Sánchez. Son vostedes lacaios, útiles só unicamente ao señor Pedro Sánchez; niso se ten convertido o Bloque Nacionalista Galego, dirixido pola señora Ana Pontón. Lacaios ao servizo do señor Pedro Sánchez. O sectarismo é maior que a defensa de Galicia, niso se resume todo o Bloque Nacionalista Galego de Ana Pontón.

Doutor Torrado, con que frivolidade asume o debate dun asunto tan importante cando está morrendo xente todos os días, ¡que frivolidade! Vostede é o máis parecido, xa llo dixen en comisión, ao doutor Coté, a ese falso médico de Ferrol, porque vostede utiliza o mesmo *modus operandi*, fala de oídas e trata de enganar a xente, esa é a forma na que vostede fai política.

Mire, se confrontar é defender a saúde dos galegos, nós imos confrontar con quen faga falta, esa é a realidade. Se vostede cre que un regulamento é máis garantista que unha lei, é que vostede pretende tomarlle o pelo a toda a cidadanía deste país.



Mire, vostede representa aquí o Goberno de *uno o dos casos a lo sumo*, ao Goberno de *hemos vencido el virus*. Ese es el Gobierno al que usted representa aquí, a ese Gobierno que se dio a la fuga, porque en plena pandemia mandó al ministro de Sanidad —¡nada más y nada menos!— de candidato a Cataluña, y mandó al vicepresidente segundo —¡nada más y nada menos!— de candidato a la Comunidad de Madrid. Eso es lo que a ustedes les preocupa, al Gobierno de Pedro Sánchez, la gestión de esta pandemia. Gobierno a la fuga, exemplo de irresponsabilidade.

¿E sabe que ocorre neste contexto? Que dese Goberno, (*Murmurios*.) que nin está nin se lle espera, ninguén agarda xa nada del. Mire, mentres ese Goberno delegaba a xestión da pandemia integramente nas comunidades autónomas, adicábase a organizar dende a Moncloa mocións de censura en tres comunidades autónomas, adicadas ademais a xestionar a pandemia. Iso non é confrontar, señor Torrado, iso non é confrontar. Iso é un exemplo de deslealdade institucional absoluta, do Partido Socialista, que nin é partido, nin é socialista, é única e exclusivamente a defensa dos intereses do señor Pedro Sánchez, presidente a la fuga, escapado da xestión desta pandemia dende hai 14 meses.

Señor Torrado, vostede pediu por activa e por pasiva, repetiu nesta Cámara por activa e por pasiva que o Partido Popular estaba en contra do estado de alarma e que agora en cambio nos queixabamos de que o estado rematara. ¿Acórdase? É o que di habitualmente nestes xogos que vostede se trae. Mire, ese argumento é dun simplismo tan burdo, señor Torrado, que nin sequera é propio de vostede.

Dende o primeiro momento pedimos ao Goberno unha reforma da lexislación orgánica en materia de sanidade para non ter que depender dun mecanismo excepcional como é o estado de alarma. Á falta desa lexislación que esiximos dende o primeiro momento, ou dunha propia de Galicia que vostedes se empeñaron en bloquear, o estado de alarma era a única ferramenta que nos permitía manter legalmente esas restricións.

En resumo, no Partido Popular de Galicia, señor Torrado, non queremos un estado de alarma perpetuo, pero tampouco podemos carecer de medidas que o estado de alarma permite aplicar. Tampouco estamos a favor do baleiro legal que patrocina o Partido Socialista e o señor Pedro Sánchez.

Señorías, cando pase un tempo e esta pandemia sexa un mal recordo, os galegos non esquecerán como nos comportamos cada un de nós. Os galegos non esquecerán como o Goberno do Estado se inhibiu das súas responsabilidades negándose a xestionar a pandemia e negándose a lexislar sobre a pandemia. E como tratou ademais de boicotear a xestión da lexislación das administracións responsables que quixeron lexislar. Os galegos non van esquecer como o Goberno dedicou ese tempo a tratar de derribar gobernos autonómicos, mentres a xente enfermaba e a xente morría no noso país. Os galegos non esquecerán como o Goberno se dedicou a ler enquisas, en vez de ler partes epidemiolóxicos. Ese é o seu Goberno.

Pero os galegos tampouco van esquecer a deslealdade do Bloque Nacionalista Galego, que pasou toda a pandemia como mero observador e comentarista da realidade. Ana Pontón, agardando



tranquila dende a comodidade da moqueta deste Parlamento a que a Xunta cometera algún erro para saír a criticalo. Esa é a súa actuación. Esixindo pola mañá restricións máis severas no Parlamento e criticando pola tarde a dureza das medidas cos hostaleiros. Ese é o resumo, señora Pontón, esa é toda a súa aportación aquí en Galicia. Si, si, esa é a súa aportación.

Os galegos non esquecerán a hipocrisía do PSdeG-PSOE, que non fixo máis que aplaudir a nefasta xestión dun Goberno desaparecido, con Gonzalo Caballero máis preocupado polo seu breve futuro político que por defender os intereses de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* avergonzado ata polo Tribunal Supremo, que reconece os socialistas como un Goberno moroso e un Goberno mentiroso. E deixa retratados os palmeiros, como o señor Arangüena, do PSdeG-PSOE, que o defenderon ata o ridículo.

Pero sobre todo estou convencido de que os galegos non esquecerán o enorme esforzo do pobo galego e do Goberno galego, porque o Goberno galego estivo dende o primeiro momento á altura das circunstancias,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...porque o Goberno galego tivo a valentía e a responsabilidade de tomar as medidas que eran necesarias en cada momento, asumindo a dificultade de gobernar. E porque o Goberno galego logrou, xunto cos expertos do Comité Clínico galego e dos profesionais do Sergas, que Galicia sexa a comunidade autónoma da península cunha menor taxa de mortalidade.

Lamento que os partidos da oposición...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado, terminou o seu tempo. Grazas. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

¿Para que quere a palabra? Silencio, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...concederme a palabra. O Regulamento non di, *poderá conceder a palabra*. Di, *dará un turno de palabra por alusións*.

O señor PRESIDENTE: Perdón. Se o presidente considera que a intervención alude a vostede e ten un ton pexorativo, e neste caso eu considero que non é así. *(Protestas.)* Non foi así, non foi así. Non, non, *palmeiro (Pronúncianse palabras que non se perciben.) palmeiro* para min non é pexorativo. Non, non, non; non imos ao *Diccionario da Real Academia* agora. Non o vou dar. Non, perdoe. Non a vou conceder.



Palmeiro non o considero unha alusión ofensiva. Síntoo, síntoo. Non, terminou, terminou. Non llo vou dar, perdoe. Non o considero, non o considero. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, por favor, que non, que non, non, foi unha alusión que eu non a considero ofensiva dentro dun... (Protestas.) non a considero eu, perdoe e xa está, non a vou dar. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, perdoe, iso... as alusións valóraas a Presidencia, iso di o Regulamento, cando a xuízo da Presidencia.

Está cerrado o tema, señor Arangüena, está cerrado o tema. Imos votar, está cerrado, está cerrado. Non, señor Torrado, non lle vou a dar a palabra. Eu non estaba no debate, eu non estaba no debate. Non sei se o señor Diego Calvo, que estaba presidindo, considera que hai algún motivo para que eu lle poida dar a palabra. (*Murmurios.*) Non, porque eu non estaba, perdoe. Non vou facer eu unha cousa non estando, porque se non dirán... porque me vai dicir porque vostede como... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Estamos nós aquí tratando de aclarar determinadas cuestións. Non nolas veña aclarar vostede. Xa está isto bastante complicado, queremos aclarar nós, por iso lle estou preguntando ao señor vicepresidente, que eu non estaba, non me veña a complicar máis a xogada, por favor.

Entón, vostede quere matizar as súas propias palabras. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, déalle voz ao escano.

¿Quere explicar, o que?

O señor TORRADO QUINTELA: Eu quería solicitar da Presidencia a palabra polo seguinte: foise comparada a miña figura coa dunha persoa condenada, confesa e autor culpable e acusado de presuntos homicidios. Creo que non é procedente, e queríalle pedir á Presidencia, non entrar no debate de alusións, pero se considera a Presidencia que pode ser aceptable retiralo ou non.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: A ver, ¿para que quere vostede a palabra, señor Tellado?

Déanlle voz ao escano.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Simplemente se ao señor Arangüena lle parece un insulto a palabra *palmero*, e se esa é a única obxección que ten sobre a miña intervención, supoño que está de acordo con todo o demais, retiro a palabra *palmero*, claro. (*Risos.*) Retiro a palabra *palmero* pola concordia parlamentaria. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Púidomo dicir antes e evitabamos esta polémica. (*Risos.*) ¡Agora mo di! Agora retiroulla, é que eu non a considero ofensiva, ¡eh!, ¡Quede claro! Voume manter na miña postura, non a considero ofensiva. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por iso non a mandei retirar; agora, se a retira el voluntariamente, perfecto. Está morto o debate, señor Arangüena, non hai nada máis que dicir, está retirado. Por favor, por favor, vamos votar.



Xa está bastante complicado por isto por unhas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? Dixo que non procedía o señor vicepresidente, que era quen estaba presidindo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Autonomía de Presidencia. Así debe ser, ten autonomía quen preside. Non vou estar eu presidindo desde o despacho. *(Murmurios.)*

Votación das proposicións non de lei

Ben, votamos. Votamos as proposicións non de lei e comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego.

Hai unha proposta de transacción que formulou o Grupo Parlamentario Popular. Non se acordan... ¿Chegaron a ese acordo? Votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición de lei dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Votamos agora á do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de Miguel Ángel Tellado.

Non sei coas emendas, se se aceptan... Non se aceptan as emendas. Votamos.

A autoemenda dáse por incluída, non vai votar vostede en contra da súa propia emenda. Votamos. *(Murmurios.)*

Podía ser, pero non é.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Claro, normal, hai que estar a moitas cousas.



[...] do Bloque Nacionalista... —Complicáanse as cousas e vostedes téñeno que entender, son momentos de certa tensión e tamén a vivimos aquí. Isto pásalle a calquera, jeh! Había que estar aquí—.

Ben, a terceira. Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Olalla Rodil.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a asunción polo Goberno galego da xestión pública directa das residencias de maiores que se van construír nas sete principais cidades de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa da señora Rodríguez Rumbo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera.

Aquí manifestouse, segundo me transmite o vicepresidente, que se aceptan como engádegas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego os puntos 1, 2 e 5, e na do Grupo Parlamentario Popular acepta como engádegas o punto 1. ¿Isto é correcto? ¿Están de acordo nisto? ¿Están de acordo todos? ¿Din que si? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.)*

¿Non hai acordo? Pois, entón, votamos coa engádegas que se aceptou do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 42; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de don Miguel Tellado.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e trece deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 13; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

Remataron aquí as votacións e voulle ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos sobre a situación do pobo palestino, e que di:

«Co gallo do aniversario do comezo do éxodo do pobo palestino, que se celebra o 15 de maio, o Parlamento de Galicia reclama da comunidade internacional que esixa a Israel o seguinte:

O cumprimento das resolucións das Nacións Unidas.

O respecto absoluto dos dereitos humanos de palestinas e palestinos.

O respecto absoluto dos dereitos colectivos do pobo palestino.

O recoñecemento do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas das que foron expulsadas.

Manifestamos o noso máis firme compromiso cos dereitos inalienables da persoa, coa liberdade e co máis pleno respecto á dignidade humana.

O Parlamento de Galicia non escatimará esforzos en contribuír desde Galicia a construír unha orde internacional xusta co amparo da legalidade internacional, un mundo en que a forza fiquese sempre sometida ao dereito.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2021»



Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Apróbase por asentimento.*)

E continuamos coa orde do día, interpelacións.

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino

Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Mercedes Queixas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Cando queira.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizóns, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor conselleiro.

Unha década despois, informes e avaliacións sociolingüísticas revelan unha certeza: o fracaso da actual política lingüística educativa. Asistimos á sinatura dunha acta que certifica a experiencia contrastada por cada unha de nós no día a día, porque só é preciso vivir con atención cara ao noso idioma para verificarmos a súa realidade social. Pechamos unha década que nos amosa un relato político decadente ao que non permaneceu allea en ningún momento a inmensa maioría da sociedade galega que viviu e reaxiu activamente quer nas rúas cando era convocada nalgún contexto reivindicativo, quer na acción individual abrindo novos camiños á imaxinación, á creación, á transferencia de coñecemento e á comunicación nun galego vivo e moderno como lingua útil que é. Unha actitude proactiva que tan ben sintetiza a afirmación da nosa escritora homenaxeada este próximo 17 de maio, Día das Letras Galegas: o idioma é o principal signo dunha cultura; á forza do idioma e á forza da nosa cultura aferrámonos no BNG.

Na última década vimos florecer novas primaveras para a lingua grazas a un pobo comprometido que se resiste a sucumbir ás sombras do Partido Popular, que primeiro escolleu mirar polo retrovisor cara atrás, impondo unilateralmente e sen consenso un decreto no ensino que limitaba a súa aprendizaxe e volvía máis unha vez converter as aulas en espazos desgaleguizadores, nomeadamente na etapa máis delicada para a adquisición de linguas, como é a educación infantil, e que até o de agora optou por mirar cara a outro lado malia todas as advertencias desta década.

Con esta interpelación, hoxe queremos preguntarlle, señor conselleiro, cara a onde van mirar a partir de agora á vista das evidencias. Díxollo xa no seu día o Consello da Cultura Galega nun ditame esclarecedor que chamaba o Goberno a recuperar literalmente un amplo consenso político, social e institucional, que alertaba da trampa da etiqueta do seu plurilingüismo ao entender que a introdución dunha lingua estranxeira como vehicular nun terzo do horario lectivo é, por unha banda, precipitada e, pola outra, non ten lugar nun decreto que debería regular o uso das linguas oficiais, e que ao tempo invocaba que o seu discurso sobre o idioma debe deixar de formularse en termos de problema e cumprirse o consensuado no Plan xeral de normalización da lingua galega.



Sabe vostede coma min, conselleiro, que estou lendo literalmente, que non son palabras desta deputada nin do Bloque Nacionalista Galego.

Díxollo tamén a Real Academia Galega ao cualificar a súa lexislación para o ensino como inaceptable, pois supón un claro retroceso na protección e promoción do idioma galego en relación coa lexislación vixente, inconsistente legalmente, irresponsable co grave perigo de converter a cuestión lingüística nun motivo de permanente conflito na sociedade galega e insostible desde o rigor pedagóxico e sociolingüístico. Sabe vostede que estou lendo literalmente.

Díxollo, pois, a Real Academia Galega ao observar que a súa estratexia plurilingüe non só non é viable na práctica, di, senón que ademais semella que tal bandeira trilingüe se utiliza para ocultar a perda e subtracción educativa do idioma galego.

A Real Academia Galega, como o Consello da Cultura Galega, chamou este Goberno para o diálogo e para o acordo social integrador, convidando á constitución dunha comisión parlamentaria que elaborase unha proposta de desenvolvemento consensuado co Plan xeral de normalización da lingua galega.

E aínda temos que lembrar que moitas máis voces falaron nesta década. Dixéronllo desde o Consello Consultivo, desde o Consello Escolar de Galiza, desde o Consello da Xuventude, desde as tres universidades galegas, desde os sindicatos que representan o 90 % do profesorado, desde múltiples asociacións, colectivos, institucións, plataformas, desde as ANPA, e díxollo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anulando dous artigos fortemente lesivos para o galego que vostedes teimaron en incluír no seu decreto de plurilingüismo. (*Aplausos.*)

E mentres tanto, malia todas as voces, o PP só, fronte a todos, decidiu continuar disposto a escribir, se se me permite parafrasear o título de don Gonzalo Torrente Ballester, a Crónica do Goberno pasmado. Si, unha década de Goberno pasmado que optou por claudicar ante as esixencias dos postulados minoritarios, máis negacionistas da extrema dereita, camuflada nesa apoloxía pseudobilingüe e cuxo nome por suposto non vou citar nesta Cámara porque xa o pobo galego se encargou nas eleccións pasadas de deixalos absolutamente fóra deste Parlamento. E mentres tanto a sociedade galega quere termar orgullosa da súa lingua, botando o pulso á demagogia e sostendo, e reitero outra vez, o pulso e o verso firme de Xela Arias: «declárome inconforme». No BNG tamén nos declaramos cada día desta década inconformes con esta política lingüística educativa. (*Aplausos.*)

Nesta década negra para o noso idioma, para a mellora da competencia lingüística en galego da infancia e da mocidade, posicionouse tamén reiteradamente o Comité de Ministros do Consello de Europa, con senllos informes do ano 2012, 2016, 2019, e aínda cunha nova avaliación a medio termo hai escasamente un mes, cada vez cun maior nivel de crítica ao Goberno galego, no que ten a ver co ensino, fundamentalmente, mais non unicamente, e coa quebra no uso da lingua do país, o que vén ser un flagrante incumprimento da Carta europea das linguas rexionais e minorizadas.

O Consello de Europa demanda con urxencia que se eliminen as limitacións á docencia en galego en todos os niveis educativos precisos e tamén que se fagan públicos os informes de



avaliación dos organismos supervisores no ensino. Preguntámoslle de novo, señor conselleiro, ¿teñen cumprido eses mandatos?, ¿teñen entregado e elaborado eses informes? Nós seguimos pedindo e seguimos agardando por eles, porque o que nos chegou a semana pasada despois de reiteralo non é o actual, é o do ano 16; non pretendan despistarnos, nós andamos pola hora nova, non pola hora vella. Mándenos o do 19, por favor. *(Aplausos.)*

O organismo europeo recrimínalle ao Goberno que a presenza do galego é insuficiente no ensino, sábeno perfectamente, nomeadamente en idade preescolar. Volve penalizar que no ensino secundario as grandes áreas científicas, a tecnoloxía, estea prohibido impartila en galego, e volve chamar a atención de que non temos a posibilidade de termos unha educación integramente en galego en ningún centro. Preguntámoslle, ante todo isto, ¿que medidas ten implementado?, ¿que actuacións vai pór en marcha para dar resposta ás demandas do Consello de Europa? Un informe do Consello de Europa que sabemos que volve ratificar o que xa nos viña indicando o Instituto Galego de Estatística a respecto do grave descenso na competencia e no uso do galego. E insistimos, por suposto, nesa idade fundamental que é a infancia e que volve ser a mocidade.

É certo que en boa medida debido á quebra da transmisión xeracional, é certo, o que desde logo, insistimos, deixa a escola como a única posibilidade, en moitos casos e en contornas máis castelán falantes de adquisición da lingua propia e oficial, algo que a actual normativa impide. E, mentres vostedes parece que continúan impasibles, igual hoxe conseguimos respostas, chega a recente avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4.º da ESO publicada recentemente pola Real Academia Galega, para confirmar algo determinante, que a primeira promoción que estudou toda a educación primaria e toda a educación secundaria conforme o regulado no Decreto de plurilingüismo presenta un importante desequilibrio na competencia nas dúas linguas oficiais, claramente desfavorábel ao galego, porque até un 35 % do noso alumnado cando remata a etapa da escolaridade obrigatoria non acada esa dupla competencia. Preguntámonos que valoracións fai o Goberno, porque aínda non as escoitamos, non as lemos. ¿Van persistir neste autoengano?, ¿van seguir a xustificar unha política lingüística que claramente se acaba de demostrar, de verificar —non é xa opinable— que non funciona, ou pensan de verdade establecer algún mecanismo de corrección e de rectificación?

Fica incumprido o principal obxectivo que determina e ao que nos obriga a Lei de normalización lingüística e tamén o propio Decreto de plurilingüismo. Estase invalidando a súa propia norma, non se consegue a competencia equilibrada nas dúas linguas oficiais. Urxe, por tanto, revisar o actual marco educativo, xa que se constata como claramente insuficiente, para avanzar no coñecemento do idioma e polo tanto tamén na súa normalización. E apostar por un modelo que camiñe cara un uso pleno do galego como lingua vehicular no ensino, eliminando as restricións que o impiden, como está lembrando o consello de Europa.

A escola non é o único lugar onde hai que traballar sen descanso para manter a lingua, é certo, concordamos, pero si sabemos que segue a ser o espazo fundamental de socialización que debe ter, polo tanto, un papel central para corrixir as carencias que dentro da sociedade están a limitar o coñecemento e o uso da nosa lingua, pois non se garante a liberdade de escolla para vivir nunha lingua se non hai garantía plena de coñecemento, confianza e seguridade no seu dominio.



Rematamos de novo —porque os días ben o merecen— coa forza dos versos da poeta homenaxeada este 17 de maio: «De certo, a vida ía en serio», escribiu Xela Arias. De certo, o futuro vivo da lingua vai en serio, e depende de nós, e depende da vontade política tamén deste Goberno. Agardamos coñecer agora da súa propia voz cal é ese proxecto de futuro para o galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora deputada, falaba vostede de andar pola hora nova ou pola hora vella, a verdade é que, despois de escoitala a vostede, está non na hora vella, está na hora de antes de onte. Porque a verdade é que veu aquí unha vez máis a plantexar unha serie de argumentos tremendamente escoitados, moitas veces escoitados en centos de veces, incluso diría eu neste Parlamento. E creo que a nosa visión é diferente do que debe ser unha política lingüística, do que debe ser un modelo educativo, e iso non é nin bo nin malo, simplemente é que a nós os galegos nos fan caso e a vostedes non, porque a súa visión non é a que queren a maior parte, a maioría dos galegos.

En todo caso, tamén é certo que arredor destas datas, arredor do 17 de maio tamén se repite, igual que os seus argumentos, un certo ritual con diferentes iniciativas, interpelacións, preguntas vencelladas á lingua. Normalmente queixándose sempre dun maltrato tremendo por parte da Xunta de Galicia cara á nosa lingua, cara ao noso idioma. Non é nada novo, é moi habitual.

Eu, sen embargo, antes de comezar e de concretizar, eu téndolles a man, e gustaríame tenderlle a man. ¿Por que?, porque debemos traballar en positivo, non debemos ter unha visión tan negacionista e unha visión tan específica só dos datos que nos interesa ver e obviar outros datos que eu poñerei encima da mesa na miña exposición.

Creo que debemos, e así o facemos, tenderlle a man para traballar en positivo polo galego, pola nosa lingua para promocionala, para defendela, pero facelo ao xeito galego. E, ¿como é o xeito galego? Facelo en positivo, facelo sen exclusións e dando resposta ao que é Galicia, ao que somos aquí, unha sociedade aberta, tolerante, unha sociedade integradora. E ten vostede razón, collendo aquelas palabras de que o pobo é o que máis ordena, sen dúbida, o pobo é o que máis ordena, e o pobo é libre, as persoas son libres, e empregan a lingua no uso coñecido que queren, vostede sábeo moi ben. Non lle podemos impoñer a ninguén que fale unha lingua ou outra, afortunadamente, nesta sociedade.

Tamén é certo que, non hai moito tempo, respondín unha pregunta moi semellante a esta no Pleno pasado; tamén o secretario xeral de Política Lingüística compareceu hai uns días



na Comisión 4.^a, e creo que a nosa postura no eido educativo vencellada coa lingua está clarísima, eu creo que non pode estar máis clara, porque levamos dez anos falando dela e sempre cos argumentos semellantes.

A verdade é que a min me gustaría que o debate de hoxe fose máis construtivo, a non ser que vostede veña aquí pois a falar do seu libro e a intentar mobilizar, como vostede dixo, mobilizar cara á tradicional convocatoria do 17 de maio.

Eu, a verdade é que apelo ao nacionalismo a que faga unha reflexión, unha reflexión de como inflúe na cidadanía, como inflúen nas persoas certos debates reiterativos que en moitas ocasións están alleos ás preocupacións desta cidadanía, e eu quero aquí neste caso pois traer a colación unhas declaracións dunha persoa tan respectada como é Ramón Villares, ¿que nos di Ramón Villares? Nunhas moi recentes declaracións di literalmente que «*Se a lingua continúa sendo un motivo de conflito político, fica perdida*».

Mire, a nosa lingua, nós pensámolo así, o galego ten presente e ten futuro, sen dúbida, e temos que traballar mirando para o futuro, e a nosa política lingüística baséase en tres cuestións fundamentais: a primeira, o respecto ao marco normativo; a segunda, a atención ao sentir da maioría dos galegos e das galegas; e, a terceira, a aposta por garantir o futuro do galego en todos os ámbitos, e sempre dende a tolerancia e sempre dende a liberdade das persoas. E, por suposto, traballamos para adaptarnos aos novos tempos, crear actitudes positivas e, sobre todo, pensando nos máis xoves, nos máis novos.

Temos uns retos encima da mesa fundamentais; un deles, sen dúbida, é o desenvolvemento tecnolóxico. Queirámolo ou non, estamos nunha sociedade cada vez máis dixitalizada, o mundo dixital forma parte das nosas vidas, da vida cotiá, da vida profesional, absolutamente. Onte mesmo, estou seguro de que vostedes o saben, presentamos un proxecto que entendemos tremendamente importante para o presente e para o futuro da lingua, e que vai situar a nosa lingua ao nivel doutras linguas significativas como pode ser o inglés, como pode ser o castelán.

Queremos que o galego sexa unha lingua viva que se poida usar en todos os ámbitos e por iso este proxecto, o proxecto Nós, o que queremos con el é situar o galego en dous ámbitos fundamentais: por unha parte, na intelixencia artificial e, por outra parte, nas tecnoloxías da linguaxe. E iso posibilitará de xeito directo contar cun banco de recursos para que se poidan posteriormente desenvolver aplicacións para, como se di, se se me permite vulgarmente, falar coas máquinas, algo que é fundamental no presente e no futuro.

Creo que debemos apostar polas novas xeracións, debemos apostar polo mundo dixital e creo que isto é, sen dúbida, un bo exemplo do que debe ser un traballo en positivo. E a verdade é que cada vez máis o galego se usa con total normalidade en campos moi diversos. Por exemplo, outra referencia que me gustaría traer, a da presidenta da Academia Galega do Audiovisual, que nos fala de que a percepción sobre a lingua galega non é a mesma; e pon un exemplo, que tamén saíu publicado estes días, como unha película moi concreta que se rodou en galego se estreou en Madrid en lingua galega con total normalidade, ¿por que? Porque a lingua afortunadamente, a lingua en Galicia non é motivo de confrontación a nivel



xeral; iso si, hai algúns nun extremo do espectro político e do espectro, digamos, lingüístico que queren que só falemos en galego, e outros que queren que só falemos en castelán. Afortunadamente a inmensa maioría da sociedade galega quere falar nas dúas linguas e quere aprender as dúas linguas, e ese é o noso modelo, é o noso modelo propio, por dicilo dalgún xeito. Creo que é xa coñecido por todos, non hai decreto, creo que hai moi poucos decretos na historia da autonomía que tivesen e xerasen tantos debates públicos, políticos, posicionamentos como o decreto do purilingüismo e, sen embargo, ao final os resultados están aí e os resultados do modelo galego están aí.

E vostede fala de datos e trae sempre unhas referencias concretas duns datos concretos, cunha metodoloxía moi concreta. Eu vou traer datos aquí os cales son feitos, son feitos por organismos internacionais, e que eu creo que nos deixan en moi bo lugar a Galicia e aos galegos, e é o informe PISA, é un informe comparado. ¿Que nos di o informe PISA? Que Galicia é a comunidade onde o alumnado fala as dúas linguas cooficiais con máis facilidade de toda España. ¿Que nos di o Informe PISA? Que o 96 % do alumnado afirma falar ben ou bastante ben o galego e sendo os primeiros por diante de todas as comunidades autónomas de España onde hai dúas linguas.

E un dato tamén moi interesante que tamén di este informe, que os nosos xoves son os máis tolerantes e respectuosos con outras culturas de España. Curiosamente noutras comunidades autónomas bilingües está nos últimos postos, algúns modelos que vostedes queren trasladar neste caso a Galicia.

E aquí xorde unha contradición absoluta entre o discurso do BNG que acabamos de escoitar aquí e que o escoitamos reiteradamente e a realidade. ¿Por que? Porque se pode cuestionar a política lingüística educativa da Xunta de Galicia, por suposto que se pode, pero adornala con tantos cualificativos desastrosos como vostede o fai non cadra cando os informes comparativos con outras comunidades autónomas nos sitúan en cabeza en coñecemento, en destrezas, en uso. Entón, algo falla. Home, nós podemos ser moi malos, e ao mellor os galegos somos moi malos e a Xunta é moi mala, ¡pero somos os mellores de España! ¿Como están os outros? ¿Como serán os outros, señora deputada?

Obviamente, eu estou seguro de que vostede vai vir aquí despois negando estes datos e dicindo que non é certo. E seguro que poñerá un estudo parcial concreto dicindo que é a Biblia, tamén é habitual. Como tamén é habitual que vostedes nunca poñan encima da mesa os datos feitos polo Instituto Galego de Estatística no ano 2019. ¿E que nos din estes datos? Tamén os vou repetir, creo que os dixeran na última sesión parlamentaria. Pois dinnos que comparativamente o galego do ano 2019 co ano anterior, co ano 2015 —son os datos oficiais—, cada certos anos increméntase o número de galegofalantes, que é a lingua maioritaria; que temos os índices de competencia máis elevados de todas as comunidades autónomas de España con linguas cooficiais, que hoxe falan galego máis persoas da nosa comunidade, que máis do 51 % da poboación ou é monolingüe ou é bilingüe en galego. E que medran —o cal é tremendamente positivo— os usos bilingües, e que se usa en normalidade sen deseñar un marco polar entre unha lingua e outra.

E eu creo que é o que debemos facer, seguir traballando nesta liña...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...debemos seguir utilizando a lingua para comunicarnos, para entendernos. Galicia e os galegos somos tremendamente tolerantes.

E eu o que... —xa remato, señor presidente— eu o que lles plantexo é que lles fagamos caso, señorías, ás referencias, como pode ser Ramón Villares; que vexamos tamén o que din os nosos referentes de sectores tan globalizados como pode ser o audiovisual; que apostemos polo futuro da nosa lingua, como o estamos facendo precisamente cun proxecto como o proxecto Nós, que presentamos onte; e como dixeran ao inicio, señora deputada, señores do Bloque Nacionalista Galego, a verdade é que lle tendemos a man para traballar polo país, para traballar pola nosa lingua...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...e para traballar pola nosa cultura. E que en definitiva, señorías...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...é traballar polo noso futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: O obxectivo dunha interpelación, señor conselleiro, é facer preguntas e obter respostas, e eu non obtiven absolutamente ningunha resposta ás preguntas que eu... *(Aplausos.)* nin formulei primeiro por escrito nin formulei agora oralmente. *(Aplausos.)* Laméntoo profundamente.

O problema non é termos unha visión diferente sobre a política lingüística aplicada á educación, vostede sabe que ese non é o problema. O problema non é ter visións diferentes, o problema é comprobar agora de forma científica e empírica que o seu proxecto non funciona, que non obtén os resultados que se necesitan. O que di vostede, os resultados do modelo galego están aí, efectivamente, están aí e non nos gustan, queremos mudalos porque non son bos, porque non aseguran o coñecemento do galego.

O informe constata que o modelo lingüístico vixente no sistema educativo está consolidando os desequilibrios existentes no canto de compensalos, iso é o que di esta avaliación. Unha



avaliación asinada pola Real Academia Galega a partir dun proxecto fundamental, como vos tede ben coñece —aínda que dea coa cabeza en sentido negativo, que me parece unha falta de respecto soberana, ¡soberana!, pola institución, sinceramente llo digo—, esa é unha das moitas conclusións que están nese estudo e que non entendo como o Goberno aínda non se pronunciou.

Di vostede que ten a man tendida. Mire, a man tendida témola no Bloque Nacionalista Galego porque levamos 7 mesas da Comisión 4.^a, de Educación e Cultura, demandando que veñan aquí os colectivos da sociedade explicar cal é esa proposta de bases para unha política lingüística, (*Aplausos.*) para unha normalización lingüística no ensino. (*Aplausos.*) E continuamente o que escoitamos é o veto e a palabra «non», a negación por sistema, a posición negacionista por sistema, porque non lles gusta, e xa nos deixaron claro desde a Presidencia que van facer o que vostedes consideren, ignorando democraticamente o que pensamos ou opinamos os demais.

Paréceme moi ben que fale dese proxecto Nós, moi benvido. Estou esperanzada no sentido de que camiñe tamén —xa que a preocupación é, como é lóxico, que a lingua galega entre no ámbito da tecnoloxía, punteiro—, estou esperanzada, insisto, en que entón comecen por eliminar a prohibición de impartir en galego a materia de Tecnoloxía (*Aplausos.*), porque parece unha absoluta *contradictio in terminis*. (*Aplausos.*)

E algo moi importante neste proxecto é —vostede díxoo— que nos vai permitir falar en galego coas máquinas. O que os datos nos din é que cada vez os nenos e as nenas saben falar menos, entón dá igual que a máquina estea disposta ou preparada para escoitar en galego se non temos as persoas capacitadas con competencia lingüística (*Aplausos.*) para falarlle tamén ás máquinas en galego. (*Aplausos.*) E antes que as máquinas as persoas, por favor; valoremos as persoas e a comunicación interpersoal. (*Aplausos.*)

Ben, non fixeron ningunha declaración en relación a esta primeira avaliación, cousa que vostedes non fixeron, incumprindo o seu decreto, de cal é a situación de coñecemento de competencia lingüística dende a escolaridade obrigatoria. Non fixeron ningunha mención, ignoran un estudo científico asinado pola Real Academia Galega, é dicir, ignoran a realidade. Non concordan con eses resultados, pois entón poñámonos a traballar e traballemos para outros, mudemos aquilo que sexa necesario efectivamente. ¿Como non imos seguir reclamando que poñan o traballo a funcionar para que algo que non está ben se resolva? ¡Claro que o vai dicir o Bloque Nacionalista Galego todos os días e non só o 17 de maio, como fan vostedes!, que parece que só escollen esta data para anunciar de momento algún titular mediático e algunha fotografía. Logo está por ver se o proxecto Nós pode ir adiante ou non en función do orzamento a nivel europeo, e dos fondos Next Generation, etc.

Nós soamente lles podemos pedir —e así o elaboraremos de cara á próxima moción no seguinte Pleno— que abandonen ese búnker negacionista no que levan máis dunha década absolutamente metidos. Están a patrocinar unha escola desgaleguizadora e vostedes sábeno, e teñen que dar resposta a isto, teñen que escoitar a sociedade. Efectivamente, gobernen para a maioría da sociedade que quere que o galego teña un futuro moito máis próspero, e que sobre todo quere que a escola sexa a garante dese coñecemento mesmo para cando xa



non o pode ser a familia, porque xa non hai transmisión familiar. Saben precisamente que aí está un dos grandes quid da cuestión. Non está a funcionar esta política lingüística no ensino, recoñézano, non pasa nada; o seu proxecto non ten credibilidade e xa está avaliado.

E, mire, desde o BNG evidentemente non lle imos pedir máis contas, non lle imos pedir que fagan propósito da emenda, nin acto de contrición, de verdade que non. Só lles imos pedir que por favor fagan algo, que inicien un proceso de recuperación, de restitución das ferramentas que permitan que desde a escola se aprenda o noso idioma.

E vou rematar xa lembrando unhas palabras de Álvaro, dun alumno meu do curso pasado do Instituto Sardiñeira, da Coruña, a onde cheguei despois de 20 anos traballando nun contorno educativo e social rural como é o CPI Alcalde Xosé Pichel, de Coristanco. Non daba crédito a que o meu alumnado de primeiro de bacharelato por primeira vez na miña vida profesional educativa non fose quen de manter con solvencia e con soltura unha mínima conversa en galego; non daba crédito, e moitas veces recoñezo que me enfadei. E cando fixemos unha avaliación conxunta en decembro e manifestei as miñas dúbidas de como era posible...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...que rapaces e rapazas de primeiro de bacharelato non fosen capaces de ter dominio e coñecemento pleno da súa lingua, Álvaro díxome: «profe, non é culpa nosa; tómamos como un reto, por favor, para o resto do curso». Pois eu pídolles o mesmo, asuman isto como un reto e traballen a favor do galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peché da interpelación, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que —como xa dixen antes— levamos moitos anos, moitas sesións parlamentarias, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* moitos debates escoitando o BNG practicamente dicir que matamos a lingua galega simplemente porque temos unha forma de defendela diferente á súa, e porque vostedes pensan que só vostedes son merecentes ou de falar en galego, ou de ser galegos, e só lles vale o seu modelo. A verdade é que —insisto— levan atacando o Decreto de plurilingüismo anos..., trienios..., sexenios e quinquenios. E a verdade é que a veces se visten con pel de cordeiro, pero volven sempre á súa versión menos inclusiva, menos respectuosa e menos tolerante. E aquí vale o que di o BNG, a partir de aí vostede fala de negacionismo. E acabo de dar uns datos onde di institucións como a OCDE co informe Pisa, o propio ministerio, o IGE... Cando non lles gustan os datos din: bah, esa é unha tontería de datos, total, é a OCDE, é Pisa, é o ministerio, claro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* eses datos non valen, non valen... Vale, non valen. *(Murmurios.)*



Pero, bueno, esos datos ¿que nos din?, que os galegos temos os máximos niveis de competencias de uso, de destrezas no ámbito lingüístico nas dúas linguas oficiais. Pero a vostedes non lles vale. Vale, perfecto. Somos os que máis e mellor coñecemos e usamos as dúas linguas oficiais dentro da nosa comunidade autónoma comparativamente con outras comunidades autónomas en datos moi superiores —non lles vale—. Ben, agora se isto non funciona, se isto non é un resultado que funcione, dígame vostede cal é o seu modelo, ¿só galego?, ¿que o castelán non sexa lingua vehicular? ¿Que problema teñen en que se aprenda tamén galego e castelán e haxa un modelo trilingüe que posibilite que haxa unha lingua estranxeira dentro do sistema educativo público? ¿Cal é o problema? Non acabamos de entendelo.

E dicir que o galego non se aprende na escola..., oia, hai centos, miles de profesores de galego. (*Murmurios.*) Terei que preocuparme. (*Murmurios.*) Terei que preocuparme se non aprenden os nosos alumnos galego nas aulas. Os datos oficiais realmente contradín absolutamente o seu discurso.

E, mire, fala vostede constantemente de que hai limitacións ao uso, que non hai un modelo bilingüe, etc. (*Murmurios.*) Vou poñer un dato que á parte o fixeron os seus socios do Partido Socialista, que gobernan con vostedes sempre que poden en todos os sitios. (*Murmurios.*) ¿Que di este informe do Goberno de España que se remitiu, por certo, ao Comité de Ministros do Consello de Europa? ¿Que di? Pois vén dicir que en Galicia non existen limitacións ao ensino do galego —dío así—, (*Aplausos.*) senón que existe un sistema de ensino bilingüe. Nós é o que defendemos, un sistema de ensino bilingüe que abra a porta a unha lingua estranxeira que se poida usar de xeito vehicular. Vostedes non, esa é a diferenza; pero por iso non pensen que son mellores galegos que nós, ¡non o pensen!, ou que son máis galegos ca nós por iso, non o pensen. (*Murmurios.*) Simplemente teñen vostedes un modelo e nós outro, e o noso modelo, que é un modelo propio dá resultados, vímolos comparativamente co resto das comunidades autónomas.

E, por certo, aquí temos que traballar e ese é o meu reto, que lles lanzamos que traballemos en positivo, que traballemos polo futuro, que traballemos en todos os ámbitos. Na escola, por suposto. A escola e o sistema educativo garanten o coñecemento pleno do galego, coas destrezas orais, escritas sen ningún tipo de problema. Todos os informes o din, todos. Traballemos no uso, traballemos nos contornos de socialización da xuventude.

Por exemplo, o que presentamos onte, o proxecto noso é fundamental para a xuventude por suposto, tamén para persoas maiores, porque se poden desenvolver aplicacións de moi diferente tipo, todas necesarias e importantes. E o noso modelo, como xa digo, é un modelo que se basea —levámolo dito en moitísimas ocasións—, se basea no equilibrio, se basea no respecto, se basea na convivencia, se basea na capacidade de que os alumnos poidan saír falando galego e castelán sen ningún tipo de problema, que teñan os coñecementos, as destrezas, as habilidades. E, insisto, os resultados da nosa política lingüística din que seguimos tendo, temos os índices de competencia máis elevados de todas as comunidades autónomas con linguas cooficiais. Iso é o que din os datos do ministerio e o que din os datos da OCDE no informe PISA, que a vostedes xa sabemos que non lle gusta.



En todo caso, vostede, como citou aquí en varias ocasións a Xela Arias, a quen imos homenaxear. Estamos xa facendo moitas homenaxes e o día 17 homenaxeámola; creo que era unha persoa que dende a modernidade buscou sempre un equilibrio. (*Murmurios.*) ¿E que nos di Xela Arias? Xela Arias vénnos dicir que debemos indagar, debemos buscar puntos de encontro e puntos de avance e non enrocarnos, e non enrocarnos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Porque ao final, e como dicía tamén nun dos seus poemas, «Indagar é unha función humana que dá pé a construírnos mellor».

Señores do BNG, señora Queixas, miremos para o futuro, traballemos a favor da nosa lingua, da nosa cultura, a favor de nós, traballemos en definitiva a favor do noso futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señorías, señora conselleira.

Indo xa máis dun ano do comezo da crise sanitaria derivada pola Covid-19, podemos sacar varias conclusións. Por un lado, os problemas que enfrontamos son de carácter estrutural e, por outro lado, entendemos que o capitalismo é incompatible coa vida.

Neste tempo comprobamos que seguen a primar os cartos, os intereses privados por enriba da saúde e da vida das persoas, e non son poucos os exemplos que nos fan acreditar nisto, sendo un moi claro o negocio dos laboratorios farmacéuticos coas vacinas, vendéndose ao mellor postor e comerciando coa saúde malia contar con cartos públicos para desenvolver as diferentes investigacións.

A pandemia demostrou unha vez máis a enorme capacidade do sistema capitalista para adaptarse e o ben que xoga impondo *A doutrina do shock*, da que xa falara a escritora Naomi Klein, aproveitando os momentos de crise para levar a cabo ou acelerar a súa folla de ruta na procura de aumentar o seu control e os seus beneficios.

Neste caso tocoulle o turno ao mundo do traballo, despois dos anos nos que a ofensiva pasou pola deslocalización da produción e o retroceso en dereitos laborais, após a crise de 2018, atopámonos nunha nova ofensiva que radica na dixitalización do mundo do traballo e o



afondamento na eliminación de máis dereitos laborais e sociais e nos novos xeitos de explotación.

Vemos tamén unha vez máis como os fondos públicos en principio reservados para paliar as consecuencias da crise da covid-19 só van servir para rescatar o gran capital e para que leven a cabo a súa folla de ruta con cartos públicos. A clase traballadora non vai ver nin un só euro destes fondos. No caso de Galiza, estarán destinados para o gran capital que espolia o noso país, chamémoslle Inditex, Ence, Endesa, Naturgy e un longo etcétera.

Para quen non ten traballo, para quen perde a súa vivenda ou para toda esa mocidade que ten que emigrar para ter un futuro digno desta terra, só hai unha resposta e creo que xa a coñecen todos vostedes: «*venga usted mañana*».

Como xa dixen en anteriores ocasións, a Covid-19 veu poñer enriba da mesa os graves problemas estruturais que temos no noso país, cunha sanidade en situación de febleza tras anos de recortes, uns servizos públicos en pleno proceso de desmantelamento e unha crise industrial sen precedentes que afonda na extrema dependencia do noso país co sector servizos, nomeadamente coa hostalaría e co comercio.

A mocidade é un sector da nosa sociedade especialmente afectado pola crise que estamos a vivir e, tal como dixen antes, a mocidade non enfrenta problemas novos derivados exclusivamente da pandemia, senón que está a vivir unha agudización dos problemas que xa tiña e que o Partido Popular da Xunta de Galiza non quixo ou non soubo arranxar.

Coa chegada da Covid-19 observamos como a mocidade traballadora traballa nunha alta porcentaxe no sector servizos, sufrindo dun xeito moi notábel as primeiras consecuencias desta crise sanitaria, económica e social. Falamos dun ano cunha destrución de emprego de preto de 20.000 postos de traballo entre as mozas comprendidas entre 16 e 29 anos, onde só 2 de cada 10 mozas galegas recuperaron o emprego perdido por mor da Covid, cun impacto moi notábel no sector servizos con case 10.000 empregos menos para a mocidade que no ano 2019.

Ante isto, vemos unha Xunta sen alternativas reais para a mocidade, e disto é do que fala tamén o Foro Económico de Galiza no seu *Informe de Conxuntura* de marzo deste mesmo ano, onde se apunta a insoportábel dependencia que ten o noso país cara á hostalaría e o comercio, sectores onde o peso da actividade da mocidade é moi alto e a precariedade e a temporalidade é a norma.

A temporalidade segue sendo a norma no mercado laboral xuvenil no noso país; isto agudizou unha situación de emerxencia que eiva a nosa mocidade, cunhas taxas de independencia económica ridícula que se viu agravada por esta pandemia ao ser milleiros de mozas que non puideron acollerse aos ERTE debido á precariedade e á temporalidade nos seus contratos.

As mozas galegas non podemos comer só do turismo, a hostalaría ou o sector servizos, e teñan claro que falamos de migallas, non de comer de verdade. Só neste mes de marzo os contratos temporais asinados pola mocidade representaron o 87% do total, mentres que os indefinidos apenas representaron un 7%.



Despois deste ano de pandemia, a mocidade representa menos do 20 % do mercado laboral galego con menos de 200.000 cotizantes. Pero isto non é só pola pandemia, como dicía antes; o noso país perdeu a metade das traballadoras menores de 35 anos dende que o señor Feixoo goberna na Xunta e estamos falando de arredor de 236.000 persoas.

Vivimos un feito histórico no noso país, pero, como de costume, para mal. Actualmente as persoas maiores de 55 anos superan as menores de 35 en ocupación e actividade. ¿Que futuro lle queda a un país que ten estes datos?

Con estes datos enriba da mesa, ¿que está a facer a Xunta de Galiza para darlle un presente e un futuro digno á mocidade? Pois absolutamente nada. Non se pode permitir como aceptábel que o único que fai a Xunta de Galiza pola mocidade sexa darlles contratos de formación ou en prácticas, darlles unha FEUGA para que traballen de xeito precario para empresas e institucións; e moito menos aceptábel que a outra oferta que a Xunta ten para a mocidade sexa a emigración.

Falaba tamén o Foro Económico de Galiza, e xa se ten falado en sede parlamentaria, dos elevados custos económicos e sociais que ten para o noso país a expulsión sistemática da mocidade galega cara a outros puntos do mundo ou mesmo do Estado, que tamén lembramos que iso tamén é emigración, aínda que non o recollan así os seus datos.

Vivimos nun país onde cada 45 minutos emigra unha moza. Mentres falamos hoxe neste Pleno, hai mozas que están marchando do noso país. ¿Cantas máis somos quen de aguantar que se vaian? Se estamos de acordo en que o emprego, o acceso á vivenda e a emigración son os problemas fundamentais que afronta a mocidade galega, ¿por que non hai ningún foro de debate onde o Goberno e a mocidade poidan falar sobre estas cuestións e tecer alternativas que melloren a situación da xente moza? O problema é que ese foro xa existe e chámase Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza —non sei se aos que están aquí de hai máis tempo lles soa este consello— e que ten como competencias o debate e a redacción de informes e propostas nestas materias concretas.

Este organismo leva sen reunirse dende o ano 2014, desmantelado polo Partido Popular despois do bipartito e abandonado pouco despois para que a mocidade non tivese voz nos seus problemas.

¿Por que o Goberno da Xunta de Galiza despreza a nosa mocidade? ¿Por que a fai elixir entre a precariedade e a emigración e destrúe todos os foros de participación? Xa o dixen unha vez, mais a diferenza, señores do Partido Popular, señora conselleira, entre mandar e gobernar é a de preocuparse polo conxunto da sociedade, mesmo pola que non lles vota. Sei que isto ao señor Balseiro lle gusta, pero non desprezen e castiguen a mocidade galega nunha sorte de vinganza por non votarlles. Gobernen e non manden simplemente.

Apostar pola mocidade é apostar polo futuro deste país; non facelo é condenarnos á irrelevancia e á morte. Regulación do sector do servizo de hostalaría, industria, investigación, e non afondamento no modelo colonial que teñen deseñado para nós. A mocidade é vista como man de obra barata e especializada para o capital foráneo.



É necesario que a Xunta de Galiza desenvolva e exixa medidas concretas para rescatar a nosa mocidade desta situación de emerxencia que está a vivir.

Precisamos que se exixa a derogación das distintas contrarreformas laborais que precarizan e lle resta dereitos á mocidade traballadora, precisamos un novo rumbo centrado no apoio á investigación, o peche dos ciclos produtivos e a xeración de valor engadido na nosa terra. Precisamos que se remate coa dependencia do noso país de sectores como a hostalaría e a regulación dos mesmos. Precisamos, en definitiva, señora conselleira, un país que sexa consciente da súa realidade específica e un Goberno galego que actúe sobre esta realidade con mecanismos e con ferramentas propias.

O que non precisamos é seguir sendo unha colonia, un parque temático para o capital estranxeiro, para a extracción de enerxía e de materias primas a prezo de saldo; unha fábrica de man de obra barata e especializada ou unha sorte de retiro vacacional cunha industria de baixo custo que só trae precariedade e non xera riqueza no noso país.

Deixen, señora conselleira, a folia de ruta do neoliberalismo e do imperialismo e póñanse a traballar por este país e pola súa mocidade. Xa sei que vostedes ao mellor queren chegar a ese punto, a ese punto de que non haxa nada polo que traballar, mais a mocidade galega e o BNG sempre vai estar en fronte e non llelo vai permitir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos Santomé.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señor Paulo, basea vostede a súa intervención nos datos que figuran no informe do Foro Económico de Galicia, e os datos refíreos vostede ao mes de marzo do ano 2021. Mire, se ti-vese tomado o traballo de ler o informe, vería que o informe é unha análise non de datos de rexistros oficiais, para empezar, senón que é unha análise de datos da enquisa da EPA e fai unha comparativa entre o ano 2019 nos seus catro trimestres e o ano 2020. É dicir, vostede está aquí dando por feito unha serie de datos que non son datos actuais. Está, polo tanto, totalmente... enganando —penso eu— con todas as afirmacións que fai a continuación. Entón, para comezar a falar do emprego xuvenil creo que temos que aclarar en primeiro lugar os datos reais a abril do ano 2021 e os datos que figuran nos rexistros dos servizos públicos de emprego e nos rexistros da Seguridade Social.

A EPA ten un valor, por suposto, ten un valor estatístico, ten un valor económico, permite analizar sectores, permite analizar como vai desenvolvéndose o tecido social e o tecido eco-



nómico, pero, dende logo, non é válida e moito menos cando vostede o analiza desactualizadamente para facer as consideracións que acaba de facer agora mesmo aquí.

Entón, datos de paro; actualmente datos de paro rexistrados de xoves: 20.935 parados menores de 30 anos en abril de 2021. Isto representa en relación co total da poboación parada en Galicia unhas 170.000 persoas, un 12,26 %. Estamos a 6 puntos da media ou da taxa nacional. O Estado, de media, ten un 18,61 % de parados menores de 30 anos.

Se nos fixamos no número de parados menores de 30 anos en abril de 2021 en comparación co mes anterior, descendeu de xeito especial entre a poboación xuvenil, unha baixada dun 12,27 %. Se realizamos esta comparativa, a nivel interanual, con respecto a abril do ano 2020, é dicir, o pico da pandemia, vemos que o número de parados menores de 30 anos descende un 22,67 %, é dicir, 6.139 mozos e mozas menos en paro.

Se comparamos estes datos coa media do Estado, vemos que en abril, efectivamente, con respecto ao mes anterior, hai un descenso, pero moito máis baixo no Estado, do 1,65 % do paro, pero con respecto a un ano, cando, como lle dicía, en Galicia descendemos nun 22,67 %, a media estatal aumenta o paro de menores de 30 anos nun 3,15 %.

Falamos dun total dun 53,12 % de desempregados xuvenís menos con respecto a abril do ano 9, primeira lexislatura; un 52,32 % de desempregados xuvenís menos con respecto á nosa segunda lexislatura; e un 11,56 % menos de desempregados xuvenís con respecto á terceira.

Incremento de afiliación, con respecto do mes anterior, comparando abril con marzo do ano 21, contamos con 1.383 afiliacións máis de menores de 30 anos.

Número de contratos de menores de 30 anos, incrementouse tamén a nivel intermensual, abril comparativa con marzo deste ano, nun 11,72 %.

Fala vostede da temporalidade dos contratos e tamén, na súa exposición escrita da interpe-lación, da fenda salarial. Dende abril de 2020 medraron os contratos indefinidos de menores de 30 anos en Galicia nun 218,21 %. 1.246 novos contratos indefinidos máis de xoves que dende que empezou a crise sanitaria.

No tocante a retribucións e con datos da Axencia Tributaria, os salarios medios dos galegos medraron nos últimos anos nun 3,76 %, sendo os traballadores máis novos os que acadan maior ritmo de subida. Nun 5,34 entre os 18 e os 25 anos, e ata un 4,38 máis entre os ocu-pados de 26 a 35 anos.

Por último, con carácter xeral e un dato de emprego que vostede di aquí e que tamén sinala na exposición escrita, falan vostedes de 15.000 empregos menos en tan só un ano, cando é ao contrario, e díxoo o presidente e hoxe aquí na súa primeira pregunta: Galicia recuperou 27.000 afiliacións dende o pico da crise da pandemia, 27.000 afiliacións na Seguridade Social; é máis, temos máis afiliacións que caída do paro, porque a acaída do paro está en 20.854 parados menos, o cal indica claramente que o seu discurso de que os parados se van a unha



situación de inactividade non é certo, porque hai máis afiliacións, polo tanto hai máis volta á actividade, datos da Seguridade Social, que caída do paro.

Fala vostede tamén de que o sector servizos é o máis afectado e todas estas perdas supostas de emprego, que non son reais, están no sector servizos. O sector servizos, despois da construción, é o sector que máis se recuperou na crise sanitaria, o cal é lóxico, porque o 75 % do emprego en Galicia está no sector servizos; sería imposible ter estes datos de paro e afiliacións se non fose porque o sector servizos é precisamente o máis recuperado.

Preguntan pola estratexia de emprego xuvenil do Goberno da Xunta. A estratexia de emprego xuvenil do Goberno da Xunta e da Consellería de Emprego pasa fundamentalmente por políticas activas de emprego, vinculadas á formación dos máis novos para mellorar a súa inserción no mercado laboral, pero sobre todo para mellorar a calidade dos empregos e para consolidar os empregos. Por suposto, continuaremos mantendo os incentivos á contratación dos mozos e das mozas nas empresas e continuaremos apoiando o emprendemento xuvenil.

En canto á formación, imos estender as subvencións dos contratos de formación e aprendizaxe, que ata o de agora saben que existía o programa de garantía xuvenil para obradoiros para menores de 30 anos con entidades de iniciativa social e con concellos, e ímolo estender á empresa ordinaria. Falamos de 8 millóns de euros que imos destinar a contratar 700 novos xoves en Galicia en empresas ordinarias, o contrario do que está anunciando o Ministerio de Traballo, que pretende facer estes contratos pero de novo na Administración.

O que intentamos nós é incorporar os xoves no tecido produtivo da empresa ordinaria. A estas subvencións engadimos, por suposto, como lle digo, as subvencións de 7 millóns de euros para obradoiros de garantía xuvenil en concellos e en entidades sociais, co cal duplicamos o orzamento destinado aos contratos de formación e aprendizaxe para mozos e para mozas en Galicia.

Por outra banda, flexibilizamos a formación dixital, con cursos de formación en *e-commerce* para autónomos menores de 30 anos que queiran reposicionar, modernizar a súa actividade empresarial; son 300 prazas exclusivamente reservadas para xoves nesta formación dixital.

E estamos reaxustando a formación profesional para o emprego que van recibir os nosos mozos e as nosas mozas para adaptala, como digo, ás necesidades do mercado laboral. Por unha banda, para dar formación específica aos mozos en sectores estratéxicos que teñan oferta de traballo; e, por outro lado, en perfís e en competencias demandas polo tecido produtivo galego a través da análise que estamos levando a cabo con dous traballos que son complementarios: o estudo de tecnoloxías emerxentes e a axenda de capacidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

Continuaremos, por suposto, á marxe destas políticas de formación, cos programas ordinarios de incentivos, o programa Emprega-xuventude, que son 2 millóns de euros para axudas á contratación de ata 6.000 euros para contratos indefinidos de xoves e 3.000 para contratos temporais dun ano de duración. E tamén, por suposto, cos programas de incentivos ao au-



toemprego, onde os apoios aos autónomos, mozas e mozos duplican o apoio que damos aos restantes autónomos, son axudas de 4.000 euros para novas altas no RETA.

Despois falaba vostede de que non temos órganos de diálogo para tratar o emprego xuvenil, e en concreto falaba do Consello da Xuventude. Mire, en Galicia temos tres foros de participación clara cos axentes sociais, cos que estamos negociando todos e cada un dos programas de emprego e, por suposto, os restantes programas económicos da Xunta: o Diálogo Social de Galicia, a Mesa de Autónomos de Galicia e o Foro de Economía Social de Galicia. Se vostede non considera válidos estes tres órganos e considera que é mellor tratar as políticas de emprego, por moito que sexan para menores de 30 anos, no Consello da Xuventude, creo que debería revisar ben cales son as competencias do Diálogo Social, da Mesa de Autónomos e do Foro da Economía Social e cales son as competencias do Consello da Xuventude.

E tamén falan de datos da emigración xuvenil, que tampouco coinciden cos datos reais que figuran nas estatísticas. A última estatística de emigracións revela que Galicia rexistrou un saldo migratorio positivo maior de toda a serie histórica dun 32 %. Concretamente das 16.918 persoas que procederon do estranxeiro, a metade, 8.420, teñen menos de 30 anos; e a isto cabe engadir que arredor do 73 % das persoas que chegaron a Galicia dende o exterior teñen menos de 45 anos.

Máis nada de momento. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, ao que me refería eu co informe do Foro Económico de Galiza é ao que publicaron en marzo, non me estaba referindo a que fosen en marzo nin que actuasen sobre esas datas concretas. Os datos que dei despois sobre marzo, sobre os contratos asinados, son os datos da EPA, como ben dicía vostede, e a EPA é a análise de referencia da Unión Europea. Eu pensei que a quen non lle gustaba a Unión Europea era ao BNG, non ao Partido Popular. Entendo que, cando menos, se é o método de análise de referencia da Unión Europea, algo pinta, ou creo que poderíamos darlle unha certa credibilidade.

Xa lle dixen noutras ocasións, ou noutra interpelación que tiñamos sobre este tema, o problema cos datos cando se dan completamente nesgados, cando non se fala da realidade e cando só quedamos en números, pois non nos interesa saber o que está pasando de verdade. Na taxa de parados, loxicamente, vostede non inclúe en ningún momento, sobre todo cando fai a comparativa co ano 2009, etc., etc., para vender que todo está moi ben e que o Partido Popular na Xunta de Galiza todo lo puede y todo lo maneja, claro, aí se botamos por fóra, se botamos por terra todos os datos da emigración xuvenil, toda a xente que xa non está rexistrada nin sequera no paro, porque entende que nin sequera lle merece a pena, ¿de que estamos falando? Intentar desacreditar os argumentos que se fai este grupo alegando por un lado a falta de traballo e a falta de revisión dos datos, que parece así un pouco daquela ma-



neira vindo dunha conselleira, pero cando menos, pois se van poñer datos enriba da mesa e consideran que nós non os temos e non os traballamos, cando menos que sexan reais.

Fala dos contratos asinados, fala dunha subida na afiliación á Seguridade Social. Olvidóuselle dicir que esa subida é fundamentalmente nos maiores de 45 anos, entendo que para este debate iso non ten ningún tipo de relevancia; só está ben dicir que está todo ben e que está todo feito.

E, efectivamente, a Xunta de Galiza, como xa dixen anteriormente, está a dar subvencións para asinar setecentos e algo contratos, se non me equivoco mal que dixo vostede a empresas ordinarias, entendo que a pulla que me lanza do Ministerio de Traballo é para a outra bancada, eu son do BNG, polo tanto, o tema do Ministerio de Traballo pois, bueno, facémolles máis críticas que a vostedes sen ningún tipo de problema. Pero, sobre esa cuestión, efectivamente, estanse asinando contratos de traballo, máis, menos, podemos valoralo, pero ¿en que tipo de contratos de traballo, en que tipo de condicións? Teñen unhas subvencións de sete, oito, seis millóns de euros para facer eses setecentos e algo contratos de traballo para a xente nova, ¿en que condicións? Falábano hai uns meses nesta mesma interpelación, dar-lles cartos públicos a empresas privadas para que contraten en precario. ¿Ese é o modelo de emprego xuvenil que manexa a Xunta de Galiza e ese modelo do que está orgullosa? Porque, se non, non o entendo. Se é así, ¡perfecto!, sentamos outro debate e xa non é o que dicía antes de non saber como facer, senón de non querer arranxar a situación.

Falaba tamén antes dos datos da emigración xuvenil. A ver, o propio Foro Económico de Galiza di no seu informe sobre o fenómeno da fuga de talentos no noso país publicado a finais do ano pasado, di que non existen as ferramentas necesarias ou que non as proporciona a Xunta a nivel estatístico para poder ter un dato concreto e real da emigración que se dá no noso país. Polo tanto, entendo que non interesa dalo, entendo que non interesa dar ese dato, porque, se non, xa escudarse en segundo que outros datos, en segundo que outras excusas, pois xa non sería tan sinxelo. Poñan eses datos enriba da mesa e contén, por favor, dunha vez a emigración como tamén a fuxida cara a outros lados do Estado, cara a outras partes do Estado, porque iso non se considera emigración. É todo un sinsentido. Eu non sei, entendo que non queren entender os argumentos que se dan e sobre todo a realidade, non a queren ver, non a queren asumir, a realidade que vive a mocidade galega e que se escudan neste feixe de datos nesgados, de promesas que non valen nada, sobre todo cando se fala diso, de que estamos asinando non sei cantos contratos para xente nova, non sei cantos millóns de euros e tal para que a xente nova estea tres, seis meses, traballando nunha empresa cun salario ridículo e esa é a súa experiencia laboral, iso é o que fomenta a Xunta de Galiza.

Para nós iso non ten ningún tipo de sentido. Non se está xerando ningún tipo de posto de traballo digno, posto de traballo minimamente estábel e coa diferenza salarial, apunta a unha subida das rendas que percibe a mocidade con respecto ao que reciben o resto das sociedades, seguimos moi por debaixo. Non só basta dicir que subimos un 5 %, senón a canto estamos do resto; que se sobe, perfecto, pero ¿a canto estamos do resto? Iso quizais se lle olvida dicir, igual que moitos outros datos. Contamos a parte que queda ben nos titulares, que queda ben para dicir que a Xunta o fai todo ben e, sen embargo, cando imos á segunda parte dos datos ou cando imos arañar un pouco máis nos datos, as cousas caen polo seu pro-



pio peso e a mocidade ten clara esta situación, a mocidade non sabe onde vai traballar dentro dun mes, de dous, de tres, se vai ter que saír fóra...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...porque aquí non ten ningunha vida. Ese é o problema real. Xa lle dicía na anterior intervención, na outra interpelación, á realidade gústalle impoñer o seu criterio. Baixen un pouco á realidade, falen coa xente moza e aí saberán o que está pasando.

Obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Ríos.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Ben, agora dime que vostede falaba da EPA, que os datos que daba eran da EPA, como falei eu. Eu non falei de datos da EPA, non se me debeu de entender; eu falei de datos en rexistros tanto do Servizo de Emprego como de Seguridade Social. Non falei da EPA polo que expliquei, porque son datos estatísticos dunha mostra de poboación; por certo, unha mostra de poboación que vai dende os 15 anos *sine die* ata o final da vida da persoa. Se vostede colle os datos da EPA e a taxa de desemprego en Galicia comparándoo dende os 16 anos ata os 64 anos, observará que estamos no 70 e tantos por cento, exactamente igual que está o Estado. Entón, para falar da EPA —que cando queira falamos da EPA— tamén hai que saber analizar a EPA.

Eu non veño aquí vender nada, como vostede acaba de dicir, nin veño aquí dar datos nesgados, datos que quedan ben nos titulares. Os datos que dei son datos que figuran nos rexistros da Seguridade Social —repítolle— e nos rexistros do Sistema de Emprego Nacional. Entón, se a xente non está anotada no paro, vostede di que por iso aquí baixa o paro; non, estoulle dicindo que se hai 20.000 persoas menos nun ano en paro, hai 27.000 máis afiliacións, co cal quere dicir que esa poboación non deixa de estar no rango de actividade. Non pasa ao rango de inactividade en termos da EPA —como vostede di—, senón que continúan sendo activos; é máis, pasan a estar ocupados porque pasan a estar afiliados.

En relación cos contratos de formación e aprendizaxe, eu non falei dos contratos de formación e aprendizaxe dentro das políticas de emprego para ocupación dos xoves, se vostede se fixa no que dixer; eu falei dos contratos de formación e aprendizaxe dentro da parte de formación. Entón, eu non estou pensando en empregar os xoves a través de contratos de formación e aprendizaxe, o que lle estou dicindo é que, de todos os cartos que van vir a Galicia dentro da parte de formación —porque de Emprego do Estado non van vir máis que o ano pasado—, imos destinar parte desa formación a contratos de formación e aprendizaxe, que son o que



son. Son formación pero coa vantaxe de que ademais teñen os xoves unha alta na Seguridade Social e están cotizando. E isto, segundo vostede, é unha película ou unha figura que fomenta a Xunta de Galicia. Mire, os contratos de formación e aprendizaxe con distintas denominacións xa estaban inventados hai moito tempo e utilízanse en toda Europa. Entón, parece ser que nos estamos equivocando en toda Europa e que a formación a través destes contratos non serve; sabe o BNG como hai que facer a formación, o resto de Europa estamos todos equivocados, todos: está Galicia, (*Aplausos.*) está o Ministerio de Traballo tamén. (*Aplausos.*)

Cando eu falo do Ministerio de Traballo, non falo do Ministerio de Traballo por razón da persoa ou do partido político que ocupa o Ministerio de Traballo. O que lle estou dicindo é que, en comparación co que fai o Ministerio de Traballo, que tamén vai empregar cartos para a formación en contratos de formación e aprendizaxe, porque é a política europea, porque a estratexia de emprego europea vai por aí e así o estamos facendo todos os países europeos; pero, en contraposición, en Galicia o Goberno galego, ademais de empregar os xoves a través destes contratos de formación e aprendizaxe nas administracións, tamén os imos incorporar á empresa como política de formación, non como política de ocupación *sine die* dos xoves nestes contratos.

Volvo aos datos, os datos de desemprego xuvenil en Galicia. Galicia ten unha taxa de paro de menores de 30 anos de 2,9 puntos porcentuais menor que no Estado: Galicia, o 27,3; España, o 30,2 —coa EPA que a vostede tanto lle gusta—. O número de parados no mes de abril de 2021 descendeu de xeito especial entre a poboación xuvenil —estes son datos paro—, un 22,67% menos de paro xuvenil en Galicia fronte á subida interanual dun 3,15 da media estatal. E iso penso que porque as decisións que estamos adoptando xa de antes da pandemia e, por suposto, durante a pandemia pois en algo estaremos acertando.

Volvo a dicirlle, a Estratexia de emprego xuvenil para esta lexislatura aposta fundamentalmente pola formación da mocidade, orientada ás profesións, ás cualificacións que realmente demanda o tecido produtivo. ¿Para que? Para conseguir consolidar os xoves no seu emprego, para conseguir transformar os contratos temporais en indefinidos, e, en definitiva, para conseguir dalgún xeito mellorar a empregabilidade dos menores de 30 anos. Isto mesturado, por suposto, con políticas de orientación laboral e de fomento do emprego que permitan pouco a pouco que se consoliden no mercado laboral, nas empresas, os xoves.

E buscamos tamén, por suposto, facilitar o emprego xuvenil dun xeito áxil, dun xeito sinxelo, dun xeito cercano e con apoio económico para os xoves. Nesta liña está un dos proxectos que presentamos na candidatura do Goberno ao Next Generation, que son os polos de emprendemento rural. E os polos de emprendemento rural van estar precisamente nas 12 comarcas rurais que existen na comunidade autónoma para impulsar proxectos de proximidade en todas as comarcas da comunidade e para permitir dar tamén aos xoves galegos oportunidades reais de futuro asentando a poboación no medio rural.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Ben, este proxecto é un proxecto que entra dentro da liña da estratexia xeral da consellería, pero que vai



especialmente destinado —como digo— ao asentamento de poboación de emprendemento xuvenil nos nosos núcleos de poboación rural.

Simplemente rematar dicindo que toda esta estratexia de formación e toda esta estratexia de apoio ao emprego xuvenil vai absolutamente aliñada na nova Estratexia española de apoio activo ao emprego 2021-2024, que vimos de aprobar na conferencia sectorial que se celebrou en abril.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte das interpelacións.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade

Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Señora conselleira, non podemos deixar pasar esta comparecencia, esta intervención, para mostrar a solidariedade do Grupo Parlamentario Socialista coas traballadoras que se están manifestando en toda A Coruña, en San Caetano, en Ferrol e en Santiago. As traballadoras da limpeza de edificios e locais pola defensa dun convenio digno, unhas traballadoras esenciais que deron todo na pandemia e que están a sufrir un atropelo pola patronal nas reivindicacións xustas dun convenio digno. Espero, señora conselleira, que intermedie neste conflito. *(Aplausos.)*

Ademais, gustaríame dicirlle o lema que están utilizando polo gráfico que resulta: «non hai Disiclín para este motín». Todo o noso apoio.

Ben, para comezar... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si, pode vostede retirar a mascarilla, se quere.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Moitas grazas.

Para comezar esta intervención non podo deixar tamén de mencionar unhas palabras do presidente en relación cos datos do desemprego á contestación do meu portavoz socialista,



Gonzalo Caballero, porque é increíble os datos que hoxe tramitaba e daba traslado nesta intervención. Porque o que non dicía o señor Feijóo é que en 6 de cada 10 concellos galegos hai máis pensionistas e parados que traballadores hoxe en día. E tampouco dicía que en 8 de cada 10 concellos a pensión media non chega ao salario mínimo interprofesional. E tampouco dicía que a perda interanual de afiliación é de case 19.000 persoas, iso non o dicía. Como tampouco dicía que hoxe en día temos 27.000 traballadores e traballadoras en ERTE sen que se computen eses datos para o desemprego.

Ben, hoxe ocúpanos falar do funcionamento ou do mal funcionamento do Servizo Público de Emprego de Galicia. Como sabe, no acordo sobre o novo modelo do Servizo Público de Emprego, asinado no ano 2007, establecíanse tres obxectivos: o primeiro, obviamente a colocación dos demandantes; o segundo, a mellora da empregabilidade, que supón establecer con cada demandante que aspectos debe reforzar o itinerario de inserción e como pode facer para buscar un traballo en busca de emprego; o terceiro obxectivo é o fomento do emprego e a estabilidade, utilizando para iso tanto as medidas, conselleira, que incentiven como as que realicen un seguimento da contratación.

En relación co primeiro obxectivo, sobre a colocación dos demandantes de emprego, no primeiro trimestre deste ano houbo en Galicia un total de 30.594 demandas que foron baixa, das que só 6.845 o foron por colocación. Pero desas colocacións, desas 6.000 colocacións, soamente 163 foron colocacións xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia. A capacidade de intermediación que ten o Servizo Público de Emprego de Galicia, dirixido por vostede, conselleira, é só dun 2,4 %; obviamente, este servizo non cumpre co obxectivo de colocación dos demandantes de emprego.

No primeiro trimestre deste ano Galicia representa o 4,9 de todas as baixas por colocación de demandantes que se producen no Estado, e soamente 1,8 das colocacións xestionadas con oferta previa. Pero parece que o grao de colocacións mediante oferta de emprego non é algo que lle preocupe á consellería, non é o seu obxectivo. Á consellería soamente lle preocupa dicir —como hoxe— que o paro baixa máis que no resto do Estado, pero non é máis que outra mentira. Porque tamén recordará, señora conselleira, que no ano 2011 o Partido Socialista de Galicia denunciou que a Consellería de Emprego —nese momento non era vostede conselleira, obviamente, era Beatriz Mato— cambiaba a clave 698, de orientación, pola 421, de formación, co que os mozos e mozas menores de 30 anos non eran computados nese momento como parados. ¿Temos garantías hoxe de que isto non se volva producir?

Galicia, neste primeiro trimestre tivo unha media de 14.043 baixas por non renovación; para facernos unha idea, ese volume de baixas supón o 45,9 % do total de baixas de demandas activas. Se tomamos estes datos, variación de demandas activas de demandantes non ocupados, no mes de xaneiro prodúcese en Galicia unha diminución do 2,3 en relación co mes de decembro, mentres no conxunto do Estado sobe na mesma medida un 2,3. En febreiro repiten o mesmo, Galicia baixa un 0,7, mentres que o Estado sobe un 1,2.

Galicia é a única comunidade na que baixa o paro, din continuamente directores xerais do seu departamento, o presidente e incluso vostede agora cando lle contestaba ao voceiro do BNG. Se lle restamos as baixas por non renovación que se producen no mes de xaneiro, que



non acoden á oficina de emprego —é a única comunidade, xunto con Euskadi, na que nese momento non se renova automaticamente—, hai que engadir esas 18.208 demandas que foron baixa por non renovación ás 201.000 demandas que había a fin de mes. Deste xeito, Galicia pasa a ser a comunidade na que, despois de Euskadi, máis aumentan as demandas non ocupadas.

Resulta especialmente grave que retomen a obriga da renovación da demanda cando é maior o número de novos casos notificados do Covid-19 en Galicia. Mire, no primeiro trimestre dos cinco últimos anos en Galicia houbo un total de 159.052 baixas de demandas, das que 84.000 foron por colocación, o 53,3 %. Desas baixas por colocación soamente 2.095, o 2,5, foron xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Se miramos aos servizos públicos de emprego das outras comunidades, sen que en ningunha —é verdade— se poida falar de que se acade o obxectivo previsto, nos últimos cinco anos, entre o ano 2017 e o 2021, oscila entre o 22,9 de Extremadura, o 10,4 de Andalucía, o 9 % de Aragón e o 8,7 de Canarias. A media estatal de colocacións xestionadas polos servizos públicos de emprego neste período é do 6,9, case tres veces máis que en Galicia.

Señora conselleira, todos somos conscientes de que a política que fan vostedes é unha política que incide na vida das persoas en Galicia e nada máis polas necesidades que vostedes só se deixan sen cubrir nunha situación tan importante. As persoas paradas e as empresas galegas precisan un servizo público de emprego que intermedie entre unhas e outras cun mínimo de peso, e iso non é unha media no primeiro trimestre dos últimos 5 anos do 2,5.

O segundo obxectivo é a mellora da empregabilidade —como ben sabe— con demandas artellando a través dos itinerarios de inserción de que falabamos. É un requisito imprescindible para facer os itinerarios de inserción, ter previamente, conselleira, unha análise das necesidades do mercado de traballo local do demandante. Unha análise que debe facerse a curto ou a medio prazo. Se non sabemos cales son as necesidades de emprego por localidades, ¿como imos facer un itinerario de inserción para un demandante de emprego?

O requisito imprescindible para facer estes plans de busca de emprego aos que están obrigados os técnicos é coñecer as competencias do demandante, o seu nivel de profesionalidade na ocupación ou nas ocupacións nas que pretende buscar emprego. Ningún destes dous requisitos imprescindibles os coñecemos, señora conselleira. Ou o que é moito peor, tampouco parece que dende a consellería estean buscando neste momento procedementos para coñecelos. Non é tampouco preocupación deste departamento, como tampouco é preocupación deste Goberno de Galicia gastar os fondos asignados ás políticas de emprego, porque coas políticas de mellora da empregabilidade durante o Goberno de Feijóo se deixaron sen gastar 762 millóns de euros dos fondos para a formación no emprego de parados e de ocupados. Se temos en conta que soamente o 46 % das persoas paradas teñen formación de tipo profesional FP ou universitaria, é difícil entender esta neglixencia na xestión. Ademais, non ten impulsado a formación en competencias clave.

E o terceiro obxectivo é o fomento do emprego e a estabilidade. Obviamente non fai falta falar moito deles. O volume de traballo que se perdeu baixo o Goberno de Feijóo, e iso



tampouco o di, foi o 15,5 % do existente. Entre 2008 e 2019 perdéronse 6,7 millóns de horas de traballo, o equivalente, xa o dixen noutra ocasión, a 178.844 postos de traballo. De media anual en 2020 dúas de cada tres persoas paradas galegas non perciben ningunha prestación. E deses créditos destinados a esta materia deixan sen gastar en conxunto 1.487 millóns.

Señora conselleira, entre os 1.487 millóns de políticas de fomento de emprego e de políticas activas e mais os 55 que se deixaron sen gastar en relacións laborais, saúde laboral e economía social, temos 1.540 millóns de euros non gastados.

Señora conselleira, hai 1.540 razóns para que as persoas paradas se sintan insultadas polos diferentes gobernos do señor Feijóo, unha por cada millón de euros que deixaron sen gastar en políticas de emprego os seus diferentes gobernos.

Por iso interpelámolo para que se comprometa neste Parlamento a poñer en marcha un plan mixto de adquisición de experiencia en formación e en competencias clave para 10.000 persoas paradas non perceptoras de prestación.

Nada máis na miña primeira intervención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

O primeiro, non vou entrar na afirmación que acaba de facer vostede, señora Díaz, en relación ao falseamento dos datos que eu estou dando aquí. E non vou entrar porque estou dando datos non soamente do Servizo de Emprego, senón datos da Seguridade Social; entón penso que non teño eu aquí que entrar a defender nin a Administración xeral do Estado, nin a Administración da comunidade autónoma, nin os funcionarios que traballan e que dan estes datos, porque se defenden por si sos. Pero paréceme moi grave que se poida poñer en dúbida, xa non falo da miña consellería, senón os datos da Seguridade Social.

Entón, os datos que deu hoxe o presidente e os que dan as miñas directoras, por suposto en comisión, son os datos reais que figuran nos rexistros. Galicia é a primeira comunidade autónoma do Estado no mes de abril en baixada de paro, tanto a nivel interanual como a nivel intermensual. E isto é así. É así a diferenza ademais bastante ampla cos datos medios do Estado. É dicir, cando en Galicia diminuímos nun 5,50 % o número de parados con respecto a marzo, España diminúe un 0,99 %. Cando en Galicia diminuímos un 10,88 % o número de parados con respecto a abril de 2020, é dicir, no pico da pandemia, en España increméntase esa cifra, increméntase o paro en 2,07 %. Galicia baixa un 10,88, España sobe un 2,07.



Despois fala aí con confusión, porque pode dar lugar a confusión dos datos do mes de xaneiro e da falta de renovación automática que se deixou de facer. A falta de renovación automática é que a renovación automática non é un procedemento ordinario, é un procedemento que determinadas comunidades autónomas, entre outras tamén o País Vasco, puxeron en marcha durante a época do Covid, pero o paro, a demanda de emprego, pode facerse a través do móbil. Entón supoño que quen realmente estea e teña interese en ser demandante de emprego, é que non se ten que desprazar á oficina de emprego, pódoo facer dende unha aplicación móbil.

En calquera caso, eses datos que vostede di son datos de xaneiro, pero é que a baixada da que estamos a falar agora mesmo é unha baixada de abril, datos de abril, porque estamos xa no mes de maio. Polo tanto estamos comparando a baixada de abril a abril e a baixada de abril a marzo deste ano. Non pode influír todo o contrario a baixada no seu caso da que vostede fala no mes de xaneiro.

E logo, volta outra vez con que se vostedes non queren crer os datos do paro, crean polo menos os datos da Seguridade Social. E que eses 20.000 parados menos que ten Galicia dende que hai un ano se corresponden con 27.000 afiliacións máis á Seguridade Social, co cal tampouco sei, e gustaríame saber, de onde, de que fonte saca vostede o dato que acaba de dar de que hai unha perda interanual de afiliacións de 19.000 persoas. Porque estes non son os datos da Seguridade Social. Entón... é que son 19.000 persoas das que vostede está falando, non sei de onde sae este dato.

En canto á contratación e á calidade do emprego, a contratación indefinida, falaba antes da contratación indefinida de menos de 30 anos, pero é que a contratación indefinida crece con carácter xeral respecto de hai un ano. Hai un crecemento dun 188,26 %. Hai agora mesmo 4.874 contratos indefinidos máis que no pico da pandemia. Tamén medra a contratación a tempo completo nun 142,84 %.

Despois tamén fala dos datos de perda dos postos de traballo dende o ano 2008, fala de 178.000 postos de traballo perdido, un 15 % de perda de emprego. Tampouco sei de onde saen estes datos. O paro rexistrado baixa en preto de 40.000 persoas dende que nós chegamos ao Goberno en abril do ano 2009. En abril do ano 2009 o paro rexistrado eran 210.662 persoas, en abril do 2021, 170.778.

No último ano do bipartito o paro estaba crescendo, estaba crescendo nun 31,9 %. Actualmente, a pesar da pandemia, estamos baixando o paro nun 10 %.

Con respecto á nosa primeira lexislatura, cando collemos o Goberno, en abril do ano 2009, rexístranse case 40.000 parados menos, un 18,93 % menos.

Respecto da segunda lexislatura, hai unha baixada dun 38,74 %, 108.009 parados menos. Respecto á terceira lexislatura, 32.776 parados menos, é dicir, un 16,1 % menos. Creamos emprego, gañamos esas 27.000 afiliacións. E, se nos remontamos ao último ano do bipartito, estábanse perdendo, datos de novo da Seguridade Social, 50.800 afiliacións. É dicir, que fronte a unha crise como a que estamos e está a acontecer, que afecta a todos por igual, Ga-



licia está conseguindo reducir o número de parados por cuarto mes consecutivo, levamos reducindo o paro dende o inicio do ano 2021, mentres no conxunto do Estado segue a aumentar o paro. É dicir que, pese a que o impacto é o mesmo porque a pandemia é a mesma, si é certo que as medidas de apoio, de resistencia e todo o que se leva facendo ata o de agora están conseguindo que Galicia resista mellor e que Galicia estea recuperando emprego.

Despois os datos de ERTE... é que os datos de ERTE en Galicia son bos e están por riba tamén da media nacional en recuperación dos traballadores que estaban suspendidos a volta ás empresas. En Galicia en abril rexistráronse 10.450 ERTE que afectaron a 26.998 traballadores. Respecto do mes de marzo, descendéron un 22,33 % as persoas que estaban en ERTE, 7.700 persoas menos en ERTE. No pico da pandemia estabamos con 165.000 persoas en ERTE. Saíron en todo este tempo 138.040 traballadores do ERTE, é dicir, recuperamos o 83,64 %; a media estatal está nun 81,15 %.

Execución dos fondos finalistas de emprego. A Xunta —tampouco sei de onde sacan eses datos—, a Xunta foi quen de executar con absoluta dilixencia os seus compromisos de gasto en materia laboral durante todos os anos das nosas lexislaturas dende que chegamos no ano 2009. Xa me gustaría a min ter todos eses fondos sen executar dos que vostede me fala, porque os fondos finalistas non se perden, incorpóranse ano tras ano, e eu pódollo asegurar que fago moitas contas para poder sacar adiante todos os programas de emprego. Ogallá tivese todos eses cartos para poder executar máis políticas activas de emprego, pero a realidade é que non os teño porque están comprometidos no orzamento. ¿Vostede cre que, se non, o Ministerio de Emprego, o Ministerio de Traballo actual, continuaría transferindo os fondos se non se executasen?

No ano 2020 o Goberno galego comprometeu preto do 84 % do orzamento vixente en políticas activas de emprego. Galicia seguimos posicionándonos como a primeira comunidade autónoma por número de axudas publicadas, 82 axudas en políticas activas, fronte a Castela e León, 60, e Madrid, 54, que son as dúas seguintes.

En orzamento aplicado do conxunto no ano 2020, a terceira comunidade autónoma en políticas activas de emprego por detrás de Extremadura e de Euskadi.

Co cal penso que estes datos desmontan por completo o que vostedes están dicindo da falta, e que repite constantemente o Partido Socialista, da falta de execución dos fondos de emprego. E que resulta ridículo porque Galicia é das primeiras comunidades autónomas en execución dos fondos de emprego. Entón, miren de onde sacan eses datos porque non son os datos reais. E repítollo que ogallá tivese todos eses fondos, porque podería executar moitas máis axudas, podería executar moita máis política de emprego, pero non podo porque non teño máis porque os cartos están comprometidos.

A estratexia de emprego que ten a consellería, e que engancha co que xa falabamos en materia de emprego xuvenil, pasa a curto prazo como estamos vendo por medidas que inxectan liquidez nas empresas, pero a medio prazo pasa precisamente pola modernización dos procesos de intermediación e dos procesos de colocación, analizando as necesidades do tecido empresarial e da poboación traballadora, para conseguir o que vostede está plantexando:



unha Administración máis áxil, máis dinámica e que de verdade contacte en tempo real cos empresarios, cos autónomos para cruzar as demandas e as ofertas laborais. E esta estratexia pasa precisamente por, como dicíamos antes, unha readaptación da formación para o emprego e a creación de ferramentas e de recursos innovadores na comunidade autónoma para lograr ese cruce entre a oferta e a demanda. Adaptación da formación, por unha banda a formación dixital, non soamente en competencias dixitais, senón a través de aulas dixitais que consigan aumentar e facilitar que a formación chegue a máis e chegue tamén ao rural, e axustando a formación profesional para o emprego, como digo, ás necesidades e ás demandas do mercado laboral.

Formación específica en sectores estratéxicos. Imos sacar paquetes específicos este mesmo ano de formación en sectores estratéxicos para o adestramento intensivo e focalizado en tecnoloxías que demandan estes sectores. E tamén formación en xeral en perfís en competencias que sexan os máis demandados no mercado, a través dese estudo de tecnoloxías emerxentes, que está xa en elaboración, e a través da Axenda Galega de Capacidades, que será un gran pacto entre todos os axentes sociais para deseñar dalgún xeito as capacidades das persoas que van traballar en Galicia nos próximos anos. Esta axenda será presentada antes do verán por parte da consellería aos axentes sociais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): E continuamos —si— creando ferramentas e recursos innovadores como, por exemplo, os polos de emprendemento rural do que lles falaba, todos eles no marco da Estratexia española de emprego.

Máis nada por agora. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra na rolda de réplica a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleira, non me contestou a se ten intención de intermediar neste conflito que está afectando a case 10.000 persoas na Coruña por este convenio que está enquistada a negociación. E gustaríame que contestara porque realmente son traballadoras que, como ben sabe, teñen contratos en precario, moitas delas media xornada ou menos, cobrando 400 euros neste caso, e secundar unha folga como esta para elas supón un grandísimo esforzo, cando neste caso a patronal vén de especificar unha serie na plataforma para que perdan unha serie de dereitos adquiridos ao longo dos anos. Espero que intermedie na solución dun conflito para que as traballadoras masivamente, por iso digo mulleres, alcancen un convenio digno.

Ben, señora conselleira, sigo dicindo, os 1.540 millóns de euros non gastados para emprego por Galicia dan medida do desastre das políticas de emprego do señor presidente, do señor



Feijóo. O grande éxito que se están arrogando na diminución do paro rexistrado no primeiro trimestre en relación co acontecido na media do Estado é debido exclusivamente ás baixas por non renovación; e das 17 comunidades soamente Galicia e Euskadi, que son as que non permiten, non permitiron esa renovación autonómica, pasou isto; das baixas por non renovación o peso da pandemia nótase loxicamente dun xeito absolutamente decisivo, porque en 2021, as baixas por non renovación eran de 14.043; pero, se baixamos ao 2020, 6.849; en 2019, 9.166; e en 2018, 8.599. Obviamente, tanto en números absolutos como o peso da pandemia sobre as persoas demandantes no primeiro trimestre deste ano preferiron ser dados de baixa nese momento por non correr risco e tamén porque, como dicía, o Servizo Público de Emprego de Galicia non está a funcionar nin está a ser un núcleo de intermediación laboral.

E dende logo isto non é culpa en ningún caso dos traballadores do Servizo Público de Emprego de Galicia. Isto é unha falta de medidas porque non teñen medios, non teñen medios nin formación adecuada os técnicos de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia para acadar esas intermediacións.

Entón, non confundamos porque nós nesta interpelación falamos da política seguida pola Consellería de Emprego, nunca do traballo espectacular, obviamente, que fan o que poden os traballadores do Servizo Público de Emprego de Galicia, que desde aquí saudamos.

Ben, señora conselleira, sexa consciente de que a diminución do paro rexistrado ten moito máis que ver coa pandemia e coa falta de expectativas do mercado laboral que teñen os xoves e xa non tan xoves en Galicia, e é absolutamente necesario que establezan procedementos para incrementar o nivel de xestión de ofertas. Estes procedementos non son algoritmos informáticos, senón que teñen moito máis que ver cos procedementos de clasificación destes demandantes, cun procedemento de xestión de ofertas.

En relación coa mellora da empregabilidade, o segundo obxectivo é un desastre se mire polo lado que se mire, porque si que é certo, e están aí os datos, da falta de execución das políticas de emprego da época Feijóo e están publicadas.

Un segundo aspecto é a prospección do mercado de traballo do ámbito no que buscan emprego as persoas demandantes, porque é unha prospección que non existe, conselleira; polo tanto, as persoas que elaboran os itinerarios, os funcionarios, non teñen ningunha referencia para facelos.

Un terceiro aspecto a ter en conta é o nivel de comprobación das competencias profesionais, que tampouco hai unha relación de opcións de ocupacións para as que se precisa unha determinada titulación que sen ela non se pode inscribir un demandante. Un cuarto aspecto son os itinerarios individuais e personalizados, que segundo o artigo 29 tampouco se están a desenvolver. Na actualidade non se están, señora conselleira, planificando as actuacións previstas nos itinerarios. Dende que chegou Feijóo ao Goberno nunca se tiveron en conta estes itinerarios de planificación das actuacións concretas, nin doce anos despois teñen desenvolvido un procedemento para facelo. Despois de facer, ir unha e outra vez as persoas demandantes de emprego á oficina, despois de facer que unha persoa técnica de emprego ou orientadora busque o que lle pode ofertar a este demandante para que teña máis posibi-



lidades de colocación, despois de asinar ambos un acordo de mellora de empregabilidade con medidas concretas, a consellería non ten en conta nada diso na planificación das políticas de emprego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben, só un momento, señor presidente.

Ademais, na actualidade estamos vendo como grandes empresas están facendo ERE, como pode ser H&M en Ourense, con 18 postos de traballo en risco, cando é unha tenda que sabe que ten un volume de beneficios alto, a oitava a nivel estatal; Adolfo Domínguez en Ourense; e o que comentaba antes o meu compañeiro voceiro de economía na banca.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: E tamén esperamos, señora conselleira, que intermedie nestes ERE polo ben das nosas provincias e da nosa comunidade.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Costa.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Sobre o convenio colectivo do sector da limpeza da Coruña, non lle respondín porque teño unha pregunta esta tarde sobre este tema do Bloque Nacionalista Galego; entón esta tarde falarei do asunto.

En relación cos datos, volta vostede co tema da renovación automática das baixas por renovación automática. Eu estoulle dando datos, ademais, de afiliacións, e voulle dar agora datos de autónomos, de altas no rexistro de autónomos. Entón é imposible que o efecto das baixas por renovación automática poida influír nas afiliacións á Seguridade Social; e as altas na Seguridade Social superan a baixada do paro, o cal quere dicir que non está existindo ese impacto do que vostede fala da baixa por renovación automática. Hai 20.000 persoas menos no paro e 27.000 afiliacións máis. É dicir, aínda hai máis persoas afiliadas das que estaban anotadas no paro, datos entre abril do ano 2020 e abril do ano 21. Si, isto é así, son datos da Seguridade Social, eu non veño aquí a vender ningún dato, son os datos que saen dos rexistros. Entón, esa posible teoría cae polo seu propio peso dende o momento en que as afiliacións da Seguridade Social soben.

O paro baixa en abril, como lle digo, a nivel intermensual, baixa en abril a nivel interanual; a comunidade autónoma con máis descenso do paro nos dous parámetros. Estamos falando



de que Galicia baixa o paro a nivel interanual cando no Estado está medrando a nivel interanual. Contamos con niveis de paro inferiores a hai doce anos. Galicia aumenta a contratación, subida interanual dun 188 % da contratación indefinida. Datos de autónomos: temos agora un 2 % máis de autónomos que antes da pandemia; estamos xa en cifras, estabamos no reto no rexistro de autónomos en marzo do 20 con 207.163 autónomos e temos agora 207.552 autónomos. Dato tamén que nada ten que ver con esa baixa automática da que vos tede fala, que é exclusivamente respecto da demanda de emprego na oficinas.

Cando eu falaba dos funcionarios, non me refería ao traballo nas oficinas de emprego, referíame aos datos que saen dos rexistros que manexan os funcionarios, non do traballo que fan na orientación laboral.

E volven coa baixa execución dos fondos de emprego. A curto prazo saben que estamos traballando en axudas directas aos sectores, en axudas áxiles, axudas vinculadas aos empresarios e ás empresarias de Galicia. Levamos sacadas axudas dende o mes de novembro directas por valor de 182 millóns de euros. Está pagado o 100 % do primeiro plan e do segundo plan o 84 %; de 96 millóns, porque o incrementamos en 21 millóns hai semana e pico, xa pagamos outros 80 millóns. Xa está negociado o terceiro plan de rescate cos 234 millóns que veñen do Estado, co cal estamos falando —estas axudas vanse pagar coa mesma axilidade que as anteriores— de que imos pagar a 150.000 autónomos 416 millóns de euros en sete meses, e parece ser que non executamos os fondos, non hai outra comunidade autónoma en todo o Estado que leve executado tal cantidade de axudas directas e menos en tan pouco tempo.

A medio prazo traballamos no que vostede está salientando, traballamos precisamente en, dalgún xeito, unir a formación coa orientación laboral, tratando de analizar as demandas do mercado, para darlle precisamente eses instrumentos aos nosos orientadores, ás nosas oficinas de emprego. De aí a necesidade, cremos, dese proxecto europeo con polos de emprendemento rural onde exista unha oficina específica de emprendemento que coñeza o tecido empresarial da zona e que poida guiar a formación e o emprendemento nesa zona. E de aí tamén a importancia de facer un gran pacto, esa axenda das capacidades dentro da comunidade autónoma, para que sexa realmente, no diálogo social, para que sexa realmente o tecido empresarial, tamén as universidades, e por suposto todos os axentes sociais da comunidade autónoma os que trasladen á Administración cales son os sectores que agora mesmo teñen emprego para formar e orientar nese sentido. Niso estamos traballando.

Esa axenda vaise presentar antes do verán e vaise facer un pacto na comunidade autónoma tratando de cruzar, realmente, a demanda que teñen as empresas co que necesitan ou no que temos que formar e que orientar tamén os traballadores e as traballadoras.

Só remato de novo dicindo porque me parece grave que se afirme a baixa execución de fondos, que levamos doce anos onde a media da execución dos fondos de emprego se sitúa nun 83,5 %, e que en plena pandemia fomos capaces de comprometer preto do 84 % do orzamento da comunidade autónoma. A mostra de que isto é así é que eu non teño máis cartos no meu orzamento. Se os tivese, sería capaz de sacar programas de políticas activas aínda máis ambiciosos; non se atopan porque están comprometidos en programas, en convocato-



rias de axudas; como lle digo, somos a primeira comunidade autónoma en convocatorias de axudas públicas en materia de políticas activas de emprego.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as 16.30 h.

Suspéndese a sesión ás tres menos cuarto e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión coas preguntas ao Goberno, o punto sétimo da orde do día.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o nivel de eficacia que está a ter a aplicación dos códigos QR para detectar novos gromos de Covid-19 e para controlar a capacidade dos locais de hostalaría

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde, deputados e deputadas.

Boa tarde, vicepresidente primeiro.

A hostalaría é un dos sectores máis afectados por esta crise económica e sanitaria, como todos e todas sabemos, debido fundamentalmente á redución de aforos e horarios, á contención dos gastos por parte das familias, ao medo ao contacto social e aos peches perimetrais. Así, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística no seu Informe sobre os indicadores de actividade, o indicador da actividade do sector da hostalaría rexistrou unha caída no mes de decembro do 56 % respecto do mesmo mes do ano anterior, sendo un dos sectores que experimenta maior caída, reducíndose paralelamente a cifra de negocio nun 47 %, e cunha perda do 13 % do persoal ocupado no sector, dúas décimas por riba do conxunto do Estado.

Ante esta triste situación da hostalaría, o Goberno galego debe facerlle o seu traballo máis doado con medidas máis concretas, e, por suposto, con máis axudas.

A desescalada trouxo consigo unha serie de novas medidas para a hostalaría co fin de lograr un servizo seguro. O control do número de persoas, a distancia interpersoal, a limpeza e agora ademais o código QR e os medidores do CO₂. A implantación deste sistema de código QR por parte da Xunta de Galicia é obrigatorio para os empresarios da hostalaría. Dende o 12 de marzo, despois de dar a Xunta de Galicia unha moratoria dunha semana para a entrada en vigor desa norma, dadas as queixas sobre o mal funcionamento da páxina oficial desde a que se debería descargar o material gráfico, todos os establecementos da hostalaría de Galicia están obrigados a presentar un cartel da Xunta de Galicia que mostre a capacidade do local, tanto na terraza como no interior, e no que aparece un código QR para que todos os clientes



que o decidan poidan rexistrar a súa presenza no establecemento. O obrigatorio é que os bares, cafetaría e restaurantes presenten o código QR; os consumidores son os que poden escoller voluntariamente escanearlo ou non. O obxectivo é axudar a rastrexar a orixe dos casos da Covid-19 para cortar a cadea de infeccións canto antes e controlar o aforo do local. Nesta iniciativa da Xunta de Galicia non se tivo en conta a asistencia de clientes non tecnolóxicos, que hai moitos, moitísimos que non utilizan este tipo de ferramenta.

Pasado un tempo da obrigatoriedade desta medida do código QR, o Grupo Parlamentario Socialista demanda datos actualizados do funcionamento desta app de uso obrigatorio para a hostalaría e, así, deste xeito, saber se esta medida está funcionando para detectar novos gromos na nosa comunidade autónoma e para controlar os aforos dos locais. Segundo o sector da hostalaría, a maioría da clientela non descarga esta app, co cal non está facendo a función para a que foi creada; polo tanto, está sendo ineficiente. Pero, señor vicepresidente, díganos vostede ¿que nivel de eficacia está tendo a aplicación do código QR na hostalaría galega?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Gallego, a verdade é que para intentar responderlle axeitadamente a esta pregunta e darlle os datos que vostede me pide —que, por suposto, lle darei na réplica—, antes quería facer unha precisión. É que lin varias veces a súa exposición de motivos e non entendo moi ben cal é o sentido da pregunta e, polo tanto, a resposta que espera para ter a información axeitada. Non a sigo, por así dicilo coloquialmente; non sei se pensa que o QR é pedir cousas de máis, molestar os hostaleiros ou os clientes. Pódolle asegurar que nas moitísimas reunións que tiveron cos hostaleiros durante todos estes meses teñen moitas queixas —e algunhas son moi lóxicas e intentamos ir solucionándoas—, pero pódolle asegurar que entre as súas preocupacións, as súas inxerencias, as cousas que de verdade lles inquietan non está un trámite moi fácil, que non ten ningún custo e que, fóra dos inconvenientes iniciais que poida haber por unha medida novidosa, non lles causou máis molestia, e, á parte, sabe vostede perfectamente que se deu un tempo de moratoria para que todo o mundo puidera descargalo.

Polo tanto, non sei se o que pregunta ou se non lle parece ben que se pidan esas cousas de máis, que non hai que controlar tanto; e, polo tanto, esta é unha medida de control que non deberíamos poñer, iso entraría en contradición con moitas das cousas que vostedes dixeron sobre todos estes asuntos. ¿Pensa que é mellor ir improvisando segundo vaian os gromos ou evolucione a pandemia e, polo tanto, ir poñendo medidas despois antes de poñelas antes? Non o sei, realmente, xa lle digo que isto non é un motivo de queixa dos hos-



taleiros cando nos reunimos, nin moitísimo menos. Pode dicir —e vostede dicíao agora na súa intervención— que non ten un nivel de aceptación... xa veremos máis adiante. O dos códigos QR —nós intentamos dicilo sempre— na hostalaría tamén e, en xeral, na asistencia a todo tipo de eventos e sobre todo aqueles que se producen en lugares pechados, estou seguro de que veu para quedarse. Será unha ferramenta que a xente cada vez adoitará máis utilizar e que será algo normal nas nosas vidas, como son moitas cousas coas que non contabamos cando empezou a pandemia. E, polo tanto, é unha ferramenta que está moi ben poñela á disposición de todo o mundo, que a xente saiba cando entra nun local exactamente cal é o aforo. E non son todos iguais —vostede sábeo perfectamente—, en función das diferentes circunstancias sanitarias de cada concello van variando, interior e exterior, e calquera persoa cando entra —aínda que só fora por iso, isto é algo que moitos agradecen— e, polo tanto, é información que damos. E, polo tanto, xa digo, con independencia dos datos de utilización, os que lle poida subministrar que facilita a ferramenta, supoño que estará vostede de acordo en que este tipo de medidas que axudan a controlar e a dar información e, polo tanto, a previr situacións indesexadas están ben e é bo poñelas. E xa verá como no futuro se xeneralizarán.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica. Señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Señor vicepresidente, debo de explicarme fatal, porque o outro día tampouco me entendía. Non sei, debo de explicarme moi mal.

Vamos ver, non estamos en contra do código QR, pero a cidadanía non está baixando o código QR, e iso dío todo o sector da hostalaría, ¡todo! Claro, pero como vostede só escoita unha parte...; escoite vostede todo o sector da hostalaría e así enterarase do que pasa. *(Aplausos.)* Porque eu si me entero do que pasa, que o outro día dixó que eu non me enteraba de nada, pero si, si que me entero; ao mellor o que non se entera é vostede. Fale coa hostalaría e diralle o que pasa co código QR.

O que pasa co código QR é que non está funcionando porque se solicitan moitos datos, tería que ser unha ferramenta máis sinxela, iso dío toda a hostalaría. E unha mostra diso é que agora nas ceas nos restaurantes se piden uns datos a maiores, e entón ¿para que está o código QR? Se xa está o código QR, que sería unha boa ferramenta, ¿por que se piden a maiores máis datos? E, por certo, ¿por que se piden nas ceas datos e nas comidas non? Bueno, o outro día a directora xeral de Turismo díxonos que era porque nas comidas non se socializaba. Home, eu non sei, pero creo que todos os que estamos aquí socializamos tamén nas comidas, ou sexa... *(Aplausos.)* a verdade, non sei cal é o motivo. *(Aplausos.)*

Tampouco a hostalaría sabe cal é o motivo de que os restaurantes abran ata a 1 e o resto dos locais da hostalaría non. Tampouco saben cal é o motivo.



E hai bastante malestar realmente entre o sector da hostalaría con esta desorde das medidas, e isto é debido á improvisación que ten a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia está nunha improvisación constante e dino os hostaleiros e as hostaleiras, non o di esta deputada que está falando agora. O sector non entende todo este batiburrillo de medidas, necesita unhas medidas ordenadas concretas e que non se solapen unhas con outras.

E, por suposto, estamos de acordo coas medidas, si, pero teñen que ter unha orde. Non improvisen, porque están improvisando todo o rato.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Peché da pregunta. Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Gallego, perdoe que llo diga, efectivamente, confirmo as miñas sospeitas, por iso quería empezar por aí a primeira parte da intervención. A vostede moléstalle que fagamos cousas de acordo cos hostaleiros e que haxa un código QR que aporta máis seguridade e, polo tanto, pois fai unha pregunta para intentar criticalo. Se quere volvemos sobre a pregunta anterior que me acerco perfectamente, voulle dicir o mesmo, é difícil. E, desde logo, non teño todos os datos, permítame que ao mellor teña algún dato máis pola posición que me toca ocupar na competencia de turismo no Goberno para facer unha composición de lugar e, dende logo, para falar.

Eu non sei se vostedes poñen carnés de quen representa e quen non dentro da hostalaría. Nós intentamos falar co máximo abano posible de persoas que representan a hostalaría. Vostedes, se cren que uns si e outros non, pois probablemente por iso despois teñen estas ideas equivocadas que lles impedirían —estou seguro— intentar chegar a acordos nunha situación moi complicada. E por iso nas institucións que vostedes gobernan —salvo algunha honrosa excepción, como a Deputación da Coruña e realmente poucas máis— seguen discutindo a día de hoxe, meses e meses despois, como é iso das axudas directas e non soltaron un só euro —e mire que van meses—, nós levamos 180 millóns de euros, ao mellor é porque intentamos falar coa xente que representa e somos sensibles ás situacións que teñen; e por iso lles axudamos con cartos, axudas directas —como dicía— e tamén con medidas como esta do código QR.

É que ás veces esquecemos —vostedes esquecéno— habitualmente a situación da que vimos e a situación na que estamos agora mesmo. E por iso pide unha cousa e a súa contraria dependendo de con quen se reúnan, pero isto non vai de dicirlle a cada un o que lle guste escoitar, vai de ser obxectivo e vai de intentar facer as cousas ben. E vai de pensar que cando se instalou —porque é o motivo da pregunta— o código QR di que ninguén o descarga. Mire, hai máis de 150.000 descargas da aplicación PassCovid, que é para descargarse despois o código QR. A vostede supoño que eses 150.000 usuarios lle parecerán desprezables ou pensará



que son todos do PP e, polo tanto, hai que criticalos nunha pregunta sobre o código QR. Pero son 150.000 persoas concienciadas e xa verá como, cando se xeneralice este tipo de ferramentas tecnolóxicas para moitas utilidades que teñen que ver coas garantías sanitarias, serán cada vez máis. Pero se isto é normal, se o lóxico e o valente é o que nós fixemos: poñer —se mo permite coloquialmente— esta pequena pica en Flandres para que pouco a pouco a xente se vaia acostumando a ese tipo de ferramentas e que lles dean garantías a eles e aos hostaleiros. Porque disto vai este tipo de medidas, señora Gallego, eu non sei por que lles molestan tanto, non sei por que teñen que criticala, porque algún hostaleiro, supoño, non o sei; dende logo, os que se reúnen comigo e cos que falo —e creo que intento falar con todos— non critican isto nin moito menos. Critícanos moito a vostedes por non dar as axudas, critican que non sexamos máis rápidos aínda, pero non podemos selo na apertura, pero non critican este tipo de ferramentas. É unha ferramenta —e remato xa, señor presidente— que dá a máxima seguridade nos establecementos, permite o seguimento dos gromos, permite un control de cumprimento das medidas, reduce ao máximo os contaxios —ou iso pretendemos—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO: ...traslada tanto aos hostaleiros como aos usuarios...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO: ...unha sensación de seguridade. ¿Por que lles molesta tanto?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Non o entendo, como non... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Terminou o tempo. Grazas.

Debatenos agora de xeito acumulado dúas preguntas. En concreto, unha pregunta de don Xosé Luis Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e de don Pablo Arangüena, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura do correspondente expediente para incluír no BIC Torres de Meirás todos os bens mobles que, pola súa vinculación co sitio histórico, deben formar unha unidade e non poden ser desprazados sen autorización

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a retirada dos bens mobles do pazo de Meirás pola familia Franco



Comeza formulando a pregunta o señor Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, o auto da Audiencia Provincial do pasado 20 de abril é un exemplo claro de xustiza ao revés, do mundo ao revés. E revela un problema de fondo, é que estamos nunha transición que foi unha fraude porque legalizou e branqueou o franquismo. Este auto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* — si, si, así tal como o digo— ...permite aos Franco repetir o espolio coa retirada dos bens mobles do pazo de Meirás, ata 700 obxectos, algúns de incalculable valor. E ante esta decisión xudicial é necesaria unha resposta rápida e por iso o BNG presentou unha iniciativa no Parlamento, que foi debatida e aprobada por unanimidade, cun acordo transaccionado tamén co Partido Popular, para, por un lado, dar unha resposta no plano xudicial con accións xudiciais inmediatas que xa se concretaron cunha resolución xudicial que en principio paraliza ese proceso temporalmente. Pero aquí non podemos xogar só á carta da xustiza, que xa sabemos de que pé coxea.

É fundamental e absolutamente clave e determinante a protección mediante a figura de BIC —sitio histórico— de todos os bens mobles que forman parte inseparable deste conxunto, de maneira que se lles poida aplicar provisionalmente a estes bens o réxime de protección previsto para os bens de interese cultural. Esta decisión permitiría frear en seco e pararlles os pés aos Franco.

E pasou unha semana desde esa decisión xudicial, señor conselleiro, e aínda non se efectivizou este acordo. ¿E que fan vostedes? Vostedes queren pasarlle a pelota ao Goberno central, e isto non é un partido de frontón, vostedes son o Goberno galego e teñen que exercer como tal, señor conselleiro, sen escusas e sen evasivas. Todo o mundo lle está dicindo isto: estallo dicindo o Concello de Sada, estallo dicindo a Iniciativa Galega pola Memoria, estallo dicindo a mesma Secretaría Xeral de Memoria Histórica do Estado e tamén a Avogacía do Estado, que é competencia da Xunta, que a Xunta ten as competencias en materia de patrimonio cultural, que hai unha Lei de patrimonio cultural que obriga a Xunta a facer isto, a protexer estes bens; que ademais xa hai un BIC que protexe o conxunto e, polo tanto, o lóxico é que sexa a mesma Administración a que faga a protección tamén dos bens que forman parte deste conxunto, que lle recordo que é un sitio histórico e que na declaración dese sitio histórico xa se falaba de todos os valores que forman parte del.

Polo tanto, é a Xunta quen debe facelo. E ademais vostedes entran nunha contradición cando lle están dicindo ao Goberno central que non poden facer obras nestes edificios sen a autorización da Xunta. E isto é a proba clara de que é competencia da Xunta, porque, aínda que sexa de titularidade do Estado, non está adscrito a unha Administración do Estado nin é do Patrimonio Nacional.

Polo tanto, señor conselleiro, unha pregunta moi clara: ¿A que están agardando?, ¿cando pensan incoar o expediente de ampliación do BIC para blindar de verdade a protección destes bens inmoables? *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará. Grazas, terminou o tempo.

Formula agora a pregunta o señor Arangüena, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, a nosa pregunta parte da radical desconfianza fundada no feito de que as ideas e actuacións do PSdeG-PSOE no tema de Meirás, como na memoria democrática en xeral, son opostas ás do PP; e, se fora polo señor Feijóo, o Pazo de Meirás seguiría en mans dos Franco, como me recoñecía esta mesma mañá un reputado historiador.

Porque, para empezar, ¿saben que dicía o señor Feijóo cando o Goberno de Touriño declarou BIC o Pazo de Meirás? Decía que Meirás non era un pazo, senón unha torre. Esta foi a marabillosa aportación dese xenio chamado Feijóo á declaración como BIC do Pazo de Meirás, opoñerse porque dicía que Meirás non era un pazo. E así o titular do xornal *El País* do 4 de outubro de 2007 dicía: «*Feijóo alega que la Xunta no puede obligar a la familia Franco a abrir Meirás porque no es un pazo*». Con iso resúmese a súa actitude neste tema.

O que si fixo no 2011 o señor Feijóo cando chegou ao Goberno foi chegar a un acordo coa Fundación Franco para abrir o pazo 4 días aos mes e permitir que durante anos a Fundación Franco fixese apoloxía da ditadura nesas visitas.

E o señor Feijóo segue chamando xeneral ao ditador, non vaia ser que se lle cabree a sección Vox do PP de Galicia aquí presente.

E, a pesar do señor Feijóo e do PP, o proceso xudicial para a recuperación do Pazo de Meirás está sendo clara e rotundamente un éxito dun Goberno progresista comprometido firmemente coa memoria democrática, un éxito polo que ningún dos aquí presentes apostaría os seus cartos hai ben pouco tempo.

E o Estado segue loitando pola recuperación íntegra do pazo. Como exemplo, titular de *La Voz de Galicia* de hoxe mesmo: «*El Estado identifica 120 bienes para evitar que los Franco vacíen Meirás*». O Estado, non a Xunta de Galicia.

E mentres o Estado presenta unha demanda de enorme complexidade e recupera o pazo, recorre o que haxa que recorrer, promove incidentes para evitar que os Franco limpen Meirás, ¿que é o que fan vostedes? Pois dicir que a declaración como BIC dos bens mobles ten que facela o Estado.

Miren, nós non temos reparo de ningún tipo en pedirlle unha vez máis ao Estado, como xa fixemos neste Parlamento, que use e esgote todas as posibilidades xurídicas para reclamar os mobles ou os inmobles, como xa fixemos —insisto— en reiteradas ocasións. Pero o máis sinxelo e razoable, axustado á lexitimidade e á legalidade, é que sexa a Xunta de Galicia quen inclúa os bens mobles na declaración BIC do pazo, é dicir, que amplíe esa declaración feita a respecto do inmovible aos mobles, cousa que pode facer en cuestión de días.

Por tanto, ¿que van facer vostedes, á parte de propaganda? (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Ben, quere a casualidade que hoxe esteamos debatendo o día do centenario da morte de dona Emilia Pardo Bazán, falando precisamente sobre algunhas cuestións moi vencelladas á súa figura recoñecida creo que a nivel nacional e a nivel internacional.

E eu quería comezar con dúas novas, unha boa nova e unha mala. Unha boa noticia e unha mala noticia.

A boa noticia é que o expediente da Casa Cornide para a súa declaración como BIC está xa rematado, está xa a resolución feita e enviarase en breve para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

E a mala noticia, señorías, é que, se non actuamos conxuntamente o Estado e a comunidade autónoma, pode haber risco, pode haber risco de non ser capaces de reter unha serie determinada de bens dentro do recinto das Torres de Meirás.

Dicía que está a resolución de declaración BIC xa feita, vaise publicar nuns días, xa está enviada ao *Diario Oficial* na categoría de monumento, e segue esta declaración, ten que ver primeiro co edificio, co edificio físico e despois co seu interior, cunha medida cautelar para protexer os elementos interiores que haxa dentro deste edificio.

E quixera, para explicar a mala noticia, que vostedes están quizás incluso defendendo, facer unha mínima contextualización. Se algo ten demostrado todo este proceso, é que estamos ante unha cuestión dunha gran complexidade xurídica onde a unión e a colaboración das administracións dá resultados positivos, onde cando se actúa con criterio e con rigor se teñen éxitos, éxitos colectivos, e hai exemplos. Neste Parlamento hai moi pouco acordamos de xeito unánime que as administracións, a estatal e a autonómica, colaboren nestes asuntos.

A Xunta de Galicia lévao facendo dende o primeiro minuto, dende o minuto cero cunha gran lealdade. Sempre fomos coadxuvantes e sempre acompañamos o Estado e acompañamos a Avogacía do Estado. A última vez, cando presentamos un recurso de reposición sobre a retirada dos bens das Torres de Meirás, que afortunadamente onte coñecemos que o xulgado tamén frea a posibilidade de que a Familia Franco poida sacar das Torres de Meirás determinados bens.

¿Como chegamos ata aquí? Ben, en primeiro lugar en 2008 declárase BIC; o señor Bará coñecerao perfectamente. Declárase o continente, o continente do recinto das Torres de Meirás, non así o contido. En segundo lugar, hai un preito que afortunadamente se gaña e ese preito recoñece a titularidade pública dos edificios e das fincas. Non se reclamou nese preito os



bens mobles que estaban dentro do edificio. Posteriormente, a xuíza dita un auto cunhas medidas cautelares que foi recorrido pola Familia Franco e voltamos á casilla de saída e onte voltamos outra vez a paralizar a saída dos mobles.

Todos entendemos que determinados bens que están no interior, que forman parte —digámolo así— do relato e da historia do complexo das Torres de Meirás, deben permanecer dentro do recinto. E todos temos o mesmo obxectivo. O mesmo obxectivo é que aqueles bens propiedade de patrimonio do Estado, vencellados á figura de dona Emilia Pardo Bazán que forman unha unidade dentro do recinto, que forman parte da súa historia, se manteñan dentro do recinto das torres.

E hai 2 perspectivas de lograr isto: unha perspectiva xurídica, que practicamente plantexamos todos o mesmo, a Administración Xeral do Estado, a Xunta, a Deputación da Coruña e o Concello de Sada, recorremos que non se retiren os bens. Coñecémolo perfectamente todos.

E hai unha cautela sectorial desde a perspectiva patrimonial que se plantexa que se amplíe a declaración de BIC que se fixo no ano 2008, que foi incompleta, como acabamos de ver. E aquí xorde unha cuestión xurídica complexa. O Estado en principio desenténdese e di que sexa a Xunta quen faga a tramitación administrativa. A Xunta xuridicamente a través dos seus informes xurídicos entende que debe ser o Estado. ¿Por que? Primeiro porque son os donos, teñen as chaves, as chaves de Meirás tenas o Estado. Xestionan ese recinto. Actúan de xeito unilateral. E, o máis importante, a Lei de patrimonio histórico español nos artigos 6 e 9 di que quen é competente para incoar un expediente BIC dun ben adscrito a un uso público é o propio Estado. E este precisamente foi o argumento central para que o recinto pasase da familia do ditador ao Estado. E todos o defendemos así, todos defendemos que este era un ben de uso público, co cal negalo agora sería absolutamente contradictorio.

En todo caso, ábrese un debate xurídico, a Avogacía do Estado-Asesoría Xurídica. E eu quero ser moi claro, moi claro, a Xunta de Galicia está absolutamente á disposición e non ten ningún inconveniente para ampliar a declaración de BIC. Pero ten que estar habilitado, e aquí é onde xorde a discrepancia. E plantexamos unha solución para solucionar unha cuestión xurídica, que é un convenio que remitimos neste caso ao Estado e que é moi sencillo: simplemente é que o Estado nos habilite á Xunta de Galicia a poder ampliar o BIC.

De non ter este convenio segundo nos informan xuridicamente, a acción de protección BIC practicamente entraría nun calexón sen saída, sería practicamente nula de pleno dereito, segundo a nosa información xurídica.

Levo días intentando falar co secretario de Estado de Memoria Democrática. Aínda non fun capaz. Porque quero preguntar cal é o problema para ter seguridade e coherencia xurídica...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...porque, de non ser así, calquera día podemos levantarnos...



O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas... Ten outro turno despois, grazas. Non, ten outro turno. Terminou, terminou. Grazas. *(Aplausos.)*

Réplica, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Si, señor conselleiro.

Anunciounos hoxe vostede a incoación da declaración BIC da Casa Cornide. Si, cando xa os Franco carrexaron todo o que había dentro e fixeron unha auténtica pillaxe, señor conselleiro. Chegan tarde xa.

E, claro, o problema ¿sabe cal é? O problema é que vostedes non teñen política de memoria histórica, van por detrás, van de mala gana, van arrastrados. E vostedes o que fixeron en todo caso foi demoler, aniquilar todas as políticas de memoria histórica que se fixeron naquel goberno que foi o único en Galiza que fixo políticas públicas de memoria histórica democrática. E así estamos, así estamos tendo que defender de maneira urxente, debe facelo a Xunta de Galiza, e evitar ese auténtico espolio, pillaxe de 700 bens.

Pero mire de que estamos falando: de escudos heráldicos, de hórreos, de cruceiros, de pías bautismais. Por certo, mire, señor conselleiro, a pía bautismal... —¿pode mirar, señor conselleiro?— ...de Moraime convertido nun maceteiro. Isto é unha auténtica vergoña e non o pode permitir a Xunta de Galiza, que ten as competencias en materia de BIC e de patrimonio histórico. Estamos a falar de ánforas romanas, señor conselleiro. Estamos a falar de todo o mobiliario e todos os bens artísticos da capela e, por certo, todo o legado pardobazaniano, que vostedes agora fixéronse os máis pardobazanianos do mundo e van permitir tamén a pillaxe de todos eses bens.

Non se pode permitir este saqueo e non se pode permitir, e non son vostedes quen teñen que facer esa declaración de BIC. Teñen vostedes as competencias en patrimonio histórico, pero ademais a Avogacía do Estado fixo un informe extenso e concluínte que lles di a vostedes que incoen. Para que queren un convenio se lle está dicindo a Avogacía do Estado que é competencia súa, que o deben facer vostedes. E que non é a primeira vez, nin a segunda nin a terceira que se fai unha declaración BIC por parte dunha comunidade de bens que son de titularidade do Estado, está aí a Alhambra de Granada. Podíamos poñer moitos máis. Porque a titularidade non é a cuestión determinante, é que estea adscrito a un servizo do Estado que sexa do Patrimonio Nacional, cuestión que non se dá neste caso.

E vostedes fixérono por exemplo coa biblioteca; polo tanto, fágano xa e non poñan máis escusas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

Réplica, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, é claro e meridiano que é a Xunta de Galicia quen ten que declarar como BIC os bens mobles, non o Estado. Dado que foi a Xunta



quen instou en 2008 a declaración como BIC do pazo e dado que non lle corresponde ao Estado facelo, porque o ben non está adscrito aos servizos do Estado nin forma parte do Patrimonio do Estado, entre outras cousas porque a sentenza non é firme e, se non hai firmeza, non pode haber nin modificación da situación rexistral do ben. E a Xunta ten competencia para declarar BIC os mobles en cuestión de días, só ten que facelo.

Por certo, falando de Pardo Bazán, xa dixemos moitas veces que non contén con nós para branquear o franquismo desviando o pazo da súa finalidade principal, que debe ser analizar e reivindicar a memoria democrática, á cal adican vostedes cero euros no seu orzamento.

Dixen e reitero que a nosa actitude e traxectoria neste tema foi sempre oposta á do Partido Popular. Non o digo eu, está posto branco sobre negro na sentenza cando indica que en febreiro de 1978 o Partido Socialista xa pedía a restitución do ben, e a súa constitución e conversión en sede do futuro Goberno autonómico. Esa é a historia, eses son os feitos, máis alá da propaganda oficial do PP de Galicia.

Tamén é un feito que a Xunta pode ampliar a declaración de BIC aos mobles en cuestión de días. Parece que seguen vostedes xogando a marear a perdiz, a facer que fan, sen facer, ou que non queren cabrear a parte da súa base electoral que votaría Vox en Galicia se tivese escusa e ocasión para facelo, ou simplemente non queren traizoar as súas orixes.

En todo caso, falou vostede de colaboración e lealdade institucional; non van ter vostedes nin un atisbo de estorbo ou atranco por parte do Goberno do Estado para recuperar a totalidade dos bens mobles do Pazo de Meirás.

E, por certo, se quere falar co secretario de Estado e ten dificultades, saímos agora mesmo e chamamos ao secretario de Estado, non o poña como escusa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Turno de peche destas preguntas, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): A verdade é que non sei vostedes cal é o seu obxectivo; en todo caso, miren, nós poñemos encima da mesa unha solución técnica, pedimos ao Estado que non sexa intransixente. O de menos é quen fai o expediente. A Administración autonómica non ten problema ningún en facer o expediente, o importante é facelo ben, iso é realmente o importante. E, reitero, temos un convenio encima da mesa que nos habilita, xuridicamente necesitamos. Se mañá firmamos ese convenio, pasado empezamos a incoación. Se mañá firmamos ese convenio, pasado comezamos a incoación.

Mire, nesta Cámara somos políticos e falamos en termos políticos, e falamos con criterios políticos. Obviamente, debemos ter unha base xurídica para evitar efectos perversos das nosas decisións. E hai unha pregunta e unha reflexión tremendamente sinxela, que é a clave



que posibilitou que o recinto das torres de Meirás pasase a ser propiedade do Estado, e foi demostrar que ese ben foi sempre un ben integrante do Patrimonio Nacional adscrito a un servizo público, xestionado pola Administración xeral do Estado. Está así literalmente na sentenza.

E, se collemos a Lei de patrimonio histórico español, dinos que incoar un expediente BIC de Bens de Patrimonio Nacional o competente é o Estado, artigo 6B. Pouco máis hai que dicir, señorías.

E, mire, como aquí falamos como políticos, este Goberno e este grupo parlamentario poden estar absolutamente seguros de que temos cero débeda moral ou política co franquismo ou co ditador, como vostedes o chaman, cero débeda política ou moral. Iso si, (*Aplausos.*) nós temos xa protexidos os BIC máis importantes, a Biblioteca de Emilia Pardo Bazán cando era propiedade dos Franco, señor Bará, e as estatuas do Mestre Mateo. E non temos inconveniente ningún, ningún en facer a incoación, pero queremos facela ben para que despois non se xere frustración ou para que despois prexudiquemos a situación xeral, e non entremos nunha contradición xurídica total, non vaia ser que para salvar uns mobles perdamos o in-moble. Non vaia ser que entremos na trampa que nos acaba de dicir o señor Aranguren.

Mire, se non entendemos e non actuamos unidos cun criterio común, algún día haberá unha foto que non lle vai gustar a ninguén, e quen é responsable desa foto será aquel que non posibilita que haxa unha solución xurídica que esta Administración autonómica admite, porque hai que facer as cousas ben, e entendo e estou seguro de que o Estado non nos fará perder esta oportunidade. Estou seguro de que non vai desprezar esta solución, porque a pregunta é ¿por que?, ¿por que se nega...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, señor Arangüena, ¡por favor!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...a firmar este convenio. Hai unha cousa clarísima, as claves sabemos quen as ten e quen as colleu, son do Estado, normal. Debería ser o propio Estado quen declare, en base á súa propia lei, os seus bens, quen fixara a incoación, non entendemos por que escapa, ¿verdade?

Eu pido que actúe, que actúe o Estado ou que deixe actuar, que posibilite que outros o fagan, e a Xunta quere facelo, pero quere facelo con seguridade para non entrar por un camiño perverso onde dentro de equis meses entremos nunha desesperanza ou nunha frustración. ¿Como explicarían isto posteriormente? Porque a pregunta é ¿por que non nos habilitan?, ¿por que no se quere firmar ese convenio? ¿Hai algunha senda oculta? Entendo que non, ningunha senda oculta, estou seguro de que non.

Mire, a Xunta sabe facer as cousas, demostrámolo hai moi pouco tempo: gañámoslle ao Estado 200 millóns de euros. Eu digo que o Estado ou o faga ou o deixe facer, e o deixe facer con garantías, que isto non sexa unha especie de nova saída do estado de alarma, como a especie do perro do hortelano. Eu de verdade, señor Aranguren, podo dicirlle que ten fío directo co secretario do Estado, chámeo; chameino o luns, non me colleu. Onte chamoume el a min e non o puiden coller, hoxe á mañá volvino chamar ás 8 da mañá, non me respondeu.



Pero unha cuestión, xa que vostede presume tanto de contactos, eu pídolle que fale cos seus representantes de Madrid...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡silencio!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...e que lle diga literalmente que, se mañá asinamos o convenio, a Xunta de Galicia pasadomañá comeza coa incoación. Creo que temos solvencia demostrada, creo que temos currículo de sobra, acabamos de falar da Casa Cornide, acabamos de falar da protección que estamos plantexando ás estatuas do Mestre Mateo e á biblioteca de dona Emilia, para que ninguén poida nin tan sequera pensar que hai unha mínima débeda moral ou política coa familia do ditador Franco, ningunha. Vostedes o que intentan é intentar crear un relato que pode ser interesante para o seu autoconsumo, non o discuto, pero que en todo caso non é produtivo para Galicia. O produtivo para Galicia é que cumpramos o mandato parlamentario, que unamos forzas, que colaborem, que asinemos un convenio que nos dea seguridade, certeza e coherencia xurídica, e, insisto, nós queremos facelo, queremos facelo con todas as garantías. Se mañá firmamos o convenio, pasado poden ter a absoluta seguridade de que comezaremos a traballar na incoación do expediente, que todos desexamos o mesmo, absolutamente desexamos o mesmo e estamos nunha discrepancia xurídica...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...onde aportamos unha solución que nos posibilite chegar a bo porto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pois a ver se deixan de comunicarse os teléfonos e falamos todos.

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da presenza do galego no mundo dixital

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Hoxe á mañá vertíanse nesta cámara parlamentaria verbas como a época negra, o fracaso da política lingüística, que o Goberno está coa hora cambiada, palabras da esquerda. E, claro, despois de que falaran os galegos e as galegas o 13 de xuño do pasado ano, concluímos que quen segue na época negra é a esquerda, que segue sen darse conta de que os galegos e as galegas non queren que se utilice a lingua como arma de confrontación, como pretende o Bloque Nacionalista Galego.



Aí non nos atoparán, señorías, porque os galegos e as galegas utilizan o galego e o castelán indistintamente no uso diario, e sen imposición.

Dende logo, señor conselleiro, a nosa lingua ten presente e ten futuro, e nese futuro é no que queremos que siga apostando o Goberno galego, como fixo ata o de agora. As verbas negacionistas do Bloque Nacionalista Galego poñen de manifesto que seguen inmersos no pasado e a imposición impídelles traballar por un futuro pola lingua galega. Sen embargo, conta, señor conselleiro, co apoio do Grupo Parlamentario Popular, da súa aposta de futuro polo sinal de identidade, lingüístico e cultural como é a nosa lingua galega.

Nestes momentos, estase a producir unha auténtica revolución tecnolóxica a nivel global, un proceso de cambios sen precedentes que se viu acelerado polo contexto sanitario social. A tecnoloxía lingüística é un dos piares deste proceso. As linguas están presentes en todo tipo de recursos e ferramentas dixitais que están cambiando a forma en que os cidadáns se relacionan e se comunican. Sen embargo, polo volume de potenciais usuarios, estas tecnoloxías adoitan estar dispoñibles só nos idiomas con maior número de falantes, o que leva as linguas minoritarias a quedar fóra. A nosa comunidade non é allea a todos estes avances e por conseguinte tampouco o é a lingua galega. Hoxe existe unha reducida cantidade de produtos, tecnoloxías e recursos deseñados para o galego, sobre todo se se ten en conta o seu carácter de lingua maioritaria no noso territorio e a súa proxección á pertenza á lusofonía. Para reverter esta situación, as administracións públicas deben xogar un papel clave, favorecendo a presenza do galego no mundo dixital para que dea un salto cualitativo e cuantitativo no ecosistema dixital. Pensando nese futuro, señor conselleiro, que liñas prevé a súa consellería para favorecer a maior presenza no mundo dixital.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten a palabra o señor conselleiro de Cultura.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Creo que no debate da mañá quedou moi claro que o máis importante neste ámbito de xestión e de política é pensar no futuro, prepararnos para o futuro. E a verdade é que estamos nunha auténtica revolución tecnolóxica que obviamente nos afecta a todos, a forma de vivir, de relacionarnos de comunicarnos, e obviamente nesta revolución tecnolóxica que se está acelerando nos últimos tempos, a lingua galega non pode quedar fóra dos novos usos tecnolóxicos. Temos, por iso, a obrigaón de adoptar decisións transcendentais, de calado, con vocación de país e que sobre todo pensen, como dicía antes, no noso futuro.

Dentro deste marco xeral, enmárcase o proxecto Nós. O proxecto Nós para nós é un proxecto absolutamente estratéxico que pensamos que vai marcar unha diferenza, un antes e un despois na lingua galega, na presenza do galego no mundo dixital, que vai situar Galicia na vangarda do que é a tecnoloxía da linguaxe, do que é a aplicación da intelixencia artificial á linguaxe e á interrelación entre a persoa e, neste caso, as máquinas, que vai garantir que



Galicia e o galego poidan participar no mundo dixital e que, en definitiva, pois é un piar fundamental para o futuro da lingua.

Vén responder este proxecto a un dos grandes retos, que é respectar o pasado sempre pero mirando sempre tamén cara ao futuro. E neste caso o que queremos facer é poñer á disposición da sociedade, do conxunto da sociedade unha serie de recursos e ferramentas lingüísticas que nos peritan desenvolver produtos tecnolóxicos: sintetizadores de voz, recoñecedores de fala, xeradores de linguaxe natural, sistemas de diálogo, tradutores automáticos, correctores automáticos; moi simplificado, poderíamos dicir que poidamos falarlles en galego a Siri ou a Lexis, algo que habitualmente facemos en castelán ou noutras linguas, e isto é algo que o proxecto Nós ten esa vocación.

Sen dúbida a lingua é a parte máis rica, unha das partes máis ricas do noso patrimonio e nace con esta finalidade, con esta finalidade de preservar e manter a nosa lingua e a nosa cultura, pero tamén ten outra finalidade, porque este proxecto ten un efecto directo, moi importante da perspectiva económica, non só dun investimento público que se vai realizar, senón que, unha vez que teñamos os recursos, as bases de datos os teñamos e se poñan á disposición das empresas, da sociedade para que desenvolva en certa medida aplicacións de diferente tipo, podemos toparnos cun investimento e cun tirón económico de arredor de 45 millóns de euros.

Obviamente, isto imos presentalo aos fondos Next Generation, contamos que saia e, de non ser así, a Xunta de Galicia obviamente vai seguir apostando polo mesmo, irá a outro ritmo...

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...pero tamén agardemos que neste caso o Estado sexa sensible e aprobe este proxecto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para a réplica ten a palabra a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, escoitei atentamente a súa intervención sobre o proxecto Nós e dende o Grupo Parlamentario Popular queremos trasladar os nosos parabéns a vostede e a todo o seu equipo, porque estamos seguros de que, como vostede dicía, é un proxecto estratéxico, un proxecto ambicioso que marcará ese antes e ese despois na interacción da nosa lingua no mundo dixital.

Na súa intervención comentaba que o proxecto pretende crear recursos, ferramentas lingüísticas que se porán á disposición da sociedade, do tecido produtivo; como dicía, sintetizadores de voz, sistemas de diálogo ou mesmo tradutores automáticos.



Xa para rematar, e sempre que sexa posible, comentaba vostede que se pretendía mobilizar preto de 45 millóns de euros, dentro desa mobilización queremos preguntarlle, se é posible, que impacto provocará no emprego. Agradecendo esa aposta innovadora e o traballo que desempeña en materia lingüística a súa consellería, animamos a seguir traballando e seguir apostando pola nosa lingua, xa que sen dúbida forma parte do noso máis valioso patrimonio.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Vázquez Domínguez.

E para a quenda de réplica ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Grazas, señora deputada.

Nós ten dúas patas, dous pilares, unha pata de carácter puramente cultural, de defensa da lingua, de promoción da lingua cara ao futuro, e unha parte económica que ten que ver co desenvolvemento de aplicacións e de produtos que posteriormente se poidan incorporar á vida cotiá dos galegos e das galegas.

É un proxecto de país, como dicía, e parte dunha colaboración público-privada significativa, e non o facemos sos, a Xunta de Galicia non está soa neste proxecto, senón que ten fantásticos e magníficos socios: a Universidade de Santiago a través do seu Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes, do CITIUS; tamén a Universidade de Santiago a través do Instituto da Lingua Galega desta universidade; por suposto, organismos transversais da Xunta de Galicia, como é a Amtega; tamén o propio Centro de Humanidades Ramón Piñeiro. En definitiva, temos os mellores socios posibles para poder desenvolver un bo proxecto.

E, como dicía, hai unha visión cultural fundamental para garantir o futuro da nosa lingua e proxectarnos nun marco tecnolóxico inescusable que xa está aquí, xa non é o futuro, xa é o presente. Pero, por outro, tamén ten unha parte que vai favorecer o desenvolvemento empresarial, a creación de emprego, o emprego especializado, o emprego de calidade, porque a idea é crear un banco de recursos tecnolóxicos, lingüísticos, en formato libre, que posteriormente calquera aplicador, unha empresa que desenvolva aplicacións, unha institución pública ou un cidadán que queira desenvolver un produto neste ámbito poida acceder gratuitamente e poida desenvolver unha aplicación que posteriormente poida situarse no mercado e poida ter saída profesional e saída laboral. Estamos apostando, como digo, por un alto nivel de cualificación de especialización; calculamos, os datos que manexamos é que poidan xerarse arredor de 450 empregos vencellados ao desenvolvemento de aplicacións vinculadas co uso da lingua. E xera, como xa digo, riqueza cultural, riqueza lingüística, pero tamén riqueza económica e riqueza laboral, e favorece a creación de emprego especializado.

Como xa dixen, Nós nace cunha clara vocación de presente pero sobre todo mira para o futuro para mellorar a competitividade das nosas empresas, para favorecer, reter e impulsar



o talento en novas tecnoloxías, para garantir e posibilitar o protagonismo dixital da lingua galega do mundo, e, en definitiva, para que a lingua galega estea en pé de igualdade con outras linguas cada vez máis presentes no mundo dixital, que está completamente asentado e cada vez máis na nosa vida cotiá e na nosa actividade produtiva.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e 7 deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o investimento que vai realizar a Xunta de Galicia no ano 2021 en axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

«Por lo general, paga tributo a otra manía insólita y funesta en la mujer. Y es su mala dada afición a leer toda clase de libros, a aprender cosas raras, a estudiar a troche y moche, convirtiéndose en marisabidilla, lo más odioso y antipático del mundo». Así denunciaba Pardo Bazán con estas palabras que aquelas mulleres ás que lles gustaba adquirir coñecemento e aprender cousas, ser cultas, eran desprezadas e desprestixiadas, xa que a educación da muller da época era entendida doutro xeito: *«la educación de la mujer no puede llamarse tal educación, sino doma, pues se propone por fin la obediencia, la pasividad y la sumisión».* Así vía Pardo Bazán a muller da súa época, denunciou as desigualdades e foi un referente feminista do seu tempo. Hoxe conmemoramos o centenario da súa morte e dende aquí queremos honrar a súa figura e a súa aportación á cultura e ao feminismo contemporáneo. (Aplausos.)

Señora conselleira, na actualidade moitas mulleres seguen atopándose con obstáculos que impiden a súa plena inclusión social, máis aínda se son vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual laboral, inmigrantes, emigrantes, retornadas ou refuxiadas, aquelas que pertencen a unha minoría étnica, son reclusas ou exreclusas, mulleres que teñen algún tipo de discapacidade, que se enfrontan nestes supostos en moitas ocasións a unha dobre discriminación.

Por este motivo, a promoción da igualdade entre mulleres e homes debe ser un obxectivo básico e prioritario para aqueles poderes públicos que aspiren a un verdadeiro avance social, como é para a Xunta de Galicia, que destaca pola inclusión do principio de igualdade como eixo transversal nas políticas autonómicas. E así en Galicia dispoñemos de instrumentos lexislativos, como é o Decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais de Galicia en materia de igualdade; ou plans como o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020; e de recursos públicos orientados á igualdade, e neste punto destacan entre outros as axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada destinada en exclusiva a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. Estas axudas cumpren o obxectivo de



dar resposta ás necesidades de mulleres en situación, como dicía antes, de especial vulnerabilidade e impulsar a súa participación e tomar en consideración as súas necesidades específicas en colaboración co terceiro sector de acción social, peza clave do progreso social.

Señora conselleira, queremos preguntarlle: ¿a canto ascende o investimento para 2021 da Xunta de Galicia para as axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada para mulleres vítimas de violencia de xénero con especial vulnerabilidade?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Prado del Río.

Ten a palabra a señora conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta. E boas tardes.

Señora Prado, pregunta vostede por unha das varias iniciativas que ten a Consellería de Emprego e Igualdade para o apoio á atención especializada ás mulleres máis desfavorecidas. E, en concreto, son estas un plan de axudas a entidades de iniciativa social para a posta en marcha de programas específicos para estas mulleres.

Pregunta pola dotación orzamentaria. Son 1,4 millóns de euros que posibilitan a execución destes programas que teñen por finalidade fomentar a igualdade de oportunidades para as mulleres a través de instrumentos que afondan na promoción de maior autonomía e maior independencia para as mesmas. Son 1,4 millóns de euros que están divididos en dous programas concretos: un, destinado as mulleres xestantes ou lactantes, con fillos e fillas menores de 3 anos pero en situación de especial vulnerabilidade; e outro máis xeral, de atención personalizada para todas as mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Grazas a estas axudas coas que subvencionamos 84 entidades de iniciativa social podemos dar apoio a preto de 2.500 mulleres en situación de vulnerabilidade. Falamos, entre outras, de vítimas de violencia de xénero, de vítimas de explotación sexual laboral en redes de prostitución ou trata, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, mulleres de minorías étnicas, dependentes de consumo de substancias tóxicas, perceptoras da Risga, reclusas ou exreclusas, transexuais, mulleres con discapacidade, mulleres sen fogar..., como digo, entre outras moitas.

É necesario tamén sinalar para que van destinadas estas axudas. Van destinadas a toda unha rede de coidados, a toda unha rede de servizos que, como digo, promoven a mellor inclusión destas mulleres máis desfavorecidas. Os servizos prestados son fundamentalmente servizos de atención psicolóxica, de asesoramento xurídico a estas mulleres, de mediación tanto intercultural como familiar, e tamén de formación para a adquisición de habilidades para a súa empregabilidade, pero tamén de asesoramento persoal, social e laboral.



Resumindo, levamos xa, dende o ano 2009, 13 millóns de euros investidos en axudas a estas entidades para este tipo de programas. Permitiron desenvolver 682 programas e mellorar o benestar de máis de 59.000 mulleres que, como dicimos, son todas elas mulleres de Galicia en situación de especial vulnerabilidade.

Por último, poñer en valor o traballo destas entidades de iniciativa social, que en Galicia levan todos estes anos colaborando coa Administración autonómica e prestando, polo tanto, toda esta serie de servizos de inclusión a estas mulleres que se atopan na situación máis débil dentro da nosa comunidade autónoma.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, efectivamente, a atención ás vítimas de violencia de xénero non pode quedar só en programas de prevención, de sensibilización, senón que resulta fundamental, como acaba de explicar vostede, estas axudas non directas a elas, pero de xeito indirecto e a través de entidades de iniciativa social que fan un magnífico traballo na nosa comunidade autónoma. Chegamos, como dicía vostede, desde 2009 a case 60.000 mulleres e no último ano a 2.500 mulleres, que doutro xeito non chegaríamos de ningunha maneira se non fora grazas ao traballo que fan estas entidades.

Dende o Partido Popular cremos e fomentamos o pluralismo do benestar. A Administración non pode chegar a todas as partes, e tampouco chegaríamos nunca a atender e a prestar estes servizos a estas mulleres se non fora por estas entidades de iniciativa social, ás que desde aquí quero mandar a nosa felicitación polo magnífico traballo que fan, en moitos casos sen recursos, e outras veces en condicións moi precarias, e case que é un traballo de voluntariado practicamente. É a forza das persoas que están detrás de todas esas entidades a que fai que ese traballo saia cada día adiante e, dese xeito, poder chegar a moitas máis mulleres que doutra maneira, insisto, sería imposible acercar todos eses servizos e todos eses recursos que a Xunta de Galicia pon á súa disposición.

Non sei, señora conselleira, se nos pode concretar un pouco cal vai ser para este ano 2021 o investimento que ten previsto facer a Xunta de Galicia nestes programas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Pois moitas grazas, presidente.



As subvencións a entidades de iniciativa social como das que falamos agora mesmo son soamente unha das iniciativas desta consellería que desenvolvemos para paliar a lacra da desigualdade por razón de xénero en Galicia, pero sobre todo para protexer este colectivo das mulleres en especial situación de vulnerabilidade.

Como lle dicía, dende o ano 2009 acadamos xa máis de 13 millóns de euros en investimento en entidades de iniciativa social neste concreto programa. E está presupostado un apoio neste ano 2021 de 1,4 millóns de euros para atender, estimamos, 2.500 mulleres. Pero gustaríame sinalar que esta actuación, como digo, non é illada, é dicir, hai moitas outras actuacións e programas da consellería e a meirande parte deles en colaboración con esas entidades e en prol destas mulleres en especial situación de vulnerabilidade.

De todas elas si me gustaría destacar as axudas que damos para a realización de programas con cargo ao 0,7 do IRPF para a realización, entre outros, de proxectos de atención integral a persoas en situación de explotación sexual e de trata de seres humanos. E tamén diversos convenios que se asinan cunha importante representación do tecido asociativo da comunidade para atender precisamente as mulleres máis vulnerables co eido desta situación de Covid. Así, temos asinados convenios con cada unha das entidades que conforman a Rede galega contra a trata, asinámoslos xa no ano pasado e vimos de renovalos esta mesma semana. Aí intégranse ACCEM, Aliad-Ultreia, Cáritas Santiago e Ourense, Médicos do Mundo, Ecos do Sur, Fundación Amarante, Asociación Faraxa e Oblatas de Ferrol. E tamén o convenio que temos coa Fundación Juan Soñador para desenvolver un proxecto de empoderamento de mulleres migrantes, que é o Proxecto Malaicas.

Por último, tamén destacar outros proxectos para a comunidade xitana coa Fundación Secretariado Gitano. Tamén para asesoramento a mulleres con discapacidade, o convenio coa Asociación Acadar. E proximamente tamén asinaremos un proxecto co Proxecto Home para a intervención con mulleres con adiccións.

Como digo, polo tanto, todos estes programas, tanto as axudas polas que vostede, en concreto, preguntaba como esta continuidade de colaboración que mantemos coas entidades sociais de Galicia pois dan boa conta do traballo que estamos facendo en prol da promoción da igualdade, pero tamén da prevención e do tratamento da violencia de xénero cun colectivo moi específico que é as mulleres que están nesa situación de especial vulnerabilidade dentro da nosa comunidade autónoma. Traballo que, por outra banda, non poderíamos facer de ningunha maneira soamente dende a consellería, senón que precisamos e agradecemos o traballo que levan facendo durante moitísimos anos todas estas entidades sociais das que estamos falando e dalgunhas das cales teño dado conta aquí.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.



Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e D.^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Hoxe trouxemos esta fregona —vostede seguro que a identifica—, é a ferramenta de traballo de 10.000 traballadoras do sector da limpeza na provincia da Coruña. Con ela simbolizan desde hai días a súa loita na defensa dos dereitos laborais e salariais dun sector profesional que é esencial en calquera momento, pero que aínda o é máis desde que se iniciou a pandemia e a crise sanitaria.

Antes de máis quixera dirixirme a elas, porque sei que nos están escoitando, para parabenizalas e para mandarlles toda a forza en nome do BNG. Porque a historia, e máis para as mulleres traballadoras, non é un rei mago que vai por aí agasallando dereitos. Todos os que temos hoxe son o resultado de moita loita, de moito esforzo, de moita organización e de moita mobilización social como a que elas están dando. *(Aplausos.)*

Esta folga, conselleira, é moito máis que un conflito polo convenio colectivo do sector na Coruña, é unha resposta a todas as voces que consideran o salario de moitas mulleres como un complemento doméstico, tanto ten o que gañen. É unha resposta a todas esas voces que pensan como van poñerse en folga estas que limpan.

Habrá quen pense —quizais vostede mesma, conselleira— que esta folga e o convenio colectivo non vai coa Xunta, que son traballadoras da empresa privada, de grandes grupos como ACS, Eulen, Acciona ou Ferrovial. Pero son as mulleres que limpan o seu despacho e o meu, as que limpan os hospitais, as universidades, os edificios da Administración, os centros de ensino, os centros de saúde e o edificio de San Caetano. A Xunta é un dos principais clientes destas multinacionais con contratos millonarios asinados coa Administración pública, pero teñen as súas traballadoras na precariedade de xornadas parciais e baixo salarios que, no mellor dos casos, chegan a superar un pouquiño o salario mínimo interprofesional.

Por iso o que lle pedimos hoxe desde o BNG é que o Goberno galego, especialmente a súa Consellería de Emprego e Igualdade, asuman un papel activo, como se vostedes mesmas estivesen sentadas na mesa de negociación. Primeiro porque teñen unha responsabilidade como Goberno con todas as traballadoras deste país. Pero tamén e, sobre todo, porque a Administración, como contratadora de servizos, ten a obriga de dar exemplo e, ademais de predicar, dar trigo.

O sector da limpeza non perdeu nin un só euro nesta crise económica, moi ao contrario. As empresas non fixeron máis que engordar os seus beneficios. É hora de que sexan elas, as traballadoras, as que limpan, as que agora comece a gañar dereitos. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

En primeiro lugar, señora Rodil, aclarar cales son as condicións que teñen as empregadas e empregados que fan os servizos de limpeza nos edificios administrativos da Xunta de Galicia, onde, efectivamente, temos unha responsabilidade directa como empregador indirecto que somos.

E aquí o convenio colectivo que rexe para estes empregados non ten nada que ver co que se está negociando como convenio colectivo do sector da limpeza na provincia da Coruña. Entón convén sinalar aquí que a retribución mensual que teñen as nosas empregadas neste caso é un 10,7 % máis elevado que o salario establecido no convenio ao que vostede fai referencia, é dicir, 1.438,62 euros, establecéndose no convenio 1.298,98.

Complemento mensual por antigüidade que ten no noso caso o persoal cunha media de 6 trienios, falamos de 187,50 euros. Isto non se contempla tampouco no convenio provincial.

En canto á posibilidade de ter días por asuntos propios, no noso caso 11 días retribuídos, fronte aos 0 días retribuídos no convenio provincial.

En canto a vacacións, no convenio provincial 30 días naturais; no noso caso, ademais 2 días adicionais.

E, por último, xornada de traballo: 39 horas semanais no convenio da Coruña, fronte a 37,5 horas semanas durante 9 meses na Xunta e 30 horas semanais durante 3 meses que estipulamos nós, como lle digo, para os nosos edificios administrativos.

En canto ao papel da consellería como autoridade laboral na negociación dese convenio, por unha banda, penso que o que si ten que quedar claro é que o noso papel respecto da negociación do convenio colectivo se dá en dúas fases moi concretas dentro da dita negociación: o traslado que se fai do inicio da negociación á autoridade laboral e, a continuación, o rexistro e a publicación dese convenio. E que, por suposto, o convenio colectivo é mostra da autonomía colectiva e da negociación que fan os representantes dos traballadores e os representantes da empresa.

Aclarado isto, por suposto, e dígoo aquí con claridade, que a Administración pode establecer mecanismos de mediación, e nós estamos á disposición, como estamos sempre. Estamos á disposición, eu mesma como conselleira, como está a Dirección Xeral, como está o Consello Galego de Relacións Laborais. Pero tamén teño que aclarar que, como si ocorreu noutras ocasións e nos sentamos, como ocorreu con Alcoa, como ocorreu con Siemens, como ocorreu con Ferroatlántica e todas as veces que alguén se dirixe como representante dos traballadores no seu caso a esta conselleira, eu me sento con eles, pero ata o día de hoxe non se solicitou



ningunha intervención por parte nin da consellería nin, que eu teña coñecemento, no Consello Galego de Relacións Laborais, co cal o que non pode facer a autoridade laboral é interferir no proceso de negociación, que, como digo, é o resultado... ou o convenio colectivo é o resultado da autonomía da vontade das partes.

Pola nosa parte, convenio colectivo, Xunta e persoal que limpa nos nosos edificios administrativos, moi melloradas as condicións. A toda vontade eu como conselleira e, por suposto, todo o meu equipo para mediar e para intentar solucionar este conflito.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Dúas cuestións: unha, escoitándoa, parecería que son unhas privilexiadas. E unha das cuestións que queremos deixar claras desde o BNG é que non hai traballadoras de primeira e traballadoras de segunda, a responsabilidade da Xunta de Galiza ten que ser con todas e cada unha delas. (*Aplausos.*) Insisto en que non son nin de segunda nin de primeira.

E despois tómolle a palabra, absolutamente agora e ademais non en sede parlamentaria, porque ademais está gravado e estou absolutamente convencida de que moitas desas traballadoras nos están escoitando agora. Tómolle a palabra desa disposición de que, en canto se poñan en contacto coa consellería, con vostede mesma ou co seu equipo, as vai recibir.

Pero tamén isto non empezou hoxe, a Xunta ten un papel importante aquí e, cando se comezou a folga, nós tiñamos claro e o convencemento tanto as traballadoras, as organizacións sindicais como o propio Bloque Nacionalista Galego de que a Xunta de Galiza podía ter unha posición dirixida a favorecer o exercicio dese dereito fundamental como é o dereito de protesta e o dereito de folga das traballadoras deste sector ou, por exemplo, fixar uns servizos mínimos absolutamente abusivos por parte da Administración da Xunta de Galiza, de todas as súas áreas, e optaron precisamente por esa segunda opción, por fixar servizos mínimos absolutamente abusivos que impedían a esas traballadoras que vostede agora aquí tal e como presenta parecen unhas privilexiadas para torpedear, non quero excederme de máis, pero torpedear o exercicio dese dereito fundamental como é o dereito á folga.

Nós dixémolo moitas veces aquí desde o BNG: a Xunta de Galiza ten unha responsabilidade, primeiro, como autoridade pública, como autoridade laboral na garantía dos dereitos salariais e laborais das traballadoras; pero, en segundo lugar, tamén porque con ese volume de diñeiro e a Xunta de Galiza ten orzado para este 2021 setenta e sete millóns de euros públicos para subcontratas de limpeza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—xa remato— teñen unha responsabilidade moito maior. A súa capacidade de intervención diante...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...da patronal é enorme. Así que tómolle a palabra e terá noticias nos próximos... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil, xa rematou o seu tempo.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas.

Ben, eu creo que non se pode entender do que eu dixen que considere que son unhas privilexiadas as traballadoras da limpeza. Eu contesto coas condicións que teñen as traballadoras da limpeza na Xunta de Galicia porque é vostede a que di que, efectivamente, unha gran parte dos contratos da limpeza están contratados administrativamente coa Xunta de Galicia. E contéstolle dicíndolle que as condicións que ten a Xunta de Galicia non teñen nada que ver co que se sinala nese convenio colectivo. Todas esas melloras que están reclamando, melloras salariais, melloras de descanso, melloras de xornada de vacacións están recoñecidas no noso caso e creo que é necesario dicilo. É dicir, estamos falando dun 10,7 % máis de salario, estamos falando de 11 días retribuídos de asuntos propios e mais 2 de vacacións, e unha xornada 3 meses ao ano, xornada de verán e 2,5 horas menos á semana o resto do ano. Entón, por esa razón é pola que falo destas condicións. En ningún momento creo que se pode desprender da miña intervención que considere que son unhas privilexiadas.

Logo mestura vostede e fáleme da folga; vamos ver, a folga será respecto das outras traballadoras, entendo, das que están negociando o convenio colectivo. A folga está establecida nunha orde que foi publicada o 8 de abril e que, por suposto, se os servizos mínimos son abusivos pode impugnarse, como se fai moitísimas veces, e moitísimas veces eses servizos son corrixidos pola sala do Tribunal Superior de Xustiza. Entón, se vostedes consideran, vostedes ou a representación dos traballadores que os servizos mínimos non son adecuados, poderase recorrer. En calquera caso, coido que a pregunta versaba sobre a capacidade que ten a Administración de mellorar esas condicións.

Respecto das nosas traballadoras, están moi melloradas respecto do convenio colectivo da Coruña.

Respecto da capacidade de intermediación que nós temos: por suposto, existe unha asistencia técnica, unha mediación e un AGA no Consello Galego de Relacións Laborais formalmente establecido. Os representantes dos traballadores por suposto que os coñecen e terán que dicirlle ás traballadoras esa posibilidade que teñen. Penso que son eles os que teñen que informar as traballadoras.



¿Posibilidade de mediar informalmente desde a consellería? Eu mesma, por suposto, e a Dirección Xeral e a directora xeral de Relacións Laborais, toda. Non é que tome a palabra, é que o fago continuamente cada vez que unha representación dos traballadores ou incluso unha empresa se pon en contacto. E mostra son os exemplos que lle acabo de dicir e tamén son empresas grandes.

Entón pode tomar a palabra aquí como pode tomar a palabra a representación dos traballadores e, por suposto, da patronal. Pero, volvo dicir, é que os representantes dos traballadores non lles dixeron a estas traballadoras esta posibilidade, porque a min non me chamaron. É o único que estou poñendo de relevo. Entón, manifestar toda a dispoñibilidade por parte da Consellería de Emprego, por suposto, e manifestar tamén, que quede claro, que as condicións do persoal de limpeza nos edificios administrativos da Xunta non son as do convenio colectivo provincial da Coruña.

Máis nada, grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as intencións do Goberno galego de dotar o Hospital da Mariña, en Burela, dunha consulta de cirurxía vascular

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Ben, ao longo destes anos de goberno do Partido Popular, sobre todo nos últimos, vimos como os servizos ofrecidos polo Hospital da Mariña en Burela ían minguando e minguando e minguando sen parar, xa que son moitas as áreas que poderíamos afirmar que non contan coa dotación necesaria ben de medios, ben de persoal para poder ofrecer unha sanidade pública do século XXI, universal e de cercanía.

Mais os tempos son os que son para esta pregunta e imos afondar sobre todo na área da cirurxía vascular. E é que no día de hoxe calquera mariñán ou mariñá que teña algún tipo de doenza de tipo vascular tense que desprazar uns 100 quilómetros a respecto do seu domicilio para ser atendido sobre calquera tipo de doenza deste tipo vascular, sexan enfermidades sinxelas ou sexan máis graves.

Con isto xa poderíamos dicir que a situación é alarmante, mais, claro, temos que engadir que este tipo de enfermidades teñen unha grande prevalencia e, polo tanto, que afectan a un número moi elevado de xente, algo que evidencia que a non dotación deste servizo é aínda máis escandaloso.

E agora quería facer unha pregunta para todos, seguro que todos saben a resposta, todos e todas os que estamos aquí: ¿que ocorre cando o sistema público non garante un dereito a



moitas persoas? E eu penso que todos e todas sabemos que é que o sistema privado, o sector privado vai con todo con esa ofensiva a por todas a cubrir os servizos que non garante o Ser-gas neste caso. Pero, claro, só para algúns e algunhas, os e as que poden.

¿E isto que supón? Pois que esta sanidade pública, á que levan atacando xa durante décadas, non é nin pública, nin universal, nin de proximidade, nin do século XXI, e iso é o mínimo que se lle pode esixir ao noso Goberno galego.

Por iso lle vimos preguntar directamente, e agardamos que a resposta tamén sexa directa, se están dispostos e dispostas a dotar o Hospital da Mariña da consulta de cirurxía vascular.

Eu sei que seguramente nos vai sacar os múltiples metros cadrados de construción sobre o Hospital da Mariña en Burela, con cero servizos, por suposto, xa o adianto, e non lles caiba ningunha dúbida desgraciadamente. Mais o que nos interesa é se están dispostos a dotarnos desta consulta, unha consulta sinxela, básica, de mínimos, para poder poñer a andar este servizo e que polo menos poidamos levar a cabo intervencións de tipo ambulatorio como a retirada de varices, a realización de fístulas arteriovenosas para diálise ou as ecografías doppler.

Intervencións sobre todo, e isto é moi importante, que xa se teñen realizado en anos pasados e con moi bos resultados.

Eu penso que esta é unha mostra de que estamos a pedir actuacións sinxelas, básicas, cribles, de mínimos ou póñalle o adxectivo que lle queira poñer, coa vontade única e exclusivamente de mellorar a sanidade da Mariña, da nosa comarca.

E por iso lle volvemos preguntar: ¿están dispostos a dotar desta cirurxía vascular a Mariña? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castro, grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moi boas tardes, presidente, señorías.

Señor Castro, a verdade é que había tempo que non escoitaba tanta demagogia nunha pregunta nunha cuestión sanitaria. De verdade que me custa incluso seguir o guión que tiña previsto, porque unha cousa é a que vostede escribiu e a que acaba de dicir agora.

Estame vostede a dicir que cre que no Hospital da Mariña é preciso e é unha cuestión —non sei que adxectivos utilizou— dunha consulta de cirurxía vascular. Sería o primeiro hospital comarcal que ten cirurxía vascular, ¿e por que non neurocirurxía, señor Castro? Tamén podemos poñer neurocirurxía. Supoño que vostede saberá que, en certas habilidades sanitarias, o número de pacientes, a dispoñibilidade de facultativos, a experiencia é un factor funda-



mental. Mire, na provincia de Lugo hai un servizo de cirurxía vascular con oito profesionais e o ratio está sobre 76.000, máis de 76.000 persoas cidadáns por facultativo. ¿Cantos cre vostede que farían falta no Hospital da Mariña?, ¿con cantos sería suficiente segundo o seu experto coñecemento en cirurxía vascular para ter alí un servizo. É verdade, increíble.

Mire, no Hospital da Mariña hai máis servizos que noutras hospitais comarcais, probablemente polo seu tamaño e, dende logo, non falta ningún servizo dos de referencia nun hospital comarcal. E si, eu teño que falarlle dos metros, porque parece, traslada vostede que como se no Hospital da Mariña non se fixeran intervencións nos últimos anos. Si, acabamos de rematar unha, de 15 millóns de euros —non lle falo de metros, fálolle de millóns—, o día 14 remata o prazo para presentarse ás ofertas da licitación, da dirección de obra e proxecto básico, dunha nova reforma para seguir ampliando servizos. Pero, se non quere que lle fale de metros nin de millóns, podo falarlle das últimas actuación que se teñen feito dos servizos, podo falarlle de oncoloxía médica no Hospital da Mariña, podo falarlle da Unidade de Endoscopias, da Unidade de Retina, das consultas de osteomía. Podo falarlle da Unidade de Patoloxía Cervical, da Onxeografía Retiniana. Podo falarlle de cousas que están practicamente en todos os hospitais comarcais; pero, se vostede quere que lle fale de aspectos de cirurxía vascular, tamén lle podo falar do Servizo de Cirurxía, que é o que suele cubrir nos hospitais comarcais, como do que estamos a falar, os aspectos básicos da patoloxía vascular ou da..., fálame vostede do eco doppler como se non houbera radiólogos no Hospital da Mariña que fixeran perfectamente ecografía doppler.

Si que quero destacar unha relación excelente que hai no Hospital da Mariña e en xeral en toda a área sanitaria de Lugo entre os servizos de Cirurxía Vascular e todos os servizos e Atención Primaria que é ao final o que deriva. Hai un proxecto moi ben artellado de relación entre Primaria e Hospital que posibilita que a todos os cidadáns da Mariña e todos os de Monforte e todos os da área sanitaria de Lugo teñan acceso directo a un servizo de calidade no hospital de Lugo, dotado, como digo, de 8 especialistas que ademais ten docencia, por exemplo. Se fixeramos o que vostede suxire, que é, supoño, quitar dous ou tres, non sei, xa me dirá vostede despois cantos cre que teñen que estar na Mariña, non poderíamos ter docencia, por exemplo, no hospital de Lugo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Ben, conselleiro, desde a miña humilde posición, coñecemento sobre cirurxía vascular e demais eu recoméndolle que a próxima vez que vaian á Mariña diante do hospital detrás dunha faixa tremenda que pon sanidade pública lles diga aos mariñáns e ás mariñás e a todos os doentes que se curen con formigón e con cemento. (*Aplausos.*) Ao mellor funciona. Porque, como lle dixen, este tipo de intervencións xa se facían hai tempo e con bos resultados. E, sobre todo, porque a idea que pode trasladar aquí é que ter unhas intervencións mínimas



básicas —recalquei o de básicas— de tipo vascular, falamos de vascular, pero xa lle dixen, poderíamos falar de pediatria, de cardioloxía, de resonancias, de fisioterapia, dun longo et-cétera. O que non pode ser é que este tipo de intervencións básicas se consideren un luxo, e eu vou ir a unhas preguntas concretas. ¿Vostede cre que unha sanidade pública que non garante un servizo de proximidade é unha sanidade de calidade? E, ademais, concretamente e voules poñer un exemplo concreto: ¿vostede cre que unha sanidade que non garante que se poida facer unha intervención de varices é unha sanidade de calidade, dentro do ámbito comarcal? Evidentemente non, e desde o BNG ímolos seguir dicindo.

E tamén ten bastante que ver e é a casualidade de que todas estas eivas veñen a raíz da perda da área sanitaria, que eu sei que molesta moito que digamos que queremos área sanitaria, pero seguiremos así sendo pesados, e seguiremolo recordando que na Mariña e en todas as comarcas tamén do noso país hai que recuperar todas as áreas. Porque, se non, só nos deixan pensar, nós non queremos ser malpensados, pero só nos deixan pensar que isto só o fan polo beneficio da sanidade privada, que, por certo, tantos beneficios está tendo, polo menos na comarca da Mariña a raíz de todo isto. E, sobre todo, que dentro da súa maneira de pensar centralizadora ata lle farían un favor a grandes hospitais, como o de Lugo, filtrando as intervencións máis básicas para que non teñan que atendela aí todo.

Recuperen a área e...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: ... [] desta consulta de cirurxía... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Non esperaba menos demagogia na segunda que na primeira. É increíble. (*Aplausos.*)

Primeiro, non coñezo a sanidade privada da Mariña como parece que coñece vostede, pero xa despois llo preguntarei ou se me fai chegar cantos cirurxiáns vasculares hai na comarca da Mariña operando varices. Despois dimo.

Volvo insistirlle, señor Castro, a carteira de servizos dos hospitais comarcais faise con moitos criterios, pero un fundamental é o da calidade, así teño que dicirlle que operar varices en Burela probablemente sería un erro e unha perda de calidade para os habitantes da Mariña, salvo que vostede me diga que ten que haber catro cirurxiáns vasculares para ter experiencia e garantir...

(*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...¿perdón?, si... Despois falamos dos [...] se vostede quere.



Digo que, se quixeramos ter un servizo de calidade na Mariña, teríamos que ter un número axeitado de cirurxiáns vasculares pero ao mesmo tempo terían que ter pacientes. E na Mariña, por sorte ou por desgraza, creo que por desgraza, non chegamos aos 70.000 habitantes de referencia, e iso non dá para un cirurxián vascular, señor Castro, non dá para ter experiencia, non dá para ter casos, nin sequera para as varices. Eu non sei, recoméndolle que lea un pouquiño máis sobre o número de casos mínimos que ten que facer un cirurxián vascular na pública ou na privada, é o mesmo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

¡Silencio! Cando vostedes falaban, o conselleiro escoitaba atentamente. Así que, por favor, fagan o mesmo agora. Fagan o mesmo agora, de verdade, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Non, non fixen ningunha pregunta. Dígolle que despois, se vostede quere, me di cantos vasculares traballan nese paraíso que temos montado na Mariña, operando varices nesa comarca.

Falando en serio e falando con criterio, seguimos apostando polos hospitais comarcais en servizos básicos de proximidade, seguimos apostando pola boa relación entre as áreas sanitarias, incluída a primaria e as áreas de referencia, xa sexan distritos ou hospitais de referencia, nunha precisamente busca da mellor calidade posible, da excelencia, de ter capacidade de traer profesionais a un sitio, neste caso como a Galicia, onde non é doado, ás veces, que certos especialistas poidan acudir, concentrando o equipamento, facendo que profesionais doutras categorías e outras especialidades poidan complementar, en definitiva, buscando darlle, de verdade, mellor atención sanitaria a estes pacientes non darlles demagogia, que é o que parece que o señor Castro quere trasladar hoxe aquí.

Supoño que o BNG empezará a preguntar agora por que non hai vascular noutras áreas sanitarias, ou por que non temos radioterapia, que ata me pareceu escoitar que falaba de radioterapia en Burela.

Bueno, repito, demagogia pouco coñecemento sanitario e, dende logo, pouco interese pola calidade dos procesos asistenciais.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D. Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns para non chamar a vacinar as persoas aseguradas mediante mutuas privadas na orde e momento que lles corresponde en Galicia

Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Torrado Quintela.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, boa tarde.

Falando de vacinación, hai que empezar, como nós facemos sempre, recoñecendo a dificultade do proceso, a súa complexidade, pero alegrándonos de que hai boas novas. En xeral o proceso vai razoablemente ben, pero hai novas sobre este proceso de vacinación que hai que celebrar, polo menos desde o noso punto de vista.

A avaliación que fai o ministerio da vacina de Janssen para a franxa de 50 a 59 a partir de agora, e incluso o recoñecemento da utilidade desa vacina que vai usarse no proceso para colectivos que é importante como os de difícil captación, as persoas sen fogar os migrantes en situación irregular ou incluso para colectivos máis vulnerables, como persoas con enfermidades mentais ou algún tipo de discapacidade, todas esas son boas noticias.

Tamén é boa noticia que afirmou no día de onte onte, antonte, o señor Pedro Sánchez os cen días redondos para o 60 % da vacinación. É certo que a vostede non lle gustou, afeouna onte. Por certo, lémbrolle que, no mesmo momento en que vostede afeaba iso, o señor Feijóo dicía que iríamos sen mascarilla polas rúas dentro de dous meses, debe de ser que iso non lle pareceu tan triunfalista e unhas apláudeas e outras non. (*Aplausos.*)

En todo caso, hoxe veu de afirmar o señor Feijóo que seguimos sendo a segunda comunidade autónoma que máis vacina na primeira dose; creo que vostede e mais eu resolvemos iso amigablemente onte sabendo que era mentira, pero ao señor Feijóo que máis lle da, tampouco, a verdade, ao señor Feijóo, esa relación de amor-odio imposible.

Pero, a pesar de que o proceso vai razoablemente ben, e o Sergas está colaborando co ministerio razoablemente ben, hai algunhas ineficiencias. Hai 90.000 mutualistas aproximadamente en Galicia que non foron chamados aos cribados, en ningún caso, ou en casos moi illados e que non están sendo vacinados no proceso no momento en que lles corresponde. Agora están empezando a corrixirse esas eivas. Están vostedes tan preocupados en buscar problemas contra o Goberno do Estado que se olvidaron de buscar algunhas solucións para algunhas ineficiencias que poderían ocorrer no sistema.

Conseguir datos é difícil e ademais facer a xestión de grandes datos é complicado. Por iso nós, tamén por iso, lle demandamos dende hai tempo que é necesario contratar máis persoal para a vacinación, non hai nada máis importante que vacinar.

Sen embargo, vivimos agora unha época onde un goberno no que eu estou seguro de que calquera cidadán que teña algún problema con Facenda, Facenda vaino localizar instantaneamente. Non creo eu que Facenda vaia deixar pasar o tempo. Sen embargo, se hai que vacinalo, o Sergas non é tan eficiente. E nós o que demandamos é ese nivel de eficiencia, sendo este un problema que está empezando a resolverse de agora. O secretario xeral técnico da consellería dixo o outro día —e pareceunos, a verdade, exemplar— sobre o asunto, que, en canto se empezou a vacinar polos grupos de idade correspondente, empezouse a pedir-lles as mutuas os datos dos mutualistas, e plantexámoslle o mesmo que lle plantexamos hoxe:



¿por que tanta ineficiencia? Porque empezar a pedir os datos cando se empeza a vacinar supón que se vai chegar tarde. ¿Por que facelo así e cando van empezar a equiparar de verdade o proceso dos mutualistas para saber que non van ter ese problema no futuro?

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): É evidente, señor Torrado, a verdade é que demagogia nesta pregunta tamén houbo bastante, non tanta como na anterior, pero tamén houbo bastante. Un par de datos: a min non me pareceu mal a afirmación do presidente Sánchez, que é como lle gusta a vostede que digamos, onte pareceume aventurada e arriscada, punto 1. Punto 2...

¿Dime vostede algo?

O señor ARANGÜENA: E que é presidente.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): É que dixeron presidente Sánchez, ¿tamén lle molesta?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Arangüena, silencio. ¡Silencio! Deixen de molestar cando están falando, de verdade. Que deixen de molestar cando están falando, por favor.

Ten vostede a palabra, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Digo que o presidente Sánchez fixo hoxe unha afirmación que a min me pareceu ariscada, e díxeno aquí, que non creo que non teña iso nada de malo.

E grazas polas palabras de ánimo ao proceso de vacinación, agradécense, como sempre. Creo que onte discutimos amigablemente e non chegamos á conclusión de que Galicia non fora a segunda comunidade de maiores de oitenta e a segunda de maiores de 60, chegamos precisamente á conclusión de que si. Vostede dicía que era a que mellor ía porque tiña moitos maiores de 60 anos, pero iso foi o que acordamos ao final, non o outro. Galicia —e non son eu quen saca os datos— está sendo unha das comunidades que nestes momentos mellor vai, pero tamén é certo que pode deixar de ser así, porque, como tamén comentamos antes, temos o problema das vacinas de Zeneca, pero non quero falar diso, porque xa falei onte dabondo.

E de verdade que do que pregunta vostede hoxe tamén falamos dabondo, como vostede ben dicía hai pouco tempo, porque esta pregunta xa a presentou vostede na Comisión 5ª, veu o secretario xeral que vostede acaba de dicir agora a contestar, non sei por que volve coa pre-



gunta. Pero eu contéstolle sen problema. Mire, tamén lle dixo o secretario que empezamos a vacinación dos maiores de 80 anos o 19 de febreiro. Pois a primeiros de febreiro, 18 días antes de empezar, pedímoslles os listados ás mutuas. Mire, nós non temos ningún problema coas mutuas, ningún. Hai uns mutualistas que escollen a principios de ano estar no Sergas; todos eses os vacinamos perfectamente igual que os traballadores e os asegurados do Sergas, exactamente ao mesmo tempo, e hai outros mutualistas que escollen estar nun servizo privado. Todos eles tamén os estamos a vacinar, pero nós non somos Facenda, señor Torrado, nós temos un sistema de información baseado na Tarxeta sanitaria e, cando nos trasladan os datos do xeito adecuado, podémolos citar e vacinar axeitadamente. Non estamos a deixar nin 90.000 mutualistas sen facer cribados, que non é certo, nin 90.000 mutualistas sen vacinar, que tampouco é certo.

Cribados: non creo que teña que explicarlle a vostede agora a diferenza entre un cribado e unha proba a un paciente individual. Os cribados, cando hai un tema laboral, os mutualistas entran perfectamente. Cando facemos cribados a persoal usuarios do Sergas, os mutualistas que non escolleron o Sergas non están nesa poboación diana, creo que iso tamén é fácil de entender. E na vacinación, como lle digo, a pesar das dificultades que tivemos cos listados que nos remitiron as mutuas, e tamén algún problema noso, que tamén hai que dicilo, están sendo vacinados ao mesmo ritmo que o resto dos cidadáns galegos e galegas aos que nos corresponde vacinar.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

A min paréceme ben que a vostede lle parecera arriscada a afirmación do señor Pedro Sánchez. Igual tamén lle chama demagogia, que hoxe está repartindo aquí carnés de demagogia cunha facilidade fantástica. Pregúntolle se lle parece tamén ariscado que o señor Feijóo dixera o do dous meses.

Do outro, vostede e máis eu acordamos amigablemente —como vostede dixo— que iamos ben pero que non eramos a segunda comunidade autónoma. O problema é que Feijóo dixo hoxe outra vez que eramos a segunda, que non pasa nada, que é un detalle. Dígoo porque empeza a parecer que o que di o señor Feijóo e o que di vostede igual non se están poñendo de acordo moitas veces, que discrepan bastantes veces. Eu xa llo dixen unha vez, eu fíome máis dos seus datos por experiencia e porque teño a sensación de que vostede non ten ganas de mentir. Do señor Feijóo xa non teño tanta claridade.

«¿Por que trae outra vez esta pregunta?» —dime vostede—, pois, mire, voullo explicar coa súa resposta. Porque o señor secretario xeral técnico da consellería dixo na primeira resposta que empezaron á vez que o resto da vacinación. Na segunda resposta, cando lle plantexamos que non nos parecía que fora un bo momento, dixo: ¡ai!, non, equivoqueime, antes de em-



pezar todo o proceso de vacinación, é dicir, en decembro. E agora vostede di que empezaron o 1 de febreiro. Tres respostas, tres datos distintos.

Se o problema está en que é unha cuestión —enténdame— relativamente menor, bastante menor con respecto a todo o proceso, pero o que sinala é que hai algunhas ineficiencias que vostedes están cometendo por non ter o número suficiente de profesionais para traballar no sistema de vacinación, porque con máis profesionais fariámolo mellor. Eu ben sei que os cribados son distintos que as probas individuais, pero tamén sei —como sabe vostede, e os dous sabemos que o outro o sabe, mire que xogo de palabras— que nos cribados non estaban sendo chamados aqueles que estaban polas mutuas privadas, e ese é un problema para o cribado porque entón non estamos cribando ben a poboación. E tamén sabemos os dous —e sabemos que o outro o sabe, repítolle o xogo de palabras— que empezaron tarde, e é o único que trasladamos na pregunta, aínda que a vostede lle pareza demagogia: ¿por que hai colectivos que empezaron máis tarde e cando van equiparalos, porque é ineficiente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...facelo mal. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Ben, breve referencia aos datos, unha vez máis. Mire, non é o que diga eu nin o que diga o presidente, é o que di o Informe do ministerio que publica cada día. Datos que trouxen eu onte na comparecencia, datos do día 10 correspondentes ao día 9: «Galicia, segunda comunidade...» (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) ben, vale, pois perfecto, o que vostede diga, señor Torrado. Repito que eu non veño aquí sacar peito, que podería ter motivos para sacar peito, non de min, senón dos profesionais que están facendo o proceso de vacinación. Pero non é o caso, creo que vostede pregunta por un tema en concreto e eu voulle responder.

Primeira resposta, unha vez máis. Os mutualistas galegos que escolleron o Sergas foron vacinados exactamente igual que calquera outra persoa asegurada no Sergas. Exactamente no mesmo tempo, no mesmo lugar e do mesmo xeito.

Segunda resposta. Os mutualistas que non escolleron o Sergas, escolleron un seguro privado —e que imos vacinar, por suposto, que estamos vacinando—, tiveron que facer un proceso previo de incorporación dos seus datos á nosa base de datos. E nese proceso —xa o contamos tamén, que repito e mandareille o correo para que teña vostede constancia— pedíuselles ás mutuas o día 1 de febreiro, 18 días antes de empezar a proba piloto de maiores de 80 anos —que é poboación xeral— e que empezou efectivamente o día 21 de febreiro, pois da orde de 20 días antes pedíronlles os datos. Foron chegando a contagotas, como chegaron outros



colectivos, que xa sabiamos que ía ser así, que ao non traballar coa base de datos poboacional do Sergas isto ía suceder. Sucedeu, houbo problemas técnicos —xa o dixen—, houbo problemas nosos tamén, nalgún caso dalgunha persoa que non chegamos a chamar a tempo, exactamente igual que os do Sergas, tamén temos pacientes do Sergas que, por distintos motivos, por algunha circunstancia achacable a nós, non puidemos vacinar en tempo. Pero non diferente cos mutualistas.

Si que quero insistir en que vostede parece que quere levar que este problema cos mutualistas ten que ver coa falta de persoal, totalmente falso ou erróneo pola súa parte. Nada que ver, o problema que estou dicindo que tivemos cos mutualistas ten que ver con ter que atacar un colectivo —atacar, no mellor sentido da palabra— que non estaba na nosa base de datos, que tivemos que incorporar dun xeito case manual, non no resto. Pode vostede ver toda a poboación que levamos vacinada, protexida polo Sergas, cantos temas temos tido deste tipo. Se a información está na base de datos non hai problema; de feito, cos mutualistas que non escolleron Sergas as cousas empezaron a fluír razoablemente ben cando os integramos na nosa base de datos. E, mentres iso non se puido facer, pois tivemos problemas, que si que temos que recoñecer, pero o problema era ese. E, dende logo, non ten nada que ver con ter máis ou menos persoal, porque mire a integración das bases de datos por sorte fainas un sistema informático, non as fai un PSX, un celador nin un facultativo. Non ten nada que ver con tema de recursos humanos, señor Torrado.

En todo caso —como digo—, están perfectamente incorporados, están ao mesmo ritmo que o resto de persoas aseguradas do Sergas. E confiamos en que en pouco tempo as rematemos, como estamos rematando agora mesmo o grupo de 60 a 69 —xa rematado—. E dende onte mesmo no grupo de 50 a 59, onde os mutualistas deste grupo —por certo, a maioría xa vacinados no ámbito educativo fundamentalmente— seguen a vacinarse igual que os do Sergas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Elena Candia López e 6 deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Consellería do Medio Rural da implicación do sector primario na convocatoria de Manifestación de interese de proxectos autonómicos promovidos por pequenas e medianas empresas

Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, o pasado 7 de outubro o Goberno central presentaba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Este plan que se definía como un proxecto de país



—así foi descrito— e que tiña unhas orientacións claras: a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego. Deste xeito, perséguese unha reconstrución sólida, inclusiva e resiliente da economía do noso país tras esta crise, que aínda non somos capaces de ver as súas dimensións derivadas pola Covid-19.

Esta planificación supón, sen dúbida, o adianto da resposta aos retos de futuro; en concreto, catro grandes retos identificados na transición ecolóxica: a transición xusta, a transición dixital e a loita contra o abandono e o despoboamento, así como o reto demográfico, eixos nos cales a Xunta de Galicia —o seu Goberno— xa viña traballando dende hai anos, máis dunha década, e continúa insistindo no contexto actual.

Neste sentido, e no marco deste plan, o Goberno galego sabemos e cónstanos que lle presentou ao Ministerio de Transición Ecolóxica e ao de Industria, Comercio e Turismo o Proxecto pola transformación de Galicia, como unha iniciativa transformadora que promoverá o desenvolvemento de catro proxectos tractores e catro proxectos transversais a través dos cales intentaremos abordar eses retos.

Ao abeiro disto, en consideración da importancia que posúe o sector primario, feito que podemos comprobar nas situacións máis críticas da pandemia —creo que todo o mundo miramos máis ao noso rural e puxemos máis en valor o noso sector primario—, e tamén se demostra con datos económicos, o sector primario representa practicamente o 7 % do PIB da nosa economía; unha parte deses tractores e deses proxectos transversais está encamiñada a apoialos.

Nesa liña, a Consellería de Medio Rural fixo un chamamento no pasado mes de marzo á participación mediante o lanzamento da convocatoria da manifestación de interese de proxectos autonómicos promovidos por pequenas e medianas empresas, tamén tan importantes no noso sector primario. Esta pretensión básica desta convocatoria de manifestación quería identificar os proxectos ou iniciativas que contribúan a definir as liñas estratéxicas de actuación do sector primario e do sector agroalimentario, que tantos postos de traballo xeran no noso rural e que tantos produtos de calidade aportan. Así, tamén para dirixirse a aquelas entidades interesadas en desenvolverlas co fin de maximizar o impacto dos proxectos promovidos e levar a cabo accións en áreas clave para o desenrolo do sector primario e agroalimentario galego, fundamentalmente nas zonas rurais.

Basicamente esta manifestación de interese respondía á busca de iniciativas para o desenvolvemento do emprendemento no rural galego, dinamizando a demografía e a economía das zonas rurais de Galicia, así como a mellora das explotacións agrarias co obxectivo de reforzar a súa sostenibilidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

Moitas grazas.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...e o impulso.



Prégolle, señor conselleiro...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Candia.

(A señora Candia López pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

(A señora Candia López pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa rematou o seu tempo, señora Candia.

(Aplausos.)

Ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, presidente.

Señorías.

Eu penso que esta pregunta ten moito que ver co que pasou onte aquí coa aprobación da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, porque precisamente nos amosa —como agora terei ocasión de expoñerlles a todos vostedes— a importancia e a transcendencia que ten a demanda de base territorial para as pequenas e medianas empresas —como moi ben dicía a señora Candia— do rural galego.

Por poñernos en situación, vostede está falando do polo para a transformación de Galicia, que, efectivamente, é unha iniciativa da Xunta de Galicia con 8 proxectos nos que no que se está traballando é para que veñan fondos europeos para esas pequenas e medianas empresas de diferentes sectores. En concreto, o polo para a transformación de Galicia afecta ao sector primario en dous eidos eu penso que moi importantes. O primeiro deles, no que se refire a un proxecto fundamental para o sector forestal, como é a biofábrica de fibras téxtiles sostibles. E, en segundo lugar, hai un proxecto dentro do polo para a transformación que ten que ver coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Pola vía de utilizar os instrumentos da Lei de recuperación plantexamos un proxecto de posta en valor, posta marcha de 18.000 hectáreas de terra abandonada e ata 200 aldeas modelo.

Ese proxecto presentouse —como ben dicía vostede— dentro do polo para a transformación de Galicia dúas manifestacións de interese: a primeira, a de transición ecolóxica e a do Ministerio de Industria. E, unha vez que tiñamos presentado e lle trasladamos ao Goberno central o interese que entendiamos que tiña en Galicia e dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia nacional, que se puidera apoiar un proxecto desta natureza. Nós entendemos que a comunidade autónoma ten capacidade para determinar cara a onde se deben de orientar os fondos Next Generation, entendemos que era tamén axeitado preguntarlles ás empresas do sector primario galego cales eran os seus proxec-



tos, con dúas finalidades: por unha banda, podelos incorporar a este proxecto de demanda de base territorial e, ao mesmo tempo tamén, poder orientar as liñas de axuda do próximo Feader.

Efectivamente, esta convocatoria fíxose no mes de marzo. Teño que dicir que nestes momentos está ampliado o seu prazo ata o 14 de maio, e que a resposta está sendo extraordinaria. E traslado o concepto de extraordinario a esta Cámara no sentido de que a día de hoxe —repito que aínda non acabou o prazo— temos xa 637 proxectos aportados a esa manifestación de interese. Interésame tamén trasladar que en todos eses proxectos establecemos como criterio fundamental a demanda de base territorial. Agora mesmo non podo concretar as hectáreas, porque aínda estabamos pechando os datos hoxe pola mañá, pero si é un número moi importante de hectáreas que están demandando. E non vén máis que a confirmar o que trasladabamos todos estes días cando falabamos da Lei de recuperación, que hai moita demanda de base territorial, que hoxe temos os instrumentos en Galicia a través da Lei de recuperación para poder dar cobertura a esa demanda de base territorial. E agora temos que tamén axudar entre todos a que o financiamento pola vía dos fondos Next Generation nos axude tamén a defender o noso sector primario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Non lle oculto que ese dato, dende logo, nos reflicte optimismo. En repetidas ocasións teño dito nesta Cámara que Galicia non se entende sen o noso rural. E vostede facía referencia a que esta mesma sesión plenaria, na mañá de onte, este Parlamento daba luz verde a un instrumento máis que nos permitirá abordar moito mellor preparados e con moita máis ferramenta os grandes retos do noso sector primario.

Pero sen dúbida —e sen que se interprete con ningún triunfalismo, con total humildade— esa cifra que vostede nos dixo agora aquí reflicte que temos, dende logo, un rural vivo, un rural con moitísimo futuro. E que, dende logo, as políticas que está poñendo en marcha o Goberno galego axudan a abordar esta nova etapa onde a colaboración público-privada, onde a consecución de fondos europeos nos poñen e nos sitúan dende logo nun escenario certamente de ilusión e con optimismo, a pesar, como sabe, das circunstancias tan difíciles que nos toca vivir.

Eu tamén lle pregaría que dentro desas 600, se fose posible, nos permitira concretar un pouco máis que iniciativas se poden identificar neses proxectos no noso rural que, sen dúbida, permitirán abordar tamén nunha moito mellor posición esa ilusión que temos por fixar poboación no noso rural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Candia.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Miren, a convocatoria de manifestación de hoxe —que, repito, era para proxectos autonómicos ligados ao sector primario— buscaba identificar iniciativas que persigan o desenvolvemento do emprendemento no rural galego dinamizando demográfica e economicamente as zonas rurais de Galicia, a mellora das explotacións agrarias para reforzar a súa sostibilidade, o impulso á bioeconomía, a transición enerxética como panca de atracción de actividades e poboación a partir da enerxía sostible e accesible, novos modelos de negocio agroalimentario adaptados á economía verde e á transición ecolóxica, e aumentar a produción orientada a produtos baixo selos de calidade diferenciada e obtidos de forma sostible e ecolóxica con criterios de rendibilidade social, económica e medioambiental. E, por último, desenvolver proxectos do sector agroalimentario que atendan ás compoñentes principais do plan nacional —faltaría máis—.

Eu como reflexión diríalle que me sorprende cando se fala aquí de grandes empresas e de cuestións que afectan ao polo para a transformación de Galicia, porque isto forma parte do polo para a transformación de Galicia e dirixiuse ás pequenas e medianas empresas do sector primario galego. Fíxense, están presentando proxectos a esta manifestación de interese dende o viticultor máis pequeno ata o gandeiro que ten pouca base territorial e demanda base territorial. E o Goberno galego o que fixo foi dar un formulario simplificado para que ata o máis pequeno deses empresarios puidera facer as súas peticións. E, de feito, eu mesmo e os directores xerais da Consellería de Medio Rural deron as pertinentes explicacións, fixemos webinars para animar a todo o mundo. E, repito, a resposta dende logo está sendo moi satisfactoria. Nestes momentos temos proxectos, por citar e responder ao que dicía vostede, de diferentes cooperativas tanto do ámbito de gandaría de vacún de carne como de vacún de leite, tamén no ámbito da viticultura, temos proxectos de horta, e temos dende logo moitísima demanda, e paréceme tamén importante poñelo de manifesto aquí nesta Cámara, para aldeas modelo; é dicir, existen empresas interesadas na construción e rehabilitación de aldeas modelo para diferentes finalidades, tanto as ligadas coa economía verde como coa economía prateada, co turismo, con diferentes finalidades.

O que queremos trasladar, e penso tamén que é importante, é que estas manifestacións de interese están facendo o que nos pide Europa, coñecer cal é o interese das empresas privadas, neste caso do sector primario galego, e a partir de aí ser capaces de orientar o que son os fondos públicos cara a ese interese empresarial.

E a min gustárame aquí trasladar dende Galicia ao Goberno central a importancia de que se teña en conta as comunidades autónomas no deseño do plan nacional. Está moi ben que fagamos as nosas aportacións, que as mandemos a Europa, pero sería tamén moi relevante que se teña en conta que quen coñece o sector primario galego é precisamente a Xunta de Galicia, a comunidade autónoma galega. E aquí os proxectos fundamentalmente demandan



base territorial, e a forma de conseguir acadar o obxectivo de base territorial para as nosas explotacións é, sen ningunha dúbida, poñer en marcha os instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.


Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rematados os puntos da orde do día, rematamos a sesión.

Remata a sesión ás seis e vinte da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

